areal

revista cultural de Sada

nº 24

xuño | 2022

editorial

Chega un novo número de *Areal* en tempos de crise e incerteza. Cos carros de combate pisando a vella pel de Europa e lembrándonos realidades pasadas que forman parte dun presente aterrador para moitos pobos do mundo (pobos e guerras que aquí non son actualidade por ficaren fóra de quen sabe que fronteiras). Desde esta revista de Sada, proclamamos o noso rotundo NON Á GUERRA. A ningunha guerra.

Chega un novo número de *Areal* en tempos de cambio para o colectivo que a edita. A A. C. Irmáns Suárez Picallo vén de renovar a súa directiva. Paco Pita deixa a presidencia logo de 14 anos de intenso e produtivo traballo. Un período no que a entidade conseguiu consolidarse e proxectarse, en boa medida grazas ao seu talante e ao seu bo facer, coordinando unha equipa que, con novas incorporacións e con moito entusiasmo, seguirá a conducir o temón da Asociación nos vindeiros anos.

Tamén nesta ocasión temos algo que conmemorar: o bicentenario do escritor e político José María Montes, figura relevante do XIX en Galicia que merece o recoñecemento do pobo de Sada, que o viu nacer e do que foi alcalde. Neste número, canda ás sección habituais, dedicamos espazo a abordar a súa figura.

Sen máis preámbulo, queda *Areal* nas túas mans para que, se o tes a ben, a leas e a difundas.

edita
A. C. Irmáns Suárez Picallo · Sada

coordinación e maquetaxe
Manuel Pérez Lorenzo

consello de redacción
Rubén Anido Regueiro, Laura I. Pita Campos,
Carlos Babío Urkidi, Mercedes Leobalde, Manuel Pérez Lorenzo

Imaxe das capas
Xosé Otero Abeledo, Laxeiro: Saturno devorando aos seus fillos. Fondos do Museo Carlos Maside (imaxe facilitada por Xosé Díaz)

revisión lingüística
Mercedes Leobalde

impresión
Gráficas Ocero

depósito legal
C 3217-2010

ISSN
2254-8688

tiraxe
1000 exemplares

contacto
info@suarezpicallo.gal

www.areal.gal

areal
revista cultural de Sada

A ENTREVISTA

Paco Pita, presidente da AC Irmáns Suárez Picallo entre 2008 e 2022: «para min foi unha gratísima honra representar á asociación»

REDACCIÓN

O pasado mes de febreiro, Paco Pita deixaba a presidencia da AC Irmáns Suárez Picallo. Desde a creación da entidade, en 2008, el foi a súa cara máis visible e unha peza chave para podermos chegar ata aquí. Hoxe Paco é todo un referente no tecido social de Sada e no asociacionismo cultural galego. Conversamos con el acerca deste longo periplo e do futuro dun colectivo do que segue a ser parte esencial.

Agora deixas a presidencia despois de 14 anos á fronte da A. C. Irmáns Suárez Picallo. Que valoración fas do tempo transcorrido como presidente desta entidade?

Asumir tal responsabilidade supuxo, no inicio, unha fonda preocupación, pois foi algo novo para min. Sempre me considerei un «aprendiz de presidente», pero foi moi gratificante, pois percibín apoio, interese e colaboración tanto dos compañeiros de Xunta Directiva como das persoas ás que me dirixín.

Despois de todos estes anos, que diferenzas atopas entre a asociación nos seus inicios e no presente?

Hoxe a ACISP está consolidada e é un referente non só a nivel comarcal, senón provincial ou autonómico, froito de moito empeño e difusión. Estamos a ver que hai interese nela por parte da xente máis nova e iso é fundamental pois asegura a continuidade.

«Hoxe a ACISP está consolidada e é un referente non só a nivel comarcal, senón provincial ou autonómico»

Que te levou a asumir o reto de participar na creación da A. C. Irmán Suárez Picallo, exercendo ademais desde o inicio como principal cabeza visible?

Eu ao principio, no ano 2007, tiña un coñecemento moi limitado dos irmáns Suárez Picallo, pero na procura de información atopamos tantos datos e documentos que xa cos restos de Ramón no Fiunchedo e concluído o ano dos Irmáns Suárez Picallo, entendimos que non podiamos rematar así e había que difundir todo o material recopilado. De aí que os que formabamos a Comisión e animados polo alcalde Abel López Soto (hoxe o noso secretario dilixente) acordásemos a creación da Asociación. Entón animáronme e propuxéronme como presidente a pesar da miña inexperiencia no cargo.

Poderías sinalar algún momento que fose para ti especialmente relevante?

Foron moitos os momentos a destacar que permanecen na miña memoria, desde a preparación en 2007 da traída dos restos de Ramón á organización das Xornadas sobre os irmáns Suárez Picallo, en maio e outubro de 2008, ao acto de despositar as cinzas de Ramón no Fiunchedo o 14 de outubro de 2008, coincidindo co 44 aniversario do seu pasamento na Arxentina.

Tamén o depósito dos seus documentos persoais, cedidos pola familia, no Arquivo de Reino de Galicia para a súa conservación e restauración.

Non esquezo o agasallo que nos fixo o escritor chileno-galego Edmundo Moure de máis de 800 artigos que escribiu Ramón durante a súa estadía como exiliado en Chile. Unha boa parte pódense ler na nosa web. As achegas de Hernán Díaz desde Arxentina e, despois de 10 anos de procura, o conseguir coñecer e difundir artigos publicados por Ramón na República Dominicana por mediación da pescuda que fixo nos arquivos do diario *La Nación* o médico Radhamés Hernández.

Non podo esquecer as exposicións dos irmáns Suárez Picallo, as do fotógrafo Francisco Varela Posse, de Ricardo Flores, de Manuel Lugrís e a publicación de libros sobre Ramón Suárez Picallo e o propio Lugrís.

Foron significativas para min as achegas recibidas de tanta xente: libros e documentos agasallados por José Mª Monterroso, Calros Silvar, Xosé Díaz e entidades como a Deputación, RAG ou o Arquivo de Betanzos; os materiais sobre Ricardo Flores doados por Martínez-Romero e Pilar Jeremías, por Luis Pérez e a familia sadense de Ricardo (os seus sobriños Marichelo e Andrés)... Libros e documentos que se están a catalogar, aínda que non temos polo de agora espazo para poñelos ao dispor dos asociados.

Ao longo destes anos estiveches en contacto con algunhas das persoas chave da cultura galega do século XX...

Certo é que desempeñar o dito cargo foi un privilexio moi gratificante, que me facilitou coñecer e tratar a Isaac, a Neira Vilas, a Pousa Antelo, Anisia Miranda, Mimina, aos presidentes da Real Academia Galega Barreiro Fernández, Méndez Ferrín, Alonso Montero, e, na actualidade, Freixanes; académicos como Axeitos ou Villares, historiadores como Beramendi, Grandío, Núñez Seixas, Alfredo Erias, Torres Regueiro, Xosé Antón Fraga; escritores como Xavier Alcalá, Xosé Ramón Fandiño, Victorino Pérez e poetas como Rodríguez Fer, Carmen Blanco, López Valcárcel, arquitectos como Soraluce, músicos como Miro Casabella, Mini e Mero, Raúl Gallego, París Joel..., museólogos como Felipe Senén ou Rosario Sarmiento. De non ser polo labor na Asociación, seguramente non os trataría. Tampouco a entidades como a RAGBA, Biblioteca do Consulado, a CRMH, Xermolos, Alexandre Bóveda, Eira Vella, Asociación Veciñal da Agra do Orzán, Instituto de Estudos Bergantiñáns... E o mesmo digo por todas as persoas



que colaboraron nas nosas publicacións tras solicitar a súa cooperación e que sinto non mencionar pero que aparecen relacionadas na web.

Como definirías o traballo que fai actualmente a AC Irmáns Suárez Picallo?

A Asociación neste intre está nas mellores mans, baixo a presidencia do profesor e historiador Manuel Pérez Lorenzo, «alma mater» da Asociación desde o seu inicio. Estase a potenciar o intercambio cultural con outras entidades e agrupacións. É tamén moi significativo o papel que desempeña no traballo sobre a memoria democrática, e a implicación na resolución dos tres Bens de Interese Cultural relacionados con Sada: as Torres de Meirás, a Terraza e o Museo Carlos Maside. Se está a traballar na divulgación audiovisual e nas redes sociais, e estanse a recoller as inquedanzas e colaboracións da xente moza sadense.

Cales pensas que poden ser os retos para o futuro?

Está claro que a nosa Asociación non acadou aínda o seu teito, pero coa «velocidade de cruceiro» que está a tomar, vai no camiño. Penso que hai que seguir incrementando a relación coas entidades galegas da outra beira do Atlántico, e tamén cos Centro Galegos do resto do Estado. Queda por difundir a importancia de Xohán Antón e desexo que agora o noso presidente se anime a non demoralo máis. É moi importante a sensibilización e implicación da xente nova nos proxectos que se leven a cabo. Aínda temos nomes vinculados con Sada merecentes de se coñecer máis a fondo.

«É moi significativo o papel que a asociación desempeña no traballo sobre a memoria democrática, e a implicación na resolución dos tres Bens de Interese Cultural relacionados con Sada: as Torres de Meirás, a Terraza e o Museo Carlos Maside»

«É moi importante a sensibilización e implicación da xente nova nos proxectos que se leven a cabo»

A Asociación apostou desde o comezo pola edición de publicacións como unha das súas liñas prioritarias de traballo. Como valoras os logros acadados neste sentido?

Como xa dixen, foi tal a cantidade de documentos recollidos que estimamos que era necesario difundilos mediante publicacións en papel. E aí xurdiu *Areal*, publicación semestral que xa está a acadar o nº 24. Dos *Cadernos de Estudos Locais* van xa 37 números e dos *Cadernos de Estudos Xerais* outros 20. Ademais, están os sete monográficos dedicados a Isaac Díaz Pardo, e os especiais que falan da revista sadense *Mariñana*, a Terraza e o mosteiro de San Salvador de Bergondo. Á parte dos libros editados.

Desde hai tres anos, grazas á colaboración e dedicación de Carlos Babío, temos unha web moi completa que axuda a difundir máis e mellor a nosa actividade. Temos que agradecer a colaboración do Concello de Sada e tamén da Deputación de A Coruña.

Deixas a presidencia pero non o teu compromiso coa Asociación. Cal vai ser o teu papel a partir de agora?

Sempre que poida dedicarlle tempo, tratarei de colaborar no que os compañeiros da Xunta Directiva así o estimen e agradezo que me teñan convidado a participar nas reunións que convocan. aínda que ata agora non o puiden facer por cuestións personais. Pero quero deixar constancia unha vez máis que para min foi unha gratísima honra representar á Asociación.

Durante estes 14 anos foron numerosas as persoas coas que tratei e que debería mencionar. Sinto non facelo pero, polas limitacións da publicación, quedan no tinteiro e na miña memoria cun profundo e leal agradecemento. Refírome aos compañeiros e compañeiras das distintas Xuntas Directivas, á inxente nómina de colaboradores e colaboradoras nas publicacións, que sempre responderon xenerosamente ás invitacións que lles fixemos, e tamén ás empresas e lectores. Todos sodes artífices de que a ACISP acadase o actual recoñecemento. Eu só servín, coas miñas limitacións, como nexo de unión para tal fin. Milleiros de grazas por todo o que recibín e aprendín, mais o prestixio acadado pola nosa Asociación neste intre é labor e colaboración de todos. Longa vida á Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo!

ASPACE

ASPACE Coruña é unha ONL (organización sen fins de lucro) dedicada á atención de persoas con parálise cerebral. Tratase da única asociación especifica nesta discapacidade na provincia da Coruña, por iso conta con persoal especialmente cualificado na materia.

Está situada en Sada dende 1983, concretamente no Casteliño, na parroquia de Osedo, se ben a súa actividade foi iniciada nun chalé en Cambre no ano 77, promovida por un grupo de nais e pais que buscaban recursos (por aquel entón practicamente inexistentes) para dar resposta ás necesidades dos seus fillos con parálise.

Co paso dos anos, a asociación foi medrando notoriamente e pasou de prestar os seus servizos a 25 nenos a nenas nos seus inicios a actualmente atender a 120 persoas dende os 3 ata os 78 anos.

A actividade de ASPACE Coruña está dividida en tres centros:

Un *centro educativo* onde unicamente se escolariza alumnado con necesidades educativas especiais e que conta cos recursos específicos necesarios para poder adaptar o currículo escolar aos seus alumnos. A este centro acoden nenos e nenas dende os 3 ata os 21 anos, en horario de 10:00 a 17:30 horas.

Un *centro de día* orientado a persoas con parálise cerebral fóra da idade escolar (a partir de 21 anos), cunha función asistencial e integradora para os usuarios e usuarias que asisten a el. Durante o horario de funcionamento

do centro (de 10:00h a 17:30h) tamén se proporciona o «alivio» necesario aos coidadores principais, garantindo o benestar dos seus familiares durante a súa permanencia en Aspace.

Un *centro residencial* que dá resposta ás necesidades de 50 persoas con parálise cerebral, 24 horas ao dia, 365 días ao ano. Estas respostas non soamente son dadas na parte asistencial, senón que están dirixidas a cubrir todas as dimensións da calidade de vida dos usuarios (benestar emocional, relacións interpersoais, benestar material, desenvolvemento persoal, benestar físico, autodeterminación, inclusión social e dereitos).

Ademais dos usuarios e as familias, a «familia ASPACE» tamén está formada por numerosos traballadores, entre os que nos atopamos con: técnicos do coidado, educadores, terapeutas, logopedas, técnicos de ocio e tempo libre, técnicos de deporte, psicólogos, fisioterapeutas, traballadoras sociais, administrativos, persoal de limpeza, cociña e lavandería, persoal de mantemento...

A nosa asociación é un potente xerador de emprego na vila, pois pechou o seu exercicio no 2021 con 116 traballadores. Ademais, no día a día conta con diversos provedores sadenses, revertendo así numerosos beneficios na localidade.

O máximo goberno de Aspace Coruña é a Asemblea Xeral, na cal teñen voto todos os chamados «socios de número» (pais/nais e titores das persoas que reciben os servizos da asociación) e a través da cal se escollen os sete membros da Xunta Directiva. Actualmente a presidenta deste órgano é Mª Carmen Barreiro e o xerente da asociación é Ricardo Iglesias.

Por outro lado, cómpre destacar a importancia dos «socios protectores», que son todas aquelas entidades ou particulares que contribúen cunha achega económica ao mantemento da asociación. Estas achegas poden facerse de forma puntual ou a través dunha cota.

Dende xullo de 2012 tamén contamos coa Fundación ASPACE, promovida pola Asemblea co principal obxectivo de exercer a tutela, curatela e representación daquelas persoas con parálise cerebral que o precisen.

A nosa actividade non remata aquí. ASPACE é unha asociación dinámica, en constante evolución e con ansia de mellora. Por iso no ano 2017 adquirimos un terreo de 15000 m² no Casteliño, no que esperamos, nun futuro, poder aumentar os recursos para as persoas con parálise cerebral e as súas familias.

Se queres coñecernos un pouco mellor podes facelo na nosas redes socias (In: @aspacecoruna FB: Aspace A Coruña) ou na páxina web www.aspacecoruna.org. E se che gusta o que facemos e tes interese en pertencer a esta gran familia, podes facelo a través do noso programa de voluntariado, ou ben colaborando con nos facendote socio protector, así nos axudarás a seguir medrando e ti poderás obter unha desgravación fiscal. Para apuntarse, basta con cubrir un formulario na paxina web citada anteriormente ou chamar ao telefono da asociación (981610312).

Mimina e a misoxinia na concepción da arte

AMARA FONTÃO

Dende a cabeza pensante que deu en poñerlle rodas a unha maleta por primeira vez á creadora do software, o recoñecemento das inventoras sempre se mantivo á sombra nun eido marcado por nomes propios masculinos. E, cando menos eu, nunca caera en pensar que «definimos a tecnoloxía en función do que fan os homes», como explica a xornalista sueca especializada en economía Katriene Marçal, nunha entrevista a *Eldiario.es* con motivo da súa última obra, titulada en castelán *La madre del ingenio.Como se ignoran las buenas ideas en una economía diseñada para hombres* (editorial Principal de los Libros).

Na arte acontece algo semellante, mais cunha acusada banalización das creacións feitas por mulleres ou relativas a nós, que chega incluso a excluílas do que se entende por arte. Falo da cociña, a moda, a novela 'rosa', a xoiería, contidos de revistas dirixidas a un público feminino...

Un caso paradigmático do velada que está a muller neste mundo é o de Mimina Arias de Castro: artista, empresaria e unha das socias fundadoras de Sargadelos, que non é recoñecida até referenciar ao seu home, Isaac Díaz Pardo. Chegar á súa figura non é doado, pero unha vez que se descobre que é a responsable das decoracións dalgunhas das vaixelas máis vendidas de Sargadelos e da creación da sección de xoiería desta empresa, semella xa «alta cultura». Que digo alta, altísima. Porque o papel que xogou Sargadelos no desenvolvemento da cultura galega da segunda metade do século pasado xa arrodea a Mimina nunha aureola de compromiso e desinterese persoal propia das causas pseudoperdidas e nunha onda intelectual sen a cal unha muller é tratada de decorado.

Resulta sospeitoso que a apreciación do traballo de Mimina chegue sen ser coñecida a cara da persoa que hai detrás dese traballo. E cabe preguntarse: que sorte correrían as obras das mulleres que publicaron con pseudónimos masculinos de teren usado o seu propio nome? Pero aínda hai máis do que falar sobre este enredo. Refírome ao desdén de cara a todo o que semella superficial e relacionado coa estética do día a día, pois parece que sen unha dose de abstracción consciente non existe a arte.

O desacertado desa crítica de cara á arte «baleira» de supostos valores e desas cousas que van «máis aló» radica na omisión do feito de que as mulleres estivemos historicamente á marxe da vida política e, malia os progresos, seguimos sendo valoradas en gran medida pola sociedade enfunción de calidades que non teñen precisamente que ver co intelectual. Polo tanto, atopámonos nunha situación na que se nos reforza por desenvolver facetas persoais tradicionalmente positivas no xénero feminino (porque unha muller guapa ten certas cousas máis fáciles, non nos imos enganar), pero ollo, ao mesmo tempo esíxesenos ser máis ca ese canon arcaico. Adoptar certas característica «masculinas», pero sen pasarse. Segundo esta ecuación, ler Vogue é unha trapallada, pero se Joan Didion publica un artigo na mesma revista cunha reflexión pioneira sobrea natureza dos celos, *chapeau,* porque ela ten publicado as súas obras en editoriais —«serias», claro— e consolidado o seu estilo xornalístico en sitios coma o *New York Times* ou a revista *Life*. Unha avoa anónima que cociña o xantar non ten nada de particular; facéndoo unha chef de renome, xa podemos falar de gastronomía.



Mimina retratada por Isaac

Imaxe cedida por Xosé Díaz

Semella difícil definir a arte, implica poñerlle marcos. Mais a idea imperante do que é considerado arte e o que non a día de hoxe xa é tremendamente excluínte dun xeito misóxino e elitista, denotando un grave problema que temos coma sociedade. Malia non ser unha idea nova, cómpre lembrar que a desigualdade de xénero enchoupa todos os aspectos das nosas vidas. Na arte queda moito por recoñecer e moitísimo por andar.

A mansedume do tempo ferido

MANUEL LUGRÍS RODRÍGUEZ

«Esperta, ferro», era o berro que ruxían os almogávares, aqueles guerreiros de infantería lixeira da Coroa de Aragón, antes de dar comezo a batalla, como ordenándolle á súa espada que estivera lista para a loita, sempre terrible e sanguiñenta. E así diría agora: «Esperta, Europa, espertade, gobernantes de gravata na mesa de caoba do despacho enmoquetado, e lede o que a continuación queda escrito nas páxinas de *Areal* unha publicación deste currúncho do continente que probablemente non chegue ás vosas mans. Mágoa».

Estamos na fin dunha era. No cume dun espazo temporal contraditorio que acolle o máis alto avance tecnolóxico acadado nunca neste planeta por unha especie viva, pero, ao mesmo tempo, cunha escasa e diletante bagaxe de progreso no eido ético e no da concordia que a fin de contas non corresponden, coma parangón, dun aspecto ou do outro.

E estou a escribir este traballo cando xa a guerra híbrida da Ucraína pasou á segunda fase das armas e cando aínda están presentes os rescaldos da sexta onda da pandemia da covid, e tamén cando estamos a sufrir as graves secuelas da anterior crise económica que paira como vento de frustración baixo un ceo branco, vermello, negro e baio, as cores daqueles cabalos da apocalipse que asoman xa na fusca estantiga dos catro xinetes portadores do estandarte da peste, da guerra, da fame e da morte. Catro cabalos que xa estamos a ver todos os días na prensa, na televisión, nas redes sociais... Estamos a velos nós, que somos o quinto xinete, o máis temible e arrepiante: o medo. O medo de que poidamos escoitar as sete trompetas, cos sete selos e as sete copas, anunciadores todos eles da fin do noso tempo. Así, cando sexan lidas estas liñas, xa pasados os días e as noites, haberá unha imaxe máis nidia do futuro no que estaredes vivindo. Un futuro moi próximo pero que cabalga nos días co trote infernal do tempo cósmico.

Pero quixera atopar unha frase definitiva nestes intres de medo e de incerteza, de tanto inopinado e de cambios súpetos, o que non é tarefa sinxela. Porque sería o meu desexo chegar a unha definición única de síntese como aquela que buscaba Stephen W. Hawking cando estaba a manifestar que o seu meirande logro como científico sería achar unha teoría unificada que combinase a relatividade de Einstein e a mecánica cuántica como paso imprescindible para a descrición de fenómenos a escala atómica e a escala universal. Pero, sen tales pretensións, eu si quixera dar cunha frase ou mesmo cun enunciado textual que nos dera unha panorámica completa da situación actual de todo o tempo de vida que estamos a padecer tanto xeográfica como socialmente. Pero logo de moito matinar declaro, de primeiras, o meu fracaso neste labor, ímprobo e difícil pero no que seguirei insistindo, por ver se a clarividencia nun momento de lucidez me dá as palabras precisas para compor esa frase case máxica.

Pero entrementres e con impertérrita ousadía tratarei o Asunto, así en maiúscula, que é nin máis nin menos que a situación creada polas sucesivas crises derivadas dos avatares e circunstancias excepcionais, ou como queiramos chamalas, en que coa economía pospandémica están ensumidas a cidadanía, a vida social cotiá e a nosa nación, Galiza, que como sempre, desde a proclama de Antolín Faraldo até os nosos días, está política e soberanamente ocluída polos siareiros desta Hespaña con hache que paladinamente usaba Castelao no seu *Sempre en Galiza*.

E nesta orde, esta tripla temática, que ten así xa unha certa formulación xeral da complexa danza xeométrica en que estamos imbuídos.

«Eu vou cerrar a fiestra, non quero que entre a avelaíña negra esta noite. Xa terá tempo».

Orixinal de M. Suárez de Concha

Logo da crise financeira global do 2008, polo colapso da burbulla inmobiliaria nos Estados Unidos, que provocara no outono de 2007 a chamada crise das hipotecas subprime, a recuperación era algo que estaba previsto levar a cabo nos seguintes anos do xeito máis acelerado posible para controlar aqueles aspectos danosos da crise, primordialmente os que afectaban á débeda e aos tipos de xuros, mantendo estes baixos, e actuando o Banco Central Europeo coa compra sucesiva de gran número de bonos. E tanto en América como na UE, coa contención inflacionista, a recuperación do emprego e da actividade económica en xeral, en termos semellantes ou mesmo superiores aos precedentes á crise, íase iniciando a recuperación. Pero varios factores entorpeceron este proceso, auspiciados pola cada vez máis forte competencia da China e en xeral do Leste asiático (Corea, Xapón, Taiwán, Vietnam, Malaisia etc.), que xa concentran máis do sesenta por cento do produto económico mundial, porcentaxe que probablemente se vai acrecentar, co tempo, co desenvolvemento doutro xigante demográfico como é a India. E o *brexit* británico, que modificou ostensiblemente o equilibrio económico europeo e que aínda non está perfectamente definido en temas importantes, cos precipitados —e diría que temerarios— acordos levados a cabo entre as partes. Unha saída da UE da que se tardará bastantes anos en saber como vai ser o comportamento da economía británica fóra da Unión. Todos os indicios son de que sairá danada. Pero até que punto? Esta disxuntiva é a que marcará no tempo o ineludible retorno do Reino Unido á UE.

Europa, que é fundamentalmente o que a nós nos preocupa, atopouse cando tivo que facer fronte a este proceso de recuperación co reto de resistir esa competencia asiática e tamén americana, de pór políticas industriais en común para non quedar, en aspectos fundamentais, dependentes desas dúas potencias económicas. Como exemplo podemos citar as fábricas de baterías eléctricas ou a problemática dos chips que practicamente monopolizan Corea do Sur e Xapón e de cuxa subministración depende a actividade de moitas das nosas industrias, que ven a miúdo paralizado o seu traballo pola falta destes diminutos circuítos electrónicos.

Pero cando estabamos xa en camiño desta certa recuperación, cun bo ano 2021, acadando niveis de actividade económica e de certa riqueza, chegou a pandemia da covid, que truncou a vida da comunidade humana en todos os seus aspectos. Un confinamento absoluto durante tres longos meses arruinou o labor levado a cabo nos anos anteriores. Paralización de toda actividade industrial, comercial e social, millóns de persoas expelidas ao paro, catastrófica situación da actividade empresarial e, quizais máis importante, a perda da realidade circundante ou subliminar alienación mental colectiva das xentes pola prensa adicta aos mandados protocolarios dos diversos gobernos e dos supostos «bustos parlantes», especie de polímatas de vertedoiro, chantados nas televisións por eses mesmos gober-

nos que viron un certo seguro obxectivo de estabilidade política na propia pandemia, que foi tratada dende os medios como se fose unha epizootia que atacase aos crédulos humanos aos que ían dirixidas as proclamas. Mentres os afectados, fosen ou non fosen asintomáticos, os milleiros de mortos, as terapias xénicas experimentais elaboradas ás présas polas máis importantes corporacións farmacéuticas do mundo en frenética carreira por facer o máis rápido negocio posible, a instalación dun sistémico control cívico, a esmola dos ERE con solicitude pública de aplauso etc. Un panorama estarrecedor que non podemos dar por terminado, e transcribo as palabras de Martin Wolf, columnista económico do *Financial Times*, cando sentencia dicindo que pensa que as cousas van ir mellor a non ser «que se declare unha guerra. E aínda é moi probable que continuemos tendo sorpresas».

Pois a guerra xa a temos. Pero non se trata de sorpresa ningunha. E non se trata tampouco de buscar razóns ou non razóns. De que o proceso que levou a esta situación é moi complexo, pero non estamos en tempo de análises profundas, senón de facérmonos cómplices, polo menos sentimentais, dos eternos perdedores de toda conflagración, vendo as xentes a camiñaren na paisaxe de neve esgotadas baixo o peso das súas mínimas bagaxes, coas bágoas nas meixelas e os ollos aterecidos de medo, meniños coas súas mochilas do colexio ás costas máis ben deambulando cara ao descoñecido, os velliños eivados nas súas cadeiras de rodas empurrados cara ao seu desterro en Polonia, Hungría... Esa é a consecuencia dunha política errante e inconsecuente que mestura a dependencia enerxética europea coas nostálxicas eivas dun autocrático soño de renacer imperios e coas arelas americanas de manter o arbitrio mundial a través dun tratado militar obsoleto que está ao servizo dos seus intereses. E, no medio, a dor inmensa dun pobo agredido por unha invasión xustificada con argumentacións tan peregrinas como a desnazificación da Ucraína, que, por certo, conta cun presidente xudeu bilingüe (ruso e ucraíno). En fin, os presupostos do día de hoxe son estes. As consecuencias para a nosa cidadanía son as peores e un porvir inmediato co máis fondo pesimismo: suba xeneralizada de prezos, desánimo social, mesmo arrepío polo futuro, tanto económico como humano, pois xa se nomeou publicamente o arsenal nuclear como «solución» definitiva. E tan definitiva, pois, coas novísimas armas que combinan fusión e fisión, a desaparición da humanidade entraba dentro do posible, o que suporía seguramente, por vez primeira na historia do planeta Terra, a extinción dunha especie provocada por ela mesma.

Mais non desesperemos. Sexamos, polo menos neste momento, un chisco optimistas e falemos do noso ámbito vital: Europa, a UE e a nosa nación de Breogán. Fagamos lugar para a incerteza e sexamos conscientes de que a situación actual é significativamente diferente de como nola imaxinaban no 2019 os voceiros da hiperrealidade fáctica, e de que os vindeiros anos serán complicados e terán un forte impacto social. Aquel estúpido axioma de que a sociedade pospandémica sería mellor e de que seriamos máis libres, máis felices e máis conscientes da nosa vulnerabilidade, axioma avalado polos poderes públicos na súa leria discursiva baixo un esqueumorfismo infantil, era unha visión facticia que respondía a un sentimento propagandístico máis que a unha realidade obxectiva. A pendente transición ecolóxica, a inquedanza no futuro do cambio climático e o enorme risco da estanflación, ese estancamento económico cun acelerado proceso inflacionista que coexiste con elevadas taxas de desemprego, e que é o perigo que máis temen os economistas de palacio porque se aventa, nun futuro máis ou menos próximo, como unha posibilidade real. Pero nas circunstancias presentes estase aínda en condicións de abortalo, de librármonos da fame xeneralizada e da miseria de grandes masas humanas que, privadas xa dos pseudoauxilios públicos,e poboarían a meirande parte dos países. Non estou a falar dunha fantasía futurista, de socioloxía-ficción, nin dun soño de bruxo achispado, estou a falar de posibilismo, dun posibilismo práctico, que, repito, aínda os poderes públicos poden choer, cun mínimo dese sentido social que era fundamento dos pais da Unidade Europea e que non estaba en sintonía co liberalismo absoluto da economía actual, ao abeiro das grandes corporacións e das elites financeiras que dominan o panorama lexislativo e executivo dimanado dun parlamento comunitario amaneirado, na súa maioría, polos intereses das oligarquías nacionais e persoais. É certo que grazas a esta riola de crises deuse un vincallo financeiro máis forte entre o núcleo duro dos estados comunitarios, pero iso soamente para a defensa de intereses moi concretos e determinados: o fondo de préstamos para fortalecer a actividade económica empresarial e, principalmente, para ampliar o estadio

competitivo fronte á China e os Estados Unidos. Pero o troco do capital creador de riqueza polo capital especulativo, con rexeitamento do espírito keynesiano a prol dun monetarismo radical, segue tan vixente como nos tempos de Milton Friedman a pesar da conversión en nova macroeconomía etc., que non é máis que primar a fiscalización do Goberno baixo o paraugas dun estrito control monetario, realmente dirixido polos monopolios sectoriais da vida económica. E así é moi difícil que a mellora de nivel de vida no futuro poida chegar, en termos de xustiza, aos traballadores de a pé.

O porvir inflacionista e a estanflación da que falamos antes, propia de situacións como esta, serán sinónimos dunha nova sociedade que levará os seus habitantes a viviren moito peor que os seus devanceiros. Unha sociedade con precarios servizos públicos básicos, *verbi gratia*, a educación, a sanidade, as pensións etc., e un Estado «protector» que sosteña os benéficos óbolos para intentar manter unha feble paz cívica que non será máis que unha dramática véspera de convulsións sociais que, como un novo ciclo da historia da civilización, levaranos a outro estrato de convivencia tan cambiante como foron todos os anteriores na vida da humanidade. E no eido escuro, coas súas cadeas de bloques, o *blockchain*, os *bots* automatizados na *darknet*, a aceleradora de *start-ups* etc., toda unha linguaxe que semella un espazo verbal esotérico para este novo negocio do mercado das criptomoedas, divisas dixitais que escapan de todo control oficial e que planan co seu réxime tremendamente especulativo, co que posúen mesmo un poder para modificar as relacións intereconómicas alleas a toda supervisión e que son un enigma de futuro, e, como tal enigma, non podemos determinar aínda a súa influencia no benestar xeral.

E consecuente con todo o que acabamos de manifestar, a esencia da Galiza, da nosa matria de Terra e bioxénese, é a de perpetuo estado de prostración e que perde vagarosa e progresivamente peso específico económico e social dentro do conxunto do Estado, pero baixo a súa dependencia política. Como exemplo significativo: no ano 1898 Galiza tiña 1.894.558 habitantes e España 17.500.000, o que supón unha porcentaxe do 10,82%. Hoxe a relación é a seguinte: Galiza 2.701.819 e España 47.450.795, o que nos dá a porcentaxe de 5,13%. É dicir, un 50% menos de presenza en todas as ordes da vida estatal na que aínda hoxe estamos constrinxidos a permanecer. É consecuencia do atraso económico do noso país durante o decurso de todo o século XX, que o encheu de dor, aflición e coita colectiva por mor dunha emigración permanente, como ben nos ilustrou Manuel Ferrol na súa icónica fotografía da impotencia e as bágoas dun home e dun neno no porto da Coruña despedindo, quizais para sempre, un familiar que marchaba para as Américas. Así, a falta de condicións minimamente esenciais, non xa para vivir senón mesmo para sobrevivir na súa Terra, despoboou Galiza da man das políticas do favoritismo centralista que decote nos mira como a aborixes dun territorio a medio conquistar no que soamente existimos para faceren negocios cos nosos recursos máis primordiais: enerxía, pesca, man de obra barata etc.

Pois ben, esta breve estampa do noso pasado recente é o mesmo que nos agarda, pero multiplicado por moitos algarismos nese futuro previsible do que antes estivemos a falar. Seremos máis infelices e máis pobres. Nestes intres xa temos os primeiros adiantos: suba xeral da bolsa da compra, das facturas da luz e dos combustibles, falta de materiais nas fábricas para seguiren o traballo, e polo tanto máis desemprego, e, quizais o máis grave, a deterioración evidente da vida cidadá, da seriedade na tarefa, na atención, no cumprimento dos acordos e contratos, que é e sempre foi premisa indiscutible dos galegos en calquera lugar onde se atopasen no seu longo camiñar polos sendeiros do mundo.

Pero o noso labor, a nosa responsabilidade como pobo, xorde fundamentalmente como imperativo moral de que non podemos conternos na pasividade. E sobre os alicerces herdados da historia temos ante nós un futuro que é preciso, absolutamente necesario, construírmos. Con administración política propia non dependente da Vila e Corte. Como dicía Fuxan os Ventos, «xa poden en Madrid falar con palabras ben fermosas...»

E coa verba sabia do Irmán Daniel, como un remedo da miña insuficiencia para achar a frase definitiva, transcribir: «Disque unha tribo de alma viaxeira enfiou o roteiro do sol, e, anda, anda, chegou ao cabo do mundo, á nosa Fisterra, onde ficou varada de asombro, ante a inmensidade e o infindo. E velahí como a alma viaxeira dunha tribo de Oriente enraizou os seus anceios de coñecemento na pedra ígnea do noso chan e formou a primeira capa da nosa nación. Disque outras tribos...»

Eu vou cerrar a fiestra, non quero que entre a avelaíña negra esta noite. Xa terá tempo.

As fenómenas Tanxugueiras

MERCEDES LEOBALDE

Nos últimos meses asistimos no ámbito musical a unha serie de sucesos inusuais, ou cando menos curiosos, ben dignos de seren mencionados nunha revista atenta á actualidade como a que tes entre as mans.

Referímonos, por exemplo, a un aumento tan inusitado na venda de pandeiretas que chegou a provocar listas de espera, ante o abraio de artesáns e fabricantes de tales instrumentos.

Referímonos a que persoas das máis diversas procedencias que de galego sabían como moito *morriña*, *vieira* e *botafumeiro* ampliasen o seu repertorio con fermosuras como *terra, aturuxar, foliada, serán, xeito, berrar...*

Referímonos a que no descanso do Dépor soe por megafonía un tema folk en galego e máis de 10.000 gorxas se poñan a cantalo coa bravura dun himno.

Referímonos a que no pasado Entroido o disfrace máis exitoso fose o de Tanxugueiras, en moitos casos con bailadores incluídos. Nunca tantos torsos musculados de gomaescuma se venderon nos bazares chineses!

E así poderiamos continuar durante páxinas, relatando fenómenos estraños. Entón xorde a pregunta. Por que? Que rara conxunción astral propiciou tales prodixios? Ignorámolo. O que si é certo é que nalgunhas ocasións un feito aparentemente trivial acaba sendo o detonante de algo grande e impredicible.

Neste caso, ese detonante foi a selección das Tanxugueiras para participar no Benidorm Fest (BF en adiante, con permiso de Buenafuente), do que sairía a representación de RTVE no Festival de Eurovisión 2022 e que propulsou a banda á fama internacional. No BF, Tanxugueiras clasificáronse para a final e, se ben non gañaron, o certo é que recibiron o apoio absolutamente maioritario do público a través do televoto (non nos imos deter aquí nese «xurado de expertos» que levou á vitoria de Chanel, porque iso daría para outro artigo, de certo tan extenso como controvertido).

QUEN VEÑEN SENDO AS TANXUGUEIRAS?

Aida Tarrío, Olaia Maneiro e Sabela Maneiro, así se chaman. Por se alguén viviu nunha cova no último ano, diremos que conforman un trío de música folk que revolucionou nun tempo récord o panorama musical galego. O proceso é merecente dunha análise ben máis sisuda da que daremos abordado neste artigo, pero farase o que se poida.

Cando interpretan os seus temas, que van da fonda raizame popular a un eclecticismo inspirado nos ritmos tradicionais (en todo caso actualizados, depurados e refrescados para os adaptar aos tempos que vivimos), as súas potentes e afinadas voces elévanse, convertidas por veces nunha soa, sobre ferreñas e sintetizadores, dando como resultado unha mestura de tradición e modernidade que engaiola. As letras de base folclórica penéiranse ben ata as deixar libres do omnipresente machismo de outrora (que quen nolo dera superado!) e de todo tipo de expresións discriminatorias, dotándoas asemade de alegría, de reivindicación do noso e dun espírito de liberdade que convida ao riso e ao baile. No puramente musical combínanse os ritmos tradicionais con outros máis contemporáneos e electrónicos, polo que a instrumentación fusiona as pandeiretas e outros instrumentos tradicionais con samplers ou sintetizadores, ou mesmo co autotune.

As Tanxugueiras eran de sobra coñecidas en Galicia antes do BF. Déronse a coñecer nun vídeo viral do 2017 no que interpretaban un *cantar de panaderas*. No 2018 publicaran o seu primeiro traballo de estudio, *Tanxugueiras*, que incluía once temas tradicionais

deliciosamente versionados, e no ano seguinte o segundo, *Contrapunto*, con outros dez. A partir de aí foron lanzando unha serie de pezas propias e colaboracións con outros artistas («Midas», «Telo», «Coda», «Figa»...) nos que, sen renunciaren á base tradicional, introducen novos elementos sonoros. As propostas resultantes van acompañadas duns vídeos de calidade innegable e gran potencia visual que están a ser éxitos rotundos nas redes e en plataformas como Youtube. No 2021 lanzaron «Terra», coa que concorrerían ao BF, tema composto por Tanxugueiras sobre unha base de alalá, coa colaboración do seu produtor Iago Pico, e no que vai deste 2022 viron a luz «Averno» (en colaboración con Rayden) e «Pano Corado», un canto á inclusividade e á liberdade afectivo-sexual, e «Desidia». Por último, a final do pasado mes de maio a Deputación de Pontevedra editou un disco-libro titulado *Acorda* sobre a memoria histórica que inclúe o tema «Autocracia» das artistas.

En paralelo á edición discográfica e aos rotundos éxitos dos seus vídeos fóronse sucedendo concertos e actuacións dentro e fóra de Galicia. Para ponderar o alcance do éxito de Tanxugueiras, abonde dicir que as entradas para os seus concertos en Galicia adoitan esgotarse na primeira hora ou que o vídeo de «Terra» con subtítulos en inglés (que é apenas un fondo negro ao que se superpón en dourado o contorno dunha simbólica pandeireta con raíces) supera con moito os seis millóns de visualizacións en Youtube, mentres que a actuación na final do BF vai polas 6.537.730.

Como pandeireteiras que son, Tanxugueiras posúen a ledicia da foliada, amais dun carácter arrichado e afouto. Son vitalidade, simpatía, modernidade, compromiso e forza, calidades que se presentan adubadas cunha boa dose de feminismo e sororidade. E a retranca que non falte! Un exemplo témolo na letra de «Que non mo neguen»: *Fago todo o que eu quero / e o que me sae de dentro. / Non preciso de ninguén, /que eu mesma xa me chego. (bis) / Son muller forte e libre, / non hai ninguén que mo negue, / e se alguén o intentara /que mala febre o leve. / Eu e máis vós, compañeiras, / eu e máis vós, camaradas, / eu e máis vós, compañeiras, / eu e máis vós / cantamos e arruamos, / facemos a foliada (bis) / (Son muller forte e libre etc.) / O cantar é das solteiras (4 veces) / Tamén che é das casadas / cando son foliadeiras (bis) / (Son muller forte e libre etc.) / Vivamos nós as mulleres, / berremos todas ben alto (bis) / Que viva a nosa fala / e que viva o noso canto! (bis) / (Son muller forte e libre etc.)*

«TERRA», MULLER E LINGUA(S)



«Terra», a proposta eurovisiva que as Tanxugueiras presentaron ao BF, engaiolou desde o primeiro minuto. En Galicia adorámola, pero máis abraiante resultou para os non galegos, a xulgar polos centos de vídeos de Youtube que recollen as primeiras reaccións de xente dos máis diversos lugares do planeta ao escoitala. Fomos testemuñas da emoción que o tema causou entre boa parte da comunidade internacional de eurofáns. Tras o abraio inicial pregúntanse como serán esas mulleres cun nome tan complicado de pronunciar (isto tamén daría para outro artigo), cantas serán realmente ou como soarán as súas voces por separado, expoñen ideas de como se podería escenificar, das moitas posibilidades que ofrece a peza en canto a xogos de luces e outros efectos, da coreografía que podería acompañala... Pero sobre todo aprecian a orixinalidade da proposta, alén de enfatizar a emoción que transmite, a enorme potencia da música e das voces, a rotundidade do conxunto... Moitos coinciden no ton épico da peza e comentan as imaxes mentais que lles suxire. E a continuación, e isto é fundamental, éntralles o afán por saber máis: desa lingua cuxa sonoridade están a escoitar por primeira vez, pola terra onde esa lingua se fala e da que nacen eses ritmos, por escoitar outras cancións da banda que acaba de deixalos impresionados, por pescudar nos traballos doutros grupos galegos actuais... E isto supón unha difusión inmensa, non só para elas.

Chamou moito a atención a inclusión na letra de «Terra» de varias linguas peninsulares nunha frase do retrouso: ese *Non hai fronteiras* vaise repetindo ao longo do tema, primeiro en galego e a seguir en vasco, catalán, bable e castelán, e incluso, ao remate da canción, en lingua de signos, nunha vontade de visibilizar a variedade lingüística do Estado que agradou

especialmente nas comunidades cunha lingua propia distinta do castelán.

Porén, aos partidarios da uniformización e ás súas miradas achicadas non lles chista a pluralidade, en ningún ámbito, así que desde que se fixo pública a participación de Tanxugueiras no BF comezou o terremoto. Por unha banda, abriuse para algúns un mar de expectativas sobre a presenza do galego en Eurovisión por vez primeira na historia, e sobre o fito que suporía participar cun tema cantado nunha lingua distinta do castelán e con presenza, por riba, doutras linguas peninsulares. A perspectiva era tan atraente como inaudita (máxime nestes tempos en que os estados participantes entraron de cheo —ai, Portugal...— na triste roda de renunciar ás súas propias linguas en favor do inglés nun exercicio suposto utilitarismo, coma se ese idioma outorgase un baño de calidade musical a propostas mediocres ou carentes de orixinalidade.

Nin que dicir ten que houbo posicionamentos encontrados a respecto desa posible participación de Tanxugueiras con «Terra» nun festival tan internacional e mediático como é Eurovisión. O españolismo de manoletina, tan apegado ao «una, grande y libre», manifestou sobradamente a súa repulsa. O sector poboacional máis *urbanita* e alleo á música de raíz aseguraba que unha canción folk non era axeitada para Eurovisión, onde cómpre mandar hip-hop, pop ou electrónica, e a poder ser en inglés. Por se fose pouco, certas voces do nacionalismo galego máis intransixente (as daqueles que habitan na pureza do mundo das ideas, sen xamais baixaren á terra luxar as mans) poñían tamén reparos nas redes a que unhas rapazas galegas practicantes acudisen a un festival en representación do «estado opresor» (canta miopía, señores, canta miopía!). En fin, de todo houbo. Polo visto, a innegable calidade da canción e da posta en escena era o de menos. Polo visto, e a pesar dos case cincuenta anos desde que finou o ditador, seguimos a aturar os seus discípulos defendendo as mesmas parvadas (santa paciencia!). Polo visto, en Galicia hai algúns moi amigos de poñer paus nas rodas das nosas mentes e voces máis talentosas e de non deixalas medrar se non aran por onde eles marcan. Polo visto, existe un afán absurdo por converter un festival de música ao que concorren artistas en representación das televisións públicas dos distintos países (das televisións, ollo, non dos Estados!) nunha sorte de loita tribal entre «nós» e «os outros» só comparable a un mundial de fútbol. Todo ese fervor patrio que acompaña o festival de Eurovisión é moito de máis para o noso gusto, empezando polos locutores de RTVE que comentan a gala nesa liña e fabulan sobre alianzas conspiratorias chegado o momento das votacións. Claro que tampouco debe haber cousa máis aburrida que comentar a distribución de votos dos distintos países, un e outro e outro e outro, non sendo retransmitir os pasos e procesións de Semana Santa.

Xa que logo existiron reaccións adversas por se tratar dunha canción en galego. Queixábanse algúns, sobre todo na meseta e cara ao sur, de que «non se lles entendía nada», a pesar de que axiña apareceron versións ao castelán e ao inglés da letra de «Terra» e vídeos cos subtítulos correspondentes. Mais como esa mesma xente ficou logo satisfeita coa elección dun tema cantado en spanglish no que non se entende nin media palabra máis alá do bum-bum e o zum-zum, atrevémonos a aventurar que o problema tiña máis que ver co centralismo lingüístico (e co autoodio no caso dos e das opinantes galegas que esgrimían tal argumento).

Con todo, o apoio a «Terra» en todo o estado foi brutal, sobre todo nas comunidades con dúas linguas, e a conexión de moitísimas persoas con Tanxugueiras só se pode cualificar como amor-paixón. Para constatalo non hai máis que ler os comentarios

baixo cada vídeo na canle da banda en Youtube (que, por certo, pasa xa dos 103.000 subscritores) ou facer unha incursión no «Grupo de apoio ás Tanxugueiras» en Facebook, que supera hoxe os 81.000 membros. Como anécdota, posteáronse neste grupo vídeos do concerto de Tanxugueiras o día 10 de xuño nas festas do Carnaval de Cádiz 2022. A Plaza de San Antonio ateigada; no escenario, as tres mozas vestidas para a ocasión con coloridos disfraces das Supernenas, e un final de festa trepidante con «Terra»: móbiles gravando, clamor no momento do baile de Aida (a Supernena fucsia), apoteose de luces e centos de andaluces cantando en galego. É ou non é isto a definición dun auténtico fenómeno musical?

Volvendo a «Terra» e o BF, as Tanxugueiras partían como favoritas xunto con Rayden e Rigoberta Bandini, quen presentaba un tema de homenaxe ás nais titulado «Ay, mamá», que foi acollido como un himno feminista, acaparando ese espazo, mentres que «Terra» foi interpretada como unha chamada á unión entre os pobos ou algo nesa liña, apoiándose nese *Non hai fronteiras* que todo o mundo comprendía. Porén, aquí propoñemos unha lectura de «Terra» diferente, baixo unha nova luz: a violeta.

Trasladémonos ao escenario do BF. Na escuridade distínguense, por diante dunha proxección de montes e nubes, as siluetas de catro persoas: á dereita, tres figuras de pantalón e sombreiro coa cabeza abaixada, de xeito que non se lles ve a cara, nunha parte do escenario algo elevada; á esquerda, un home co torso espido e cos brazos alzados dispostos á percusión. Faise a luz e as tres mulleres quitan os chapeus de aba ancha —son sombreiros de faena— simbolizando o final dos labores do día e deixando ao descuberto os dourados que adornan o seu cabelo e parte dos rostros, a xogo cos sapos e demais xoiaría tradicional (sempre en ouro) que locen sobre as negras vestimentas, da cor do traxe de gala tradicional, todas elas de estilo contemporáneo pero diferentes. Uñas negras tamén, e ollos decorados cunhas magníficas liñas negras en filigrana. E mentres descenden cantan *Esta noite hai foliada, esta noite hai serán. Agárdoche no terreiro, compañeiriña leal*, e repíteno, nunha chamada insistente á compañeira para que acuda ao baile. Fálanlle a unha boa amiga, quizais cómplice, cunha relación que se ve acentuada co matiz afectivo do noso diminutivo e co adxectivo *leal*, tamén significativo.

Houbo quen pensou, co amor romántico homemuller na cabeza, que se trata dun home citando a súa moza no baile, pero non, porque a letra continúa *Para cantar veño eu coa pandeireta na man*, e as pandeireteiras son mulleres. E neste contexto de compañeirismo entre mulleres que se convidan á festa da vida, *Aturuxa canda min, que nos escoiten berrar, que nos escoiten berrar (bis) coa pandeireta na man* poida que non sexa literal, senón un «únete a min, berremos xuntas, que nos escoiten» nun sentido moito máis amplo.

Saen á escena os bailadores —saias negras, torsos e costas brillando en dourado, movementos amplos, soltos—, que se van cruzando sobre o escenario. Cando elas ocupan a parte central soa un recoñecemento das antepasadas (*Canta ti, cantarei eu, co xeito das nosas nais*), unha celebración da vida (*Festexaremos a vida da xente que está a bailar, da*

xente que está a bailar, repiten, excluíndo do festexo a aqueloutros que eluden o movemento, que non saben gozar da alegría do baile), e, por último, unha posta en valor da arte das pandeireteiras (*co xeito das nosas mans*).

E para rematar, mentres Aida se sitúa entre os dous bailadores coa súa longuísima trenza e marca os pasos da danza, cantan: *Aí veñen, aí veñen, veñen p´ra quedar/ esas bravas gorxas de fondo cantar,/ de fondo cantar, de fondo cantar,/ aí veñen, aí veñen, veñen p´ra quedar.*

E quen son esas «bravas gorxas de fondo cantar»? Pois son elas mesmas, as que cantan e mais as súas compañeiras leais. Son, por tanto, as voces das mulleres que berran, voces *bravas*, non melosas nin doces E sonvos ademais *de fondo cantar,* non de cantar lilainadas. Bravas gorxas que *aí veñen, aí veñen* —é xa, algo inminente, está a ocorrer—, e veñen para quedar.

Iso último, o de viren para quedar, repítese como una ducia de veces e constitúe o punto álxido da peza, e por riba é enfatizado polo intenso —e xa lendario— aturuxo de Olaia que provocou arreguizos en toda Galicia, e por unha elocuente linguaxe xestual por parte de Aida e Sabela, ollando de fronte á cámara e mesmo incitándoa para que se achegue. E isto, *señora´ y señore´*, isto si que é empoderamento. E o demais son trapalladas.

E en fin, disto é do que fala «Terra» se prescindimos do *Ai-la-la-la-lá* e do *Non hai fronteiras* en seis linguas: de mulleres que cantan xuntas e se acompañan, que aturuxan e berran coas súas bravas gorxas, e que veñen para quedar, para quedar, para quedar. Fala de protagonismo feminino e de sororidade. Trátase dun feminismo que non precisa de grandes símbolos para exhibirse, que non se mostra senón que se demostra. Demóstrase no alento das voces, na forza despregada no escenario, na complicidade entre as protagonistas, na súa actitude de constante autoafirmación. Tamén na vestimenta escollida, que supón unha evidente ruptura dos roles de xénero. Ou no simple xesto de levantar ao unísono tres pandeiretas.

Agora, se concordades con esta interpretación de «Terra», respondede vós mesmos: *Non hai fronteiras* para quen? *Non hai fronteiras* para que? Fálase na canción de *fronteiras* xeográficas ou doutro tipo de límites?

Na páxina web de Tanxugueiras lemos, en referencia a elas mesmas: *Son o son dun pobo internacionalizado. Son a cultura tradicional na pista de baile. Son todos os mundos nun só. Porque para Tanxugueiras «non hai fronteiras».*

PECHOUSE A PORTA A EUROVISIÓN, ABRÍRONSE UN CENTO

O de Eurovisión non puido ser, pero a participación das Tanxugueiras no BF implicou para a banda fama, recoñecemento, concertos e máis concertos, algo que nos alegra infinito. Levaron o folk á sala máis *pija* da Coruña, a Pelícano, e encheron. A TVG celebrou o 17 de maio 2022 cunha «Tanxuverbena». Colaboraron en distintos temas con Muerdo, Rayden, DJ MIL, Rozalén e outros artistas. Son entrevistadas e convidadas a programas de televisión, sexa o *Zapeando* ou calquera magazine do *cuore* ou de actualidade, e percorren os platós rompendo tópicos sobre Galicia e os galegos coa simpatía e a naturalidade que as caracteriza, espallando outro trazo identitario galego, a retranca, e levando o acento galego con orgullo, como un sinal máis de identidade. E por todo isto e máis, amámolas.

O caso é que se produciu nun par de meses unha internacionalización de «Terra» e das Tanxugueiras (e, en consecuencia, da música galega) nunca vista anteriormente. Certo é xa existiran Juan Pardo («Anduriña»), Xil Ríos («Xirarei»), Ana Kiro e os seus múltiples éxitos, Os Resentidos («Galicia caníbal» / «Fai un sol de carallo») e o rock bravú, pero o que non existía daquela era internet, nin as redes sociais e o seu poderosísimo efecto multiplicador.

Porén, a concorrencia de Tanxugueiras ao BF tamén trouxo consigo unha longa restra de beneficios colaterais que vai máis alá das propias protagonistas. Xa mencionamos o «efecto abano» dos vídeos de reaccións en Youtube, que, partindo dunha canción concreta, non só beneficia a carreira das súas creadoras senón tamén a outros artistas de aquí, que pasan a ser máis coñecidos e apreciados. E beneficia, indirectamente, ao conxunto de Galicia como país, polo que supón de identificación do territorio e de recoñecemento e valoración dos seus talentos.

Outro beneficio colateral, xa aludido: unha chea de xente ao longo e ancho do mundo soubo da existencia de Galicia, e souberon do galego, da súa tradición ancestral e da súa sonoridade (e aquí inclúo a moito español monolingüe que nunca tal oíra e que quizais modificase tras o BF a súa percepción).

En Benidorm e contra prognóstico, Chanel foi a elixida para acudir a Eurovisión. Mais o verdadeiramente abraiante disto foi a reacción de indignación colectiva tras a final, por considerar que os votos do xurado foran calculados para deixar matematicamente fóra do xogo as galegas por moito que recibisen o apoio popular, como finalmente sucedeu. As redes arderon durante semanas falando de *tongo* e o proceso de selección do BF non só foi tema de total actualidade en prensa, radio e televisión, senón que chegou ao Parlamento e pedíronselle explicacións ao ente público.

Como se explica, por favor, tal reacción social sen ter nada que ver co fútbol? Fíxose palpable que a actuación das Tanxugueiras no BF si nos representaba e que supuxo un subidón de autoestima colectivo difícil de calibrar. Sabido é que en Galicia en cuestións de autoestima andamos algo deficitarios, e Tanxugueiras ofreceron o que precisabamos. Representáronnos con afouteza aos ollos do mundo, converténdose ademais en referentes para moita xente moza que por vez primeira viu a música tradicional da súa terra como algo fermoso e atractivo do que nos sentir orgullosos. Referentes musicais galegas e en galego para a nosa mocidade, talentosas, alegres, espontáneas, sen complexos, feministas e coas ideas moi claras. Iso non ten prezo.

Resumindo, o éxito das Tanxugueiras propicia a recuperación para as novas xeracións dunha música descoñecida e inxustamente desprezada. Favorece a normalización dunha lingua minorizada e maltratada por quen debera promovela (e non nos referimos —só— á clase dirixente, que certamente ten delito, senón á xente galega que renega dela e decide agochala baixo sete chaves). E contribúe á erradicación da desigualdade e a discriminación nun panorama musical inzado de machismo nas letras (fálase sempre do omnipresente reggaeton, pero tampouco outros estilos —hip hop, rock, pop...— saen ben parados).

Tanxugueiras son músicas (compositoras, cantareiras, pandeireteiras), pero os seus temas conmoven e convencen de tal xeito que a súa influencia alcanza ámbitos que exceden o musical, talmente como esas raíces fortes que nacen da pandeireta de «Terra» buscando onde prender.

E O FUTURO?

Seguramente sexan as Tanxugueiras as primeiras sorprendidas polo vertixinoso do seu éxito e polo grande apoio social. E este apoio debéranos mover á reflexión, pois ao cabo é a xente a que enxalza un artista, a que acolle e adopta para si unha determinada canción, a que adora de súpeto un xénero musical antes descoñecido. Reparemos na importancia de que un pobo saiba valorar o que ten.

E a pregunta do millón: Será todo unha moda, algo episódico que acabe no esquecemento? Ou non podería, pola contra, ser o inicio de algo, dun movemento poderoso que pasase do musical ao identitario, que dalgún xeito removese a nosa conciencia como pobo?

Parece claro que se produciu un remuíño cultural que alguén debería aproveitar. Non insistiremos na importancia da promoción da nosa lingua e a nosa cultura por parte dos poderes públicos que terían a obriga legal de o facer. Non está na nosa man influír niso máis alá da nosa escolla de papeleta nas eleccións. O que si está na nosa man é apoiar a música galega, escoitala nas distintas plataformas, mercar cedés, asistir aos concertos, interesarnos polas novas bandas, coñecelas e darlles difusión, presionar para que se lles ofrezan espazos nas festas da nosa localidade, na radio e a televisión pública etc. Sería fermoso un panorama musical galego inzado de Tanxugueiras de todos os estilos musicais, unha riqueza inmensa para todos. Quizais non compartades esta visión, pero que queredes? Soñar é gratis.

[1] Esta variedade lingüística, que supón unha riqueza cultural inmensa, é o habitual en todos os estados do mundo. En efecto, fronte á crenza xeneralizada —e tan errónea como simplista— na equivalencia «un Estado, un idioma», o raro, rarísimo, é atopar no planeta un estado no que se fale unha única lingua. De feito, fronte ao número de estados independentes recoñecidos oficialmente na actualidade, que non chega a 200 (194 para sermos exactos), o cómputo das linguas existentes supera con moito as 5000.

[2] Tampouco a canción de Bandini estivo exenta de controversia, primeiro, pola súa letra, e segundo, pola presenza no escenario dun peito de tamaño descomunal nun soporte ao xeito da bóla do mundo. ¿Por qué dan tanto miedo nuestras tetas?, dicía a letra. Casado cualificouna despectivamente de «soflama feminista» e outras voces da súa mesma corda acompañárono na crítica.

[3] Aproveitamos para mencionar os puntos de venda máis próximos para adquirir os discos de Tanxugueiras, así como doutros moitos dos nosos artistas: librerías Sisargas e Suevia, na Coruña.

Memoria arredor da igrexa de Meirás

CARLOS BABÍO URKIDI

Vai pasando o tempo e cada día son menos as persoas que coñeceran o antigo templo de Meirás. As mesmas que lembran que un dos muros desa igrexa aproveitouse como cerramento por unha das caras do actual cemiterio, con motivo das obras de construción da nova igrexa de Meirás, nas que o matrimonio Franco-Polo deixarían a súa pegada. Tanto na igrexa vella como na nova.

A primeira vez que un membro da familia Franco acudía á antiga e humilde igrexa de Meirás sería no verán de 1940 e tratábase da filla do tirano, que naquel intre era unha adolescente de 14 anos. A prensa da época, convertida en propaganda do réxime, non desaproveitou a oportunidade para amosar unha familia beata, xenerosa e preocupada pola parroquia de Meirás:

> Días antes de la celebración de las fiestas de Meirás, hizo Carmencita Franco una visita a la iglesia parroquial, acompañada de su institutriz, señorita Blanca, de don Ricardo Catoira, del cabo de su escolta, señor Morales, y del guardia de esta Comandancia, Sr. Alonso. Al darse cuenta de que el templo precisaba algunas reformas y que era preciso arreglarlo para la función religiosa, la hija del Caudillo dio principio a la tarea de limpiar las imágenes y arreglar los altares informando más tarde a su madre de lo que la iglesia necesitaba para que las fiestas religiosas pudieran celebrarse dignamente. Al otro día, 22 del actual (refirese ao mes de agosto de 1940), estuvo en el templo Carmen Polo y dispuso que fuese pintado el interior y el exterior de la iglesia e hizo diversos donativos, ofreciendo sufragar los gastos que la función originase.
>
> El domingo, día de la fiesta de Meirás, asistió Carmencita a la función en la que predicó el párroco de la Colegiata. Iba la hija del Generalísimo acompañada de la señorita Blanca y del Alférez del Tercio Señor Villalón. Carmencita ocupó un reclinatorio entre los fieles que le ofreció una señora, declinando sencillamente un lugar en la presidencia.
>
> La misa fue oficiada por Matías Escariz, capellán de las monjas, asistido de diácono por el párroco de Meirás y de subdiácono, por el de Mera. Actuaron dos coros, uno masculino y otro femenino.

Fotografía do estudio de Pedro Ferrer da antiga igrexa de Meirás. O muro lateral esquerdo foi adaptado como cerramento do actual cemiterio de Meirás, fronte á actual Casa do Pobo da parroquia.

Cedida polo autor

> Terminada la función, Carmencita Franco fue objeto de una cariñosa demostración de simpatía por parte del público, que aplaudió entusiásticamente y tuvo frases de agradecimiento para su gentil visitante.[1]

Esas obras ás que fai referencia ese artigo de prensa da época executáronse por orde de Carmen Polo. Mais na realidade o que aconteceu foi outro episodio de abusos contra a veciñanza, do cal quedou constancia na crónica dun xornal do exilio republicano en México:

> Después la señora de Franco intentó presentarse en Meirás con aires de dama elevados y piadosos sentimientos para con los humildes. Su primera decisión fue ordenar la reparación de la iglesia del pueblo. Las comadres devotas alabaron esta acción. Pero terminadas las obras, doña Carmen dispuso que los gastos se pagasen a prorrateo entre todos los vecinos. Desde entonces la beatas se asociaron a los comentarios subversivos de los rojos y de las más acendradas franquistas de Meirás que hablan de que Franco no debe parlotear y viajar tanto, sino pagar todo lo que debe que no es, por lo visto, segregación nasal de pavo.[2]

A Igrexa católica, personificada en Meirás nos seus curas párrocos, primeiro Benigno Mayo Novo e despois Antonio Pazo Buján[3], mantivo durante décadas unha estreita relación co ditador e a súa familia. Non será a actuación protagonizada en 1940 por Carmen Polo e a súa filla, na que se ordenaba a reparación do templo, recadándose os cartos entre a veciñanza, a única da que se beneficiará a Igrexa na parroquia.

O 20 de decembro de 1963, nunha reunión do Consello de Ministros, acordábase conceder ao daquela cura párroco de Meirás, Antonio Pazo, unha subvención de 400.000 pesetas[4] para a construción dunha nova igrexa. O que realmente dispuña aquel Consello de Ministros era incorporar a parroquia na



Palacio de Oriente, 24 de novbre. 1962.

Excmo. Sr. D. Sergio Peñamaría de Llano.
Alcalde de
La Coruña.

Mi querido amigo:

Recibí el proyecto para la concesión de porches adosados a la Iglesia Parroquial de San Martín de Meirás, el cual enseñé a SS.EE., y les ha parecido muy bien dicho proyecto, y me encargan te dé las más expresivas gracias por esta nueva atención que has tenido al ocuparte de este asunto por el que ellos tenían, desde hace años, interés en resolver.

Le hablé de este asunto al Director Gral. de Arquitectura, que es quién se hizo cargo de todas las obras de Regiones Devastadas, y me dice que os encargueis de hacer la Obra, y, cuando esté terminada, que le enviéis la certificación de la misma para él acordar el Pago, ya que es su deseo expreso de que ésto sea con cargo a dicha Dirección General como lo viene haciendo con la reparación de otras Iglesias.

Por todo ésto mucho te agradecería que, cuanto antes, concedieses esta Obra a un contratista para que la ejecutase y una vez que tengas las certificaciones del importe de la misma, me la envías para yo hacerla seguir al Director Gral. de Arquitectura.

Mil gracias y un fuerte abrazo de tu buen amigo que pronto espero verte en compañía del Arquitecto Sr. Andrada,

Escrito de Ricardo Catoira Garaboa como alto cargo da Casa Civil de SE el Jefe del Estado ao daquela alcalde da Coruña Sergio Peñamaría de Llano, remitido desde o Palacio Real de Madrid (sede da Casa Civil de Franco e de Patrimonio Nacional nesas datas) en relación coa redacción e construción do porche da nova igrexa de Meirás.

Archivo de Palacio. Fondo de la Casa Civil de SE el Jefe del Estado. Diversa documentación relativa al Pazo de Meirás. Sobre proyecto para la concesión de porches adosados a la Iglesia Parroquial San Martín de Meirás.



S.

MINISTERIO DE LA VIVIENDA

DIRECCION GENERAL DE ARQUITECTURA, ECONOMIA Y TECNICA DE LA CONSTRUCCION

Madrid, 26 de Septiembre de 1964

DE: DIRECTOR GENERAL

A: ILMO. SR. D. VALENTIN PACHECO. Secretario de la Junta Nac. de Reconstrucción de Templos Parroquiales.

Asunto:

Para constancia en esa Sección le envio copia de la Orden que se ha enviado a la Ordenación Central de Pagos, con fecha 8 del actual, para que expidan a favor de la Iglesia Parroquial de San Martin de Meiras-La Coruña, el libramiento por 360.000 pts. importe líquido de la subvención que se había concedido.

EL DIRECTOR GENERAL,

MINISTERIO DE LA VIVIENDA
JUNTA NACIONAL DE RECONSTRUCCION DE TEMPLOS PARROQUIALES
Registro ENTRADA n.º 2211
Día 28 Mes 9 Año 1964

que transcorrían os veráns do ditador a un amplo programa de construción, rehabilitación e obras de reforma das igrexas de todo o Estado.

Esta primeira subvención serviu para financiar as obras de construción da cimentación e de muros (para os que se aproveitou a pedra da antiga igrexa de Meirás), colocación de «pizarra de Compostela» na coroación dos muros, e a construción da escaleira da igrexa. Todo isto cun custo total de 402.354,64 pesetas do ano 1964[5].

Meses despois, noutro Consello de Ministros, celebrado nesta ocasión no Pazo de Meirás o día 20 de agosto de 1964, aprobaríase unha nova subvención para o templo parroquial por valor de 342.000 pesetas.

Comeza a construción da nova igrexa en 1962 por desexo expreso de Franco, que asume persoalmente a supervisión das obras e encarga nese ano a Ricardo Catoira —persoa de confianza do ditador e alto cargo da Casa Civil da Xefatura do Estado— que xestione a elaboración dun proxecto para a construción dunha cuberta na entrada da igrexa, xa que no proxecto orixinario a igrexa non contaba co soportal. Este, pola súa vez, solicita a súa redacción ao Concello da Coruña.

O 5 de novembro, o secretario particular do Xefe do Estado recibe unha carta do alcalde Peñamaría de Llano na que lle notifica o que xa agardaban: «Tengo el gusto de adjuntarte el proyecto de los porches para la Iglesia Parroquial de San Martín de Meirás, como habíamos quedado». Tres días despois, Catoira responde agradecendo o traballo realizado e comprometéndose a manter ao rexedor «al corriente de las gestiones que hago»[6].

Esas xestións de Catoira consistían basicamente en amosar o proxecto aos Franco para que desen o seu visto e prace. Unha vez contrastado, comunícallo o 24 de novembro dese ano a Peñamaría, indicando os trámites que debería seguir a partir dese momento: «Recibí el proyecto para la concesión de esta nueva atención que has tenido al ocuparte de este asunto por el que ellos tenían, desde hace años, interés en resolver»[7].

As obras de dotación deste novo soportal na igrexa foron certificadas o 31 de agosto de 1963 por un importe de 138.643,65 pesetas, que incluía os piares, viga e teito do propio soportal, a construción do banco exterior, pinturas e diversos remates.

O templo foi deseñado polo afamado arquitecto Andrés Fernández-Albalat, que deixaría a súa pegada noutros lugares do concello de Sada. Foi el o deseñador, por exemplo, do Museo Galego de Arte Contemporánea (O Castro) ou das vivendas dos mariñeiros (Fontán).

A igrexa careceu de imaxes desde a súa construción, agás un cristo crucificado que pende do teito, unha talla en pedra da Virxe, obra do escultor compostelán José Cao Lata, e un mural da pintora Antonia Dans cunha imaxe de san Martiño de Tours. Na parte dereita da igrexa desde a entrada, hai unha zona reservada para cerimonias bautismais na que se atopa unha ara romana, peza arqueolóxica de grande interese patrimonial, e na zona baixa do conxunto estableceuse un salón parroquial para uso de diferentes actividades.

As subvencións que recibiu a igrexa en Meirás para a construción do templo, como xa se comentou, formaban parte dun macroplán estatal xestionado por un ente denominado «Junta Nacional de Templos Parroquiales», dependente do «Ministerio de la Vivienda». Esta «junta» contactaba directamente cos curas párrocos —no caso de Meirás con Antonio Pa-

[esquerda] Escrito do expediente administrativo relativo á construción da igrexa parroquial San Martiño de Meirás

ES.28005.AGA//AGA,52,04178. Anos 1963-1964. Arquivo Xeral da Administración.

[dereita] Vista actual da inscrición nunha das campás da igrexa parroquial de Meirás.

Cedida polo autor



zo Buján— para a xestión das cuestións administrativas. A xustificación para a súa concesión, segundo consta no expediente era, «entre otras, considerando que las Iglesias, Conventos e Instituciones benéficas subvencionadas, o bien carecían de medios para la ejecución de obras imprescindibles, o bien después de haber empleado las aportaciones propias y las de los fieles, les había sido imposible finalizar aquellas»[8].

As campás da igrexa semellan aproveitadas da edificio antigo, xa que aínda levan a pegada da familia Franco, conservando a inscrición datada en 1952 co seguinte texto «Excelentísima Señora doña Carmen Polo de Franco».

O 23 de agosto de 1966 foi a data escollida para a inauguración do novo templo de Meirás, coa asistencia do ditador Franco e da súa dona Carmen Polo, aproveitando a súa presenza nese verán no Pazo de Meirás. Un acto de estado onde todo estivo perfecta e previamente organizado polo Gobernador Civil da Coruña e que contou coa cobertura do NODO da época, que narrou o acontecemento da seguinte maneira:

> A corta distancia del Pazo de Meirás, acaba de ser edificada sobre el solar de un viejo templo la nueva iglesia parrroquial de San Martín, cuya consagración y primera misa se realizan con asistencia del generalísimo Franco y su esposa, a quienes recibe en la puerta del atrio el cardenal arzobispo de Santiago doctor Quiroga Palacios.
>
> La nueva iglesia, puesta bajo la advocación de San Martín de Tours, tiene cabida para 500 fieles. El interior, de sobria decoración, se ajusta a las modernas orientaciones del Concilio. Al sellar el cofre de reliquias sobre el ara, ayuda al purpurado el director general de la vivienda como arquitecto mayor. Ante el altar, Sus Excelencias reciben la bendición del cardenal arzobispo de Compostela.[9]

Desta maneira, as administracións franquistas concentraban todo o investimento público en Meirás en dous puntos concretos que ademais pretendían ser dous espazos privados. O primeiro, o Pazo de Meirás, convertido desde finais da década dos anos 30 en residencia oficial de verán da Xefatura do Estado, que captaba todo tipo de recursos públicos para o seu mantemento e mellora, mais coa intención da familia Franco de que fose unha propiedade privada. O segundo, a igrexa no seu conxunto, ao ser piar no que se asentaba a ditadura franquista, e de maneira particular a de Meirás: a derivación de recursos públicos para a súa construción estivo vinculada á presenza do ditador en Meirás durante os veráns, mais manténdose a propiedade do ben en mans da Igrexa católica.

Porén, a igrexa interpretaba este investimento como «popular». E disto deixou constancia o cardeal arcebispo na misa inaugural celebrada en Meirás, na que non aforrou loas ao ditador e destacou a «honda preoucupación del Jefe del Estado por dotar al pueblo cuyos destinos rige no solo de bienestar material, sino también espiritual».

Durante o franquismo non existiu política pública en Meirás en ningún eido, agás aquelas que estaban vinculadas á presenza estival do ditador. Por exemplo, ningún camiño ou estrada municipal interior da parroquia estaba asfaltado, agás un: o que conducía desde o Pazo de Meirás á igrexa, e que a

El Gobernador Civil
y Jefe Provincial del Movimiento de
La Coruña

Tiene el honor de participar a _____, rogándole su asistencia, que el próximo martes, día 23 y a las once de la mañana, tendrá lugar la ceremonia de consagración por Su Eminencia Reverendísima el Cardenal Arzobispo de Santiago, de la nueva Iglesia Parroquial de San Martín de Meirás, acto que será presidido por S. S. E. E. el Jefe del Estado y Señora.

La Coruña, 18 de Agosto de 1966.

_____ Jefe _____

[esquerda] Inauguración da igrexa de Meirás

Arquivo da Filmoteca Nacional. NODO correspondente ao 5 de setembro de 1966.

[centro] Convite de asistencia á inauguración da igrexa de Meirás. O texto era o que segue: "El Gobernador Civil y Jefe Provincial del Movimiento de La Coruña, tiene el honor de participar a ..., rogándole su asistencia, que el próximo martes, día 23 y a las once de la mañana, tendrá lugar la ceremonia de consagración por Su Excelencia Reverendísimo el Cardenal Arzobispo de Santiago, de la nueva Iglesia Parroquial de San Martín de Meirás, acto que será presidido por SS.EE. el Jefe del Estado y Señora. La Coruña, 18 de agosto de 1966.

[abaixo] Disposición das persoas asistentes á inauguración.

Archivo de Palacio. Jornada veraniega en el Pazo de Meirás. 1966. Consagración Iglesia S. Martín Meirás.



Deputación Provincial mantiña sempre en perfecto estado de cobertura asfáltica.

Coa morte do ditador en 1975, a igrexa de Meirás vaise converter nun lugar de memoria franquista. Nos anos inmediatamente posteriores á desaparición física do ditador, en Meirás vaise celebrar unha misa ao final do mes de agosto en memoria de Franco, coa presenza de «autoridades» civís e militares da época. Co paso dos anos, a concorrencia a esta misa irá diminuíndo e a presenza de «autoridades» será escasa.

A maneira de exemplo, 20 anos despois da morte do ditador a tradición persistía, se ben desaparecera xa en gran medida o aparato oficial que acompañaba as cerimonias tempo atrás. Tamén a concorrencia se vira minguada. Daquela —ano 1995—, o párroco explicaba que o motivo do oficio en honra de Franco era agradecer que «el Caudillo sufragó de su propio pecunio esta iglesia y su rectoral»[10], algo que, como vimos, non se correspondía coa realidade.

Mais certas inercias do franquismo manteranse en Meirás incluso moitos anos após da morte do ditador. Así, por exemplo, a Deputación da Coruña, presidida entre os anos 1999 e 2003 por Augusto Cesar Lendoiro, e por acordo e instancia do Concello de Sada, que naquel momento presidía o alcalde Ramón Rodríguez Ares, acordaba a remisión de novos recursos públicos á igrexa de Meirás.

Ambos gobernos do Partido Popular da época acordaban incorporar esta igrexa ao «Plan 2000 de arquitectura popular». O tellado do templo parroquial estaba moi deteriorado, entre outros elementos, e había goteiras que foron reparadas a cargo do erario público e por valor de máis de 4 millóns das antigas pesetas do ano 2001, o que custou a nova impermeabilización e mais a reparación de teito e cristaleiras en mal estado.

Era un novo investimento, en plena democracia, nun ben privado da Igrexa que naquel momento non gozaba de protección patrimonial que o xustificase, executado de maneira directa polas administracións públicas nun estado constitucionalmente aconfesional. Este feito —reproducido noutros equipamentos da Igrexa alén de Meirás— é cando menos contraditorio e só se explica desde esas inercias do franquismo que aínda perduran na sociedade[11].

[arriba] Vista do adro da igrexa e dos "porches" construídos baixo supervisión do propio ditador Franco e proxectados polo Concello da Coruña .

[no centro] Vista da igrexa desde a súa parte traseira na que aparece en primeiro plano a nova reitoral.

[abaixo] Outra perspectiva da igrexa de Meirás, desde o lugar onde está situada actualmente a casa do pobo da parroquia. Na parte superior esquerda da imaxe aparece a antiga casa reitoral nun estado de conservación moito mellor que o actual.

Fondo fotográfico do arquitecto Andrés Fernández-Albalat. ES.GA.15030.ARAG/5.2.1.1//FL.Caixa 12-45. Arquivo da Real Academia Galega.

[1] *El Compostelano,* 27/08/1940.

[2] *España Popular* (México), 14/12/1940.

[3] Entre a morte de Benigno Mallo e a chegada a Meirás de Antonio Pazo Buján houbo outro cura párroco, Manuel Villaverde Marcos, que exerceu na parroquia entre 1961 e 1962.

[4] Esta subvención contaba con dúas grandes partidas, unha co orzamento da contrata por valor de 360.000,00 pts e outra de 40.000,00 pts en concepto de gastos xerais.

[5] Escrito do expediente administrativo relativo á construción da igrexa parroquial San Martiño de Meirás (ES.28005.AGA//AGA,52,04178. Anos 1963-1964. Arquivo Xeral da Administración).

[6] Diferentes escritos do expediente: *Sobre proyecto para la concesión de porches adosados a la Iglesia Parroquial San Martín de Meirás* (Archivo de Palacio. Fondo de la Casa Civil de SE el Jefe del Estado. Diversa documentación relativa al Pazo de Meirás).

[7] Idem.

[8] Expediente administrativo relativo á construción da igrexa parroquial San Martiño de Meirás. Id.

[9] NODO correspondente ao 5 de setembro de 1966 (Arquivo da Filmoteca Nacional).

[10] *La Voz de Galicia*, 29/08/1995.

[11] Este artigo é unha ampliación de datos publicados no libro *Meiras. Un pazo, un caudillo, un espolio* (Carlos Babío Urkidi, Manuel Pérez Lorenzo. Fundación Galiza Sempre, 2017).

Interior do templo parroquial de Meirás. Á dereita do altar, os asentos e reclinatorios destinados ao ditador Francisco Franco e a Carmen Polo

Fondo fotográfico do arquitecto Andrés Fernández-Albalat. ES.GA.15030.ARAG/5.2.1.//FL.Caixa 12-45. Arquivo da Real Academia Galega.

O inexplicable abandono do Museo Carlos Maside

MIGUEL ANXO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

No seu día foi un soño, o Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside. Debemos imaxinar as primeiras conversas en Arxentina de Isaac Díaz Pardo con Luís Seoane e outros exiliados galegos, falando da necesidade de recuperar as obras e os nomes, a memoria das persoas que fixeron posible o renacer cultural da Galicia do primeiro terzo do século XX. Intuímos a ilusión ao ver que, á altura dos anos sesenta, algúns comezaron a ver factible a realización deste museo, a partir dun traballo de recuperación de obras de arte e materiais da cultura de vangarda vencellada ao galeguismo e ás persoas máis comprometidas coa modernización cultural de Galicia, unha modernización consciente, implicada, «situada», como diriamos hoxe. Fíxose realidade en maio de 1970.

O Carlos Maside foi un museo pioneiro, tanto pola recuperación da cultura vinculada cos exiliados e represaliados —o legado cultural das persoas que morreron ou tiveron que fuxir pola Guerra Civil e o franquismo— como pola aposta polo traballo de conformación dun conxunto vinculado ás novas expresións artísticas. Púidose crear e poñer en marcha grazas ao esforzo de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, e o apoio da empresa Cerámicas do Castro, que se ocupou do espazo e o mantemento.

O Carlos Maside reuniu unha importante colección e presentouna nun formato que tiña en conta as recentes propostas museolóxicas que se estaban a ver noutras partes de Europa. Tamén foi pioneiro na reunión de obras de arte e outros materiais como banda deseñada ou elementos teatrais conformando un arquivo da cultura galega de vangarda. Activouse cunha serie de propostas como conferencias, ciclos de cinema, visitas de centros escolares, que contaron cunha grande asistencia. Pero nos primeiros anos do século XXI, logo dun período de inestabilidade económica e loita polo control das empresas, Díaz Pardo é apartado da dirección de Cerámicas do Castro e Sargadelos en 2006, e o museo veuse abaixo. O Carlos Maside leva anos languidecendo, pechado, nun estado deplorable e con preocupación crecente polo estado de conservación das pezas. Segundo os actuais administradores das empresas, nos momentos de maiores dificultades económicas os esforzos tivéronse que concentrar en salvar postos de traballo e pagar nóminas. A ausencia de investimento e o abandono do museo son palpables, e en 2010 solicitouse no Parlamento de Galicia a incoación do expediente para a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) do Museo. Ante o abandono persistente e a ausencia de novidades no referido á declaración de BIC, unha serie de iniciativas están a reclamar nos últimos anos que se corrixa este desleixo e que as administracións tomen cartas no asunto.

AS ORIXES E O SEU INCERTO ESTATUTO LEGAL

A orixe do museo haina que situar nun espazo indeterminado nacido coas conversas e o intercambio entre os exiliados da Arxentina e Díaz Pardo, nun período no que as pontes entre os exiliados e as persoas que defendían a cultura e a recuperación da memoria desde Galicia se foran fortalecendo. As viaxes de Díaz Pardo a América, desde os anos cincuenta, foron cruciais neste senso, como indica Mª América Díaz Pampín nun artigo publicado nesta revista[1]. As conversas e o contacto estreito que tiveron Díaz Pardo e Luís Seoane en 1963 posibilitaron a definición de todo un programa de actuación cultural, co soporte das empresas creadas. Nos primeiros meses do ano Díaz Pardo está en Magdalena

(Arxentina), e o verán pásano Seoane e Maruxa no Castro, con Díaz Pardo e Carmen Arias. Das conversas e traballos deste tempo nace o Laboratorio de Formas e a idea de restaurar a tradición cerámica de Sargadelos. O Laboratorio de Formas de Galicia foi a estrutura que amparou a creación das empresas culturais do grupo —desde Ediciós do Castro ao Museo, pasando polo Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Creado na Arxentina en 1963 e escriturado en 1968, naceu, en palabras de Ramón Villares, pola vontade de protexer as iniciativas culturais a través dun organismo autónomo: «A obsesión por defender a posición do artista fronte á cobiza empresarial, levouno a institucionalizar os labores de creación a través de laboratorios e seminarios, concibidos como viveiros para a investigación aplicada».[2]

O museo creouse como un dos elementos centrais do proxecto de recuperación cultural que Díaz Pardo e Seoane concibiran desde o Laboratorio. Tanto o museo como o resto das actuacións contaban co apoio económico das empresas cerámicas que Díaz Pardo montara nas décadas centrais do século, O Castro e Sargadelos. Unha escritura pública establece en 1970 a Fundación do Museo como modelo de xestión, estando vinculada ás empresas do Laboratorio de Formas e de Cerámicas do Castro; pero, como ten indicado Inmaculada Real, Díaz Pardo e Seoane foron desde o inicio moi conscientes da necesidade de buscar unha independencia na xestión do museo, procurando manter a fundación «á marxe da actividade empresarial e rexida polos seus propios estatutos».[3]

Este medo a unha dependencia excesiva con respecto á empresa e a intuición de que persoas non comprometidas cos propósitos do museo se fixeran co seu control (mesmo deixasen caer o proxecto), xa se vía reflectido nas cartas que se intercambiaron a finais dos anos sesenta. Seoane defendía en agosto de 1969 que o museo estivese libre de dependencias «formais» de grupos ou corporacións, baixo o paraugas da empresa, pero mantiña a porta aberta a unha saída da colección en caso de dificultades:

> Nada de Patronato, ni de Juntas, ni de Comisiones, etc. Se trata de un museo propiedad de Cerámicas del Castro y cuyas obras donadas por particulares en caso de disolución de esta entidad, pasan a propiedad del Museo gallego que dependa de la administración gallega, ayuntamiento o diputación. Se mantendrán las donaciones en calidad de usufructo. Quizás cuando se pueda, dentro de algunos años, la diputación pueda hacerse cargo de él y engrandecerlo.[4]

Ao pouco de comezar a funcionar, en 1971, Díaz Pardo e Seoane acordan a creación dun Padroado, como paso previo á constitución dunha fundación que garantise a autonomía da institución. Agar Ledo recolleu nun artigo publicado en *Grial* as palabras de Luís Seoane a Mariano Dónega, daquela, secretario do museo, en carta de 1974:

> Maxino que é urxente crear o Patronato que dalgún xeito interveña en todo esto. Unha laboura como é a de un Museo non pode quedar suxeta a ningunha vontade persoal. O museo é ó meu xuicio, unha das creaciós máis importantes, co Seminario denantes, con Galaxia, Penzol e Sargadelos hoxe, feitas en Galicia en moito tempo [*sic*.][5]

Primeiro, o museo estivo aloxado en dependencias de Cerámicas do Castro, logo nun edificio novo, do Laboratorio de Industria e Comunicación (LICSL) —probalemente para protexer os proxectos culturais ideados desde o Laboratorio de Formas, indica Agar Ledo—, e xa desde 1982 no edificio actual, deseñado por Andrés Fernández-Albalat.[6] Chegouse a crear o Padroado, que mantivo unha actividade regular a través de reunións, pero a fundación non se formalizou. O convenio que deu pé á creación do museo non chegou a ter entidade xurídica.

O «valor cultural» é un dos elementos chave na interpretación do que supón o Museo Carlos Maside, e foi destacado por Mª Luisa Sobrino Manzanares e Javier Ferreira, no Informe para a Declaración de BIC realizado en 2018 a instancias do Consello da Cultura Galega. Este valor é un intanxible demasiado poderoso como para se ver reducido ao concepto de «prezo» e implica unha dobre obriga: das administracións que deben velar polo patrimonio e a memoria do pobo, e das empresas involucradas no coidado deste legado. Saliéntase no citado informe que edificio e colección son entes inseparables, entendéndose o deseño de Albalat como relativo á colección, e as obras reunidas pola dirección e o padroado como elementos nesa secuencia despregada a través dos hexágonos que conforman o espazo museístico. Os mesmos artistas, cando doaron obra, fixérono desde a confianza nun proxecto que estaba a construír un relato novo da historia da arte galega.

> Dende a súa fundación o Museo Carlos Maside contou con doazóns de colecciós particulares vehiculadas a través dos membros do Laboratorio de Formas. Parte importante deste patrimonio inicial serán os fondos doados por coleccionistas privados de Galicia (García Sabell, Paz Andrade,

Álvaro Gil, Celso Emilio, Arturo Cuadrado, Eugenio Granell, Ramón Martínez López, Rafael Dieste, Martínez Risco, Neira Vilas, Gala Murguía...), que incrementaron e completaron o ímpeto fundacional da colección. Desde a súa creación, contou así mesmo co apoio de artistas coetáneos e doutros máis novos como os da xeración Atlántica, representados tamén no museo con obras en depósito ou doadas por eles mesmos[7].

UN MUSEO PIONEIRO

O empeño de Díaz Pardo e Luís Seoane, a través do Laboratorio de Formas, fixo que se reunisen un número considerable de pinturas, deseños, esculturas, cómic e libros, nun museo cun plan de funcionamento ben pensado e acorde coas liñas da museografía que á altura dos anos sesenta e setenta se estaban a experimentar nos países europeos. Ademais de polo seu enfoque renovador (nos contidos e no funcionamento), e polo obxectivo de recuperar a creación cultural da Galicia do exilio, o modelo de museo dinámico e aberto á sociedade fixo del un proxecto pioneiro no ámbito peninsular. Hai que salientar que o traballo de adquisición —pola vía de compras, doazóns, depósitos e legados—, non se podería ter feito se non se contase cun elemento central: a confianza posta nesas persoas que estaban a construír a utopía cultural galaica no Castro de Samoedo. O Castro era un enclave onde se estaba a experimentar un novo modelo cultural.

En setembro de 2021 celebráronse xornadas en Sada e en Compostela para debater sobre o estado do museo e a colección, e formular propostas para a súa reactivación.[8] A necesidade de poñer en marcha un estudo sobre a colección e a declaración de Ben de Interese Cultural foron vistas como tarefas urxentes en ambas as reunións. Non fondo, non se facía senón reincidir na chamada ás administracións —nomeadamente á Xunta—, para que dunha vez se incoase o expediente e se «blindase» un legado en perigo real de desaparición.

Rosario Peiró (xefa de colecciónes do Museo Reina Sofía) e Inmaculada Real (investigadora posdoutoral especializada en museoloxía) aludiron nas Xornadas celebradas en setembro en Compostela ao carácter pioneiro do Carlos Maside como museo recuperador da memoria e da cultura do exilio.[9] Peiró indicou que un dos obxectivos que artellaron a reestruturación da colección do Reina Sofía —recentemente presentada—, foi dotar de centralidade a obra das persoas exiliadas (obra non só artística), establecendo unha relectura da arte contemporánea a partir dos vínculos entre os que quedaron e os que tiveron que marchar trala Guerra Civil. Precisamente isto estaba a facer o Carlos Maside desde a década dos setenta, converténdose nun museo pioneiro en España neste traballo de recuperación cultural; foi, segundo Inmaculada Real, o primeiro museo con perspectiva memorialista e do exilio creado no Estado español.

A DECLARACIÓN DE BIC

Nas xornadas de setembro, a avogada Patricia Gabeiras incidiu no problemático estatuto legal do museo, por carecer de personalidade xurídica como tal. Pero o Carlos Maside é unha institución que garda uns bens patrimoniais de altísimo valor, o que «obriga» a empresa e administracións a facer todo o que estea nas súas mans para garantir a conservación e divulgación dos materiais. En termos legais, sinalou Gabeiras, é unha «comunidade de bens», que debería formalizar dalgún modo o seu estatuto xurídico. A crea-

ción dunha fundación específica podería ser a mellor fórmula para dotar dunha estrutura estable a un conglomerado no que a investigación cultural se debe coordinar cunha xestión económica solvente. Tarefas urxentes, segundo Gabeiras, son a determinación dos elementos que deben entrar a formar parte do BIC (edificios, coleccións de arte, arquivo...) e unha investigación sobre as formas de incorporación das pezas no museo ao longo do tempo.

Estamos a ver que en toda a polémica sobre a xestión do museo paira o espiñento asunto da propiedade. De quen é a colección? As diverxencias entre os herdeiros do Laboratorio de Formas de Galicia e a empresa son patentes, e están a afectar á toma de decisións sobre a colección. Sabido é que a parte «intelectual» do proxecto estaba ao cargo de Díaz Pardo e o Laboratorio; pola contra, o diñeiro saía do grupo de empresas de cerámica. Guillermo Escrigas, antigo xerente do Museo —falecido a fins do ano pasado— resumiuno así nas xornadas celebradas en Compostela: o edificio do museo era do LICSA, o contido non: quen mandaba no museo era Isaac.

Os autores do informe do Consello da Cultura Galega (2018) foron claros na súa proposta de que «tanto o edificio do Museo Carlos Maside como a Colección documental e pictórica que albergan» tivesen a protección que a declaración de BIC outorga. Ademais, avogaron pola personalidade xurídica propia -desde a forma fundacional- e a achega de recursos para reactivar a vida do museo.[10]

O vínculo do museo coas empresas de cerámica é máis que evidente, como tamén o é que o funcionamento e as premisas en que se basean ambas entidades son distintas: se as empresas foron o soporte económico do proxecto cultural, este despregou a súa magnitude a partir da idea de reconstrución exemplar das formas culturais de vangarda en Galicia; tantas persoas da cultura galega que se involucraron e aportaron obra ao museo non poden ficar coa decepción de ver como un legado que se construíu con tanto esforzo se bota a perder. A orixinalidade dese vínculo entre proxecto cultural e empresa non ten por que acabar, pero é urxente que se configure unha estrutura estable que garanta a autonomía de xestión e a achega de recursos para unha xestión eficiente no económico, aberta á cidadanía, e atenta aos labores de investigación sobre formas e procesos culturais. Todo debe comezar por protexer, vixiar e restaurar, por iso a declaración de BIC é tan urxente.

[1] María América Díaz Pampín: «As viaxes de Isaac», *Areal. Revista Cultural de Sada*, 6 de febreiro de 2021. https://www.areal.gal/2021/02/as-viaxes-de-isaac.html

[2] Ramón Villares: «Isaac na Arxentina», en Díaz Arias de Castro, Camilo; Díaz Arias de Castro, Xosé, comis. (2020): *As miradas de Isaac. Centenario de Isaac Díaz Pardo (1920-2020).* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Fundación Cidade da Cultura de Galicia, p.92.

[3] Real López, I.: *El Museo Gallego de Arte Contemporáneo Carlos Maside*, Ed. Trea, Xixón, 2018, pp.72-74.

[4] Carta do 8 de agosto 1969, de Luis Seoane a Díaz Pardo. «Colección: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane». Fondos documentais do Consello da Cultura Galega, enlace: http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistolario.php?epistolario=10143

[5] Carta de Luis Seoane a Mariano Dónega, en Ledo, A.: «Museo Carlos Maside. O relato da outra historia», *Grial. Revista Galega de Cultura*, t. 54, nº. 209 (2016), pp. 132-133.

[6] *Ibíd.*, pp. 131-132.

[7] *Informe sobre o valor patrimonial do conxunto artístico e arquitectónico integrante do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside (O Castro-Sada)*, Consello da Cultura Galega, xaneiro de 2018. Elaborado por Mª Luisa Sobrino Manzanares e Xavier Ferreira Fernández.

[8] A Asociación Irmáns Suárez Picallo organizou a mesa redonda «Significado e futuro do Muse Carlos Maside», celebrada o día 9 de setembro de 2021 en Sada; Agar Ledo, Germán Labrador e eu mesmo as «Xornadas Museo Carlos Maside: un patrimonio cidadán», en Compostela e Sada.

[9] Xornadas «O Museo Carlos Maside: un patrimonio cidadán», Consello da Cultura Galega / Concello de Sada / Universidade de Santiago de Compostela, 27 e 28 de setembro de 2021. Os vídeos da primeira sesión están dispoñibles na páxina web do Consello da Cultura Galega: http://consellodacultura.gal/evento.php?id=201177

[10] *Informe sobre o valor patrimonial do conxunto..., Op. Cit.*, p. 14.

Magdalena, 1958. Obra de Xosé Otero Abeledo, Laxeiro | Fondos do Museo Carlos Maside. Facilitada por Xosé Díaz

JOSÉ Mª MONTES

BICENTENARIO DO SEU NAC

1822
2022

OSEDO-SADA

2022 é o ano do bicentenario de José María Montes. Nacido no Castro, en Osedo, o 24 de xullo do ano 1822, o seu nome apenas significa nada na sociedade galega de hoxe. Tampouco no ámbito local, en Sada. Porén, foi Montes un recoñecido avogado, un pioneiro do xornalismo e un notable poeta, con interesantes incursións no teatro. Unha figura destacada das letras e da política do seu tempo que se foi esvaecendo após a súa morte.

Retomamos, con este breve dossier, a tarefa de recuperar a unha figura poliédrica, cun bo feixe de obras conservadas. Unha labor comezada xa no nº 2 da revista *Areal* cun artigo biográfico hai xa máis dunha década. Agardamos poder dar ao prelo, en breve, unha escolma da súa produción literaria e xornalística.

CEMENTO

«A la Torre de Hércules».
Manoscrito de José María Montes (1862)

RAG. Depósito 1 Caixa 353 30 2

POETA | XORNALISTA | DRAMATURGO | POLÍTICO | AVOGADO

Notas biográficas[1]

José María Montes, figura de relevancia no panorama político e literario galego do XIX, estivo profundamente ligado a Sada. Polo seu nacemento, pero tamén porque casou coa súa veciña Rita Arias Calviño, do pazo do Castro de Enriba, o que o levou a morar nesta casa –alternando residencia coa Coruña– durante boa parte da súa vida.

Estudante na Compostela dos anos 40, onde integra a Academia Literaria de Santiago, desenvolvería unha longa carreira como avogado. Nalgunha ocasión, a prensa comentaba a súa alocución de defensa dunha acusada salientando «algunas de sus partes matizadas de ese color poético que se descubre siempre en todo lo que brota de la fecunda imaginación del Sr. Montes»[2].

As súas facetas como xornalista e como poeta son abordadas nas páxinas que seguen. No campo da dramaturxia, publicou dúas pezas en tres actos e en verso, a comedia *Honor Gallego* e o drama histórico *Eric XIV*, ambas na Coruña de 1862.

Desde moi novo, integrouse nos círculos liberais e provincialistas, que defendían a modernización e a descentralización do Estado. O seu progresismo derivaría nun ideario demócrata e republicano, presidindo, nos seus últimos anos, o comité coruñés do Partido Democrático Gubernamental. Interveu tamén na política municipal de Sada, ocupando o cargo de alcalde en varias ocasións desde os anos 60 ata a súa morte, acaecida no Castro o 29 de febreiro do 1892.

[1] Para máis información acerca da biografía de Montes, vid. Pérez Lorenzo, M. (2011): «Nomes propios. José María Montes, un escritor esquecido», *Areal. Revista Cultural de Sada*, nº 2.
[2] *La Voz de Galicia*, 01/08/1883.

«Paladín de la honra de Galicia»

A obra xornalística de José Mª Montes

MANUEL PÉREZ LORENZO

Aínda que poida soar a tópico, podemos afirmar que José María Montes y Rouco é un home do seu tempo: un século XIX de profundas transformacións (máis no terreo político que no social) no que agroman correntes de pensamento caracterizadas pola fe no progreso, a confianza nun porvir mellor, en boa medida grazas aos avances técnicos e científicos. Ao longo do seu periplo vital, este home poliédrico puido contemplar o desenvolvemento da industrialización e o xurdimento do movemento obreiro, o progresivo desmantelamento do Antigo Réxime e a consolidación do liberalismo, a irrupción do ferrocarril, da teoría da evolución de Darwin ou da música de Wagner. Sobre as ruínas dun mundo vello, en Galicia representado pola decadente fidalguía dos pazos, da que el forma parte, vaise erguendo un mundo novo, e nese proceso participa con entusiasmo. «Todo tiende en nuestra época –afirma– a adquirir un carácter de movilidad extraordinaria, en consonancia con los portentosos adelantos que la distinguen tan marcadamente de las anteriores»[1].

A súa obra escrita é produto dese tempo e das inquedanzas que o foron acompañando ao longo da súa vida. Probablemente sexa na súa creación en prosa onde mellor se advirte a natureza do seu pensamento. Ademais de cultivar o teatro e a poesía, José María Montes dedicou boa parte do seu tempo ao exercicio dunha actividade que andaba entón os seus primeiros pasos: o xornalismo. Colaborador habitual en multitude de cabeceiras desde os seus tempos de estudante en Compostela, tamén se encargou da dirección e da redacción dun bo feixe de xornais e revistas[2].

O OFICIO XORNALÍSTICO

O labor xornalístico asumiuno como parte do seu compromiso coa sociedade. Nunha carta ao xornal *El Gallego*, de Pontevedra, expresábase ao respecto deste xeito: «Como en las crisis de vida o muerte para un pueblo, es la prensa quien hace oír sus lamentos, quien manifiesta las razones de sus quejas, y quien lanza un anatema sobre la frente de cuantos ocasionan su triste situación»[3].

Produto deste traballo e deste xeito de entender o oficio é un bo número de textos. Os que temos recollido, pequena parte sen dúbida de todos os que saíron da súa pluma, preséntannos un xornalista que escribe fundamentalmente artigos de opinión –unha opinión explícita, nunca disfrazada– e de divulgación, redactados cun estilo coidado e elegante. Temos un bo exemplo nesta crónica dedicada ao complexo proceso que deu lugar á construción da praza de touros da Coruña. Malia recoñecer o seu potencial para «atraer más forasteros que dejarán [...] pingües utilidades a la industria y comercio», non agocha a súa animadversión cara ao espectáculo taurino:

> Respeto, como debo, toda idea que reporte beneficios a una población; pero también comprendo que debe procurarse con ese objeto seguir una senda que concilie los goces materiales con aquellos que afecten a la realización de las altas miras de la humanidad que, dejando a un lado rancios usos, se propone ensanchar la esfera de la inteligencia.[4]

Proseguía a súa crónica, non exenta de sentido do humor, cambiando de tema cun sarcástico «Entrando en el vasto palenque de la inteligencia, donde son nobles las aspiraciones y sublimes las luchas»... De feito, outro trazo que caracteriza unha parte da súa creación xornalística é o matiz humorístico e irónico. En 1852 promocionaba o periódico *Eco de la Revista* no seu prefacio do seguinte xeito:

> miserables ocho reales cada tres meses se retornan al suscriptor en un semanario de variada lectura, buen papel, correcta y limpia impresión, como todas las obras de nuestra antigua respetable casa, com-

> prendiendo el cartapacio trimestral 208 columnas, 8.320 renglones, 299.520 letras, que para quien sabe el trabajo que cuesta colocarlas una tras de otra es cosa de asombrarse de la paciencia y baratura.[4]

Alén do seu ton, máis severo ou máis xocoso, segundo o caso, a extensión dos textos de Montes tamén é variable, desde o artigo que ocupa un par de columnas ata os que se publican por entregas conformando verdadeiros ensaios. O que non muda nunca é a lingua: toda a súa produción está escrita en castelán, o cal, no que respecta á prosa, comparte cos demais autores da súa xeración. Á morte de Montes, o xornalismo en galego apenas iniciara a súa andaina. Porén, si defende a recuperación do uso da lingua como un dos elementos diferenciais de Galicia. Nun poema no que celebraba a estrea de *A Fonte do Xuramento*, primeira obra teatral en galego logo dunha paréntese de décadas, enxalzaba un idioma que «representa la historia / de mil renombrados hechos» e lanzaba un laio: «¿Cómo los galaicos pechos / Desdeñaron su memoria?»[5].

En referencia á opción lingüística de Eduardo Pondal en *Queixumes dos Pinos*, atribuíaa á previsión do poeta de Ponteceso de que «llegaría un tiempo en el que, para enaltecer las glorias de Galicia, sería preciso entonarlas en su misma habla»[6]. Rexeitaba Montes os estigmas que padecía o galego, un idioma que «abunda en frases para las altas concepciones; pues error lamentable seria creerle solo apto para ideas rudas y groseras». O seu uso antollábaselle, ademais, «palanca poderosa» para o avance do rexionalismo.

O INTERESE POLO DESENVOLVEMENTO AGRARIO E A CUESTIÓN SOCIAL

A lectura da obra xornalística de Montes dinos moito acerca do seu autor, un home atento á actualidade local e internacional e cunha ampla formación, como se desprende das abundantes referencias literarias, filosóficas e científicas que incorpora. Un dos seus textos máis ambiciosos e de maior extensión é o estudo «De los pastos y praderas»[7]. De feito, se atendemos ao número de artigos que lle dedica, a agricultura e a gandería son os seus temas predilectos. Chama a atención acerca da necesidade de modernizalas e de erradicar vellas prácticas que non teñen soporte científico, maior aínda cando conforman un sector económico fundamental para Galicia nun momento no que a industrialización é aínda moi incipiente: «Es preciso que nos fijemos en que si la agricultura es la base más sólida de la prosperidad de los pueblos en toda la faz del globo, lo es más entre nosotros, donde a ella solo debemos el bienestar por menguado que sea»[8].

A fin de contas, el, avogado de oficio, pertence a unha familia de propietarios agrarios que percibe cuantiosas rendas dos seus colonos, polo que se trata dunha realidade que coñece de primeira man. En boa medida, o atraso técnico e as malas praxes estarían relacionados, segundo el, con esta estrutura da propiedade que sitúa a terra en mans de señores que xa non viven no campo e, desde a cidade, a teñen desatendida. Lamenta o costume «de abandonar los dueños sus hogares rústicos, retirándose a las ciudades, y no yendo al campo sino con el exclusivo fin de recrearse sin promover mejoras de las que les resultaría mucho provecho, al paso que ofrecerían a los colonos ejemplos que tratarían de imitar»[9].

Outras causas do atraso terían orixe na desatención por parte dos gobernos do Estado ou nun tratamento inaxeitado ás problemáticas do sector. As políticas agrarias aplícanse desde Madrid sen ter en conta as características particulares de Galicia:

> Siempre que se elaboran proyectos de ese género hay que atemperarlos en la práctica a las diversas maneras en que se halla constituida la propiedad; supuesto que el loco empeño de establecer un molde único equivaldría a resucitar el lecho de Procusto. Huyamos siempre del funesto sistema de centralizar.[10]

Outra praxe perniciosa sería a usura, «principal cáncer roedor de la felicidad agrícola». El convida a «combatirlo con energía y constancia» para rematar coa «hediondez que producen el agio y el sórdido interés de gentes sin entrañas, conocidas por el gráfico nombre de *hombres de negocios*»[11]. Porén, ao que realmente dedica máis esforzos é a propoñer solucións: a creación de bancos agrícolas «con ramificaciones en los principales puntos de Galicia» para ofrecer financiamento a agricultores e gandeiros, a constitución de sociedades de socorros mutuos e asociacións de gandeiros, a mellora da alimentación do gando con criterios científicos, o cultivo de plantas forraxeiras para incrementar a produtividade da terra ou a sementeira de vides americanas para poder facer fronte á ameaza destrutiva da *phyloxera*. Con respecto a esta última cuestión, lembra Montes unha praga anterior, o *oidium*, de consecuencias devastadoras para a produción vinícola na súa comarca natal:

> en la región *de las Mariñas* se colectaba abundante uva y alguna de un licor muy apetitoso distinguiéndose por una sustancia agri-dulce que tenía muchos apasionados.
>
> Pasaron estos tiempos y una plaga de origen desconocido [...] fue paulatinamente matando ese elemento de bienestar para Galicia hasta el extremo

> de que los cosecheros tuvieron que renunciar forzosamente a el, convirtiendo los viñedos en terrenos destinados a cereales y otras plantaciones.[12]

Moitas das respostas aos problemas do sector pasan por instruír a poboación do rural[13] para que desterren costumes como o de cazar de xeito sistemático determinadas especies de paxaros co fin de evitar que se alimenten dos cultivos. Isto repercutiría no incremento das poboacións de insectos, máis prexudiciais que as aves, afondando no problema que se pretendía evitar. Montes traslada, ademais, outra conclusión extraída das súas lecturas: «Destruyendo, pues, indistintamente todas las especies de animales, se origina una ruptura completa en el equilibrio natural, entre los seres del reino animal y los del reino vegetal»[14]. Sinala, con respecto aos animais, a necesidade do «estudio inteligente de sus costumbres, de su régimen alimenticio, de la protección que se les concede y de la destrucción que se les infiere».

Tamén dedica Montes un bo número de artigos a abordar cuestións sociais. Lamenta o contraste entre a opulencia na que viven uns e a pobreza dos «desvalidos»: «no dejamos de contemplar escenas de felicidad en las cuales figuran como actores seres afortunados mientras que otros gimen cruelmente entre la congoja de una existencia maldecida»[15]. Para ilustralo pon como exemplo un banquete ao que asistiron os Reis, e que a prensa describiu dando conta do luxo da decoración ou da vaixela. Porén, a realidade de moitas familias era outra ben diferente:

> De todos los ángulos de la península se difunden descripciones de dolor y de quebranto por efecto de la escasez de subsistencias que se deja sentir ahora más que nunca. Se nos habla de familias que, aguijoneadas por el hambre, abandonaron los hogares donde recibieron el primer ósculo maternal, lanzándose en busca de otras regiones en donde es siempre dudoso obtener una dicha que huye como un fantasma.

Noutro texto alude aos que «vegetan sin abrigo en los rigores del invierno mientras que otros gozan de una vida regalada a costa de la misma miseria que explotan por medio de la usura»[16]. A riqueza opulenta dos uns está na causa, pois, da pobreza dos moitos. Sinala tamén Montes a vía para que os máis «débiles» poidan mellorar as súas condicións de vida: «auxiliarse mutuamente buscando recíproco amparo en las instituciones que basadas en un lazo fraterno, suministran recursos a esas clases cuyos individuos no pueden soportar las graves cargas de la existencia»[17]. É dicir, a unión en asociacións obreiras, como os montepíos, para fornecerse apoio mutuo, achegando unha pequena cota e recibindo auxilio en caso de necesidade.

Na mesma liña, tamén centra a súa atención nunha fiscalidade moitas veces arbitraria, empregada polo caciquismo como ferramenta política. Critica que algunhas cargas, nomeadamente os consumos, non se estean a xestionar «de manera que los contribuyentes las satisfagan equitativamente con estricta proporción a sus haberes o mejor dicho a la respectiva posición social de que disfruten»[18]. Outro aspecto que lle preocupa, e que incide na calidade de vida das clases populares, é o urbanismo. Nunha serie de artigos titulada «Higiene de las habitaciones en Galicia» aborda a relación entre as características das vivendas e a salubridade[19]. Estuda o problema tanto no medio rural como no urbano, pois é coñecedor directo de ambos, dado que alterna a súa residencia entre A Coruña e O Castro. A súa análise das casas de labranza debuxa un panorama sórdido:

> Las constituye un rectángulo, cuyo techo da vía libre a las variaciones atmosféricas. Sus lechos encerrados en una especie de alacenas, están próximos al hogar o contiguos a las cuadras del ganado. Puede decirse que, con pocas excepciones, es la cocina su único departamento interior, en la cual viven entre el humo denso exhalado por la verde leña; pues no hay más chimenea que unas aberturas practicadas en el tejado por donde no logra aquel una franca salida [...]. Carecen de ventanas y si las hay en alguno de los pisos que se denominan «sobrados» son de tan exiguas dimensiones que dejan paso imperfecto a la ventilación.

Conclúe compadecéndose dun campesiñado «que, después de las faenas de un trabajo rudo, se retira a una choza donde no halla un ambiente puro que refresque sus cansadas fuerzas y vigorice su ánimo». Nas cidades, o valor do chan e o afán dos propietarios por lucrarse leva á construción de casas demasiado altas e estreitas, con patios interiores que «conspiran con sus fétidas emanaciones al gérmen permanente de las enfermedades epidémicas». Sería oportuno, afirma el, establecer regras ao respecto, aínda que isto implicase que as administracións se inmiscisen no ámbito individual, pero sabe que «solo el tiempo y los adelantos de la marcha civilizadora de los pueblos podrán conseguirlo un día». Adiántase o noso autor, a finais do século XIX, a algunha das chaves da ordenación urbanística do futuro.

Para Montes, son as institucións públicas as responsables dos males que, como neste último caso, aflixen as clases traballadoras, dado o difícil que é agardar a que se corrixan os abusos «entre gentes ignorantes». Precisamente por esa razón, noutros textos pon en valor a educación como factor de progreso[20].

VARIEDADE TEMÁTICA CON GALICIA COMO RAZÓN

Non se pecha aquí, nin moito menos, a esfera dos intereses do noso autor. Unha característica que se advirte con só botar unha ollada aos títulos dos seus artigos é a variedade das temáticas que aborda, desde os aspectos artísticos e estéticos aos económicos e científicos. Temas todos que converxen nunha teima transversal: a exaltación da personalidade de Galicia, a defensa dos seus intereses e o afán polo seu desenvolvemento en sentido amplo. Na carta citada aos redactores de *El Gallego*, querendo poñelos como exemplo para a demais prensa do país, sinalábaos «como paladines de la honra de Galicia, como celosos mantenedores de sus intereses en cualquiera de sus ángulos a donde convenga llevar la luz de la inteligencia». Iso mesmo é o que se propón Montes. «Para Galicia pedimos sin descanso toda clase de mejoras», exclamaba nun dos seus textos[21]. Noutro expuña un problema ao que atribuía carácter global, pero advertía que «nosotros [...] nos concretaremos como siempre al suelo de nuestra amada Galicia»[22]. O progreso do país como *leit motiv*.

Algúns dos aspectos que aborda están relacionados coas reformas político-administrativas propias dun momento no que se está a crear o Estado liberal. Montes saca á palestra a cuestión da división municipal, apostando pola súa racionalización, suprimindo concellos de escaso número de habitantes para poder dotalos de mellores servizos. Advirte, iso si, o perigo de que estes cambios conduzan a unha «centralización funesta», semellante á que enriquece as capitais dalgúns Estados «con los fondos del resto de la población»[23]. As dificultades na implantación do sistema métrico decimal sérvenlle para verter as súas críticas cara ao Partido Conservador, a quen atribúe a teima en «conservar cuanto adolece de un pasado rancio, en contraposición con los adelantos que por su esencia y forma tienden al progreso de los pueblos»[24]. Por outra parte, o deficitario sistema de comunicacións galego e o desleixo do goberno do Estado con respecto á súa conexión por ferrocarril lévao a concluír que, «tratándose de la paciente y sufrida Galicia todo debe presumirse siempre que sea contrario a sus legítimos intereses»[25].

Na mesma liña de exaltación do progreso, estuda as sociedades mercantís como motores da civilización ao longo da historia. Esta análise lévao a plasmar a súa visión dos procesos colonizadores, en pleno auxe do imperialismo. Seguindo a tónica dominante na época, afirma que foron a conquista e a explotación dos pobos as que os «sacaron de las tinieblas de la ignorancia». Porén, é consciente de que non é o afán civilizador o que move as grandes metrópoles, senón unha xustificación ás súas ambicións materiais:

> Abordaron a sus playas hombres desconocidos, sedientos de oro, que fueron a sepultarse en las entrañas de la tierra para sorber ese metal precioso en los fecundos veneros, que en su seno se escondían. Al pedir hospitalidades, revestían su rostro de cariño y de dulzura y eran melifluas sus palabras, no con el objeto de civilizar a los habitantes de aquellas playas ignotas, sino por que les era necesario cubrir su faz con un engañoso velo para ocultar bajo sus pliegues la abrasadora sed de la codicia[26].

Guiado polo seu espírito positivista e por esas mesmas ansias de progreso, José María Montes interesouse polo desenvolvemento técnico e científico. Os seus coñecementos meteorolóxicos lévarono a encargarse de redactar os prognósticos incluídos no *Almanaque Gallego* de R. Caruncho e R. Navarro para o ano 1882, «con arreglo al meridiano de la Coruña». Nese mesmo ano, advertía acerca da pertinencia de emprazar o instituto da Coruña no Caramanchón, por ser o lugar máis acaído para instalar nel un observatorio meteorolóxico: «Allí, avanzado sobre el Atlántico, se demostrarán con más verdad las presiones atmosféricas, los cambios de temperatura, las indicaciones del anemómetro, las alte-



AÑO I. Coruña, 12 de Marzo de 1875. NÚM 3.

LA LIRA

PERIÓDICO QUINCENAL DE LITERATURA Y MÚSICA

DEDICADO AL BELLO SEXO.

PRECIOS DE SUSCRICION. | DIRECTOR DON JOSE MARIA MONTES. | Redaccion y Administracion, Calle de Acevedo, número 92, bajo.

La Lira, unha das publicacións que dirixiu Montes

Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia

[páx. anterior] Pazo do Castro de Enriba, no que viviu e faleceu José María Montes

MPL

raciones higrométricas, e el actinómetro y pluviómetro funcionarán con más regularidad»[27]. Tamén cultivou a divulgación científica. No *Almanaque político y literario de Galicia para 1869*, que editou o xornal *El Herculino*, publicaba unha «Gacetilla científica» na que informaba acerca do significado dos asteroides, do último eclipse solar ou dunha estatística inglesa que atribuía maiores taxas de mortalidade ás mulleres solteiras. Noutra colaboración, daba conta de dúas novidades: a aplicación da fotografía á meteoroloxía e un novo método de cremación cadavérica, que permitía reducir os cadáveres a cinzas en poucos minutos. Ante o presumible escepticismo arredor desta mellora, pretendía «convencer a las gentes de la utilidad de la reforma, demostrándoles que las emanaciones cadavéricas constituyen un verdadero veneno para los vivos»[28].

Poeta e dramaturgo, Montes dedicará tamén unha parte da súa produción xornalística á crítica literaria, á reflexión estética, á música, á didáctica da lingua (é autor dun *Compendio de gramática castellana para las escuelas*[29]) ou mesmo ás disquisicións de carácter filolóxico[30]. De feito, un dos seus traballos máis voluminosos é o ensaio «Las artes en su relación con la naturaleza»[31], no que aborda a evolución das diferentes disciplinas artísticas ao longo do tempo, a súa función con respecto ao ser humano e o seu necesario vínculo cos modelos que ofrece a natureza.

Desde a dirección de *La Lira*, «Periódico quincenal de literatura y música», promoverá a publicación de textos poéticos e partituras de autoras e autores coterráneos. Neste medio verá luz unha recensión do poemario *Horas de inspiración*, da súa veciña e amiga Emilia Calé, quen tamén repartía o seu tempo entre a capital herculina e as paraxes bucólicas de Osedo. O texto diríxese a Galicia, como suxeito colectivo conformado polo seu pobo, para pedirlle que, dado que foi «tan vilipendiada por mil inicuos detractores», pulverice as súas calumnias demostrando que sabe apreciar ofrendas como a que representa esta obra[32].

Moito máis extenso é o traballo dedicado a analizar *Queixumes dos Pinos*, a ópera magna de Eduardo Pondal, un artigo que redacta gustoso porque con el contribúe a enxalzar as «glorias literarias de la patria de los celtas»[33]. Aproveita Montes para loar o emerxente movemento rexionalista, «vaticinio de una gran reforma social», e o cultivo literario do idioma propio. Ao mesmo tempo, amosa a súa crítica a correntes poéticas contemporáneas, ao «prosaísmo que tanto abunda en la época actual, bajo las poderosas corrientes de un realismo absurdo». A obra de Pondal, en todo caso, sérvelle para constatar o que para el é unha realidade:

> Galicia, que fue un tiempo vilipendiada por los pedantes vocingleros que propagaban por doquiera la donosa y singular idea de que bajo su cielo no podían surgir los óptimos frutos de la inteligencia, recobró su perdido prestigio, [...] y sus detractores tuvieron que humillar su frente al reconocer que en su seno, si bien se ostentan las maravillas de la naturaleza, no relumbran menos en sus hijos las dotes morales ó intelectuales

A filosofía e a moral tamén foron obxecto do seu interese, pois que dedicou varias series de artigos a «Estudios morales»[34] ou a «La perfectibilidad humana»[35], procurando conciliar as súas fondas crenzas cristiás e o seu pensamento político progresista. Ademais, publicou, por entregas, unha tradución propia do ensaio *Reflexiones morales e históricas según las máximas de la sabiduría*, do xesuíta francés Jean-Baptiste Blanchard[36].

CRONISTA DO SEU TEMPO E PRECURSOR DUN TEMPO NOVO

Capítulo aparte confórmano as crónicas nas que dá conta dos acontecementos de actualidade, sen renunciar por iso a manifestar a súa opinión con franqueza. Ademais das publicadas sen asinar na prensa do país, naqueles medios dos que era redactor, cómpre resaltar as súas «Cartas», que viron luz durante varios anos no semanario *El Eco de Galicia*, da Habana. Nelas pretendía poñer en contacto os emigrantes coa terra natal, trasladándolles «algo que les hable de su país adorado, en donde tienen fijo el corazón». De novo, Montes centraba os seus esforzos en enxalzar Galicia, en informar acerca das novidades en clave de progreso e denunciando os obstáculos ao seu desenvolvemento. Facíao baixo a premisa de que os seus lectores

> gozarán sin medida en la lectura de cualquiera mejora que enaltezca a su país ante los ojos de la Nación hispana, viendo así disipada la negra fatalidad que le abruma, cuando por su situación geográfica, la densidad de su población y cultura de sus habitantes debiera figurar en primer término en la Península.[37]

A construción do instituto da Coruña ou do manicomio de Conxo, a inauguración da vía férrea do Noroeste, a creación da sociedade Folcklore Gallego... son algúns dos aspectos nos que pon o seu foco, o que nos dá idea da natureza dos seus intereses.

* * *

A través do seu quefacer como xornalista, Montes emprende un labor cívico coa confianza posta no futuro, coa determinación de abrir e apurar o camiño que indefectiblemente ha conducir ao porvir anhelado: «si el astro de esperanza que se columbra en el horizonte ha de llegar magnífico al máximo punto de su culminación, debemos disipar las nubes del cielo en que fulgura»[38]. A ese porvir pretende que se incorpore unha Galicia que conta con todas as condicións propicias para o seu desenvolvemento e a conquista da felicidade dos seus habitantes. Para iso, resulta imprescindible que estes últimos asuman a súa galeguidade con orgullo, e a ese fin dirixe tamén o poeta de Osedo o seu traballo como xornalista, como paladín «de la honra de Galicia», nun momento no que os albores da prensa coinciden cos do galeguismo. José Mª Montes representa, precisamente, a convivencia de ambos os procesos cando están a iniciar o seu camiño.

[1] «Espíritu civilizador de las sociedades mercantiles», *Galicia Recreativa*, 22/11/1891.

[2] Na Coruña foi director, redactor ou ambas as cousas do diario *El Brigantino*, con Benito Vicetto, da revista *La Lira*, do *Diario de Anuncios y Noticias de La Coruña*, de *La Correspondencia de Galicia*, xunto a Froilán Salazar, ou dos xornais liberais-demócratas *El Comercio Gallego* e *El Noroeste*, nestes últimos a carón do seu veciño e parente Joaquín Castro Arias. Desempeñou tamén o oficio de correspondente en publicacións como *El Eco de Galicia*, da Habana.

[3] *El Gallego*, 31/01/1863.

[4] «Carta de Galicia», *El Eco de Galicia* (A Habana), 27/01/1884.

[4] «Prefacio», *Eco de la Revista*, 18/07/1852.

[5] «Galicia. Su dialecto», *El Eco de Galicia* (A Habana), 15/10/1882.

[6] «Queixumes dos pinos por Eduardo Pondal», *Galicia: Revista Regional*, 06/1887.

[7] Publicado en alomenos quince entregas en *Las Mariñas* (Betan-zos) a partir de outubro de 1887 e conservado parcialmente.

[8] «Agricultura», *El Diario de Lugo*, 04/10/1884.

[9] «Explotaciones agrícolas», *El Correo Gallego*, 18/03/1880.

[10] «Explotaciones agrícolas», *El Telegrama*, 22/03/1880.

[11] «Agricultura», *El Diario de Lugo*, 04/10/1884.

[12] «Vides americanas», *El Correo Gallego*, 30/04/1880.

[13] «Explotaciones agrícolas», *El Correo Gallego*, 18/03/1880.

[14] «Los pájaros y los insectos», *Galicia Recreativa*, 23/05/1891.

[15] «Contrastes», *El Correo Gallego*, 19/02/1880.

[16] «Carta de Galicia», *El Eco de Galicia* (A Habana), 14/03/1886.

[17] «Monte-Pío comercial», *El Correo Gallego*, 01/05/1880.

[18] «Los repartos de consumos», *El Correo Gallego*, 30/03/1880.

[19] *Galicia Recreativa*, 20/07/1891, 01/08/1891 e 20/08/1891.

[20] «Instrucción del pueblo», *El Despertador*, 10/11/1867.

[21] Id.

[22] «Higiene de las habitaciones de Galicia», *Galicia Recreativa*, 20/07/1891.

[23] «División municipal», *El Correo Gallego*, 12/06/1880.

[24] «Sistema métrico decimal», *El Correo Gallego*, 27/10/1880.

[25] «Ferro-carril del Noroeste», *El Correo Gallego*, 13/05/1880.

[26] «Espíritu civilizador de las sociedades mercantiles», *Galicia Recreativa*, 08/11/1891.

[27] «Correspondencia de Galicia», *El Eco de Galicia* (A Habana), 19/11/1882.

[28] «Crónica Científica», *El Regional*, 11/10/1888.

[29] Miranda Suárez de Puga, R. (1878): *Crónica de la exposición local celebrada en la Coruña en 1878*, Establecimiento tipográfico de V. Abad, A Coruña: 126.

[30] Por exemplo, no ensaio «Leístas y Loístas» (*Galicia: Revista Regional*, 01/1887 e 03/1887).

[31] *Gaceta de Galicia*, 21/07/1880 e ss.

[32] «Emilia Calé y Torres de Quintero. Horas de inspiración», *La Lira*, 30/06/1875.

[33] «Queixumes dos pinos por Eduardo Pondal», *Galicia: Revista Regional*, 06/1887.

[34] *La Lira*, 24/02/1875 e ss.

[35] *Galicia Recreativa*, 07/05/1890 e 20/05/1890.

[36] *Revista Compostelana*, 16/07/1877 e ss.

[37] «Carta de Galicia», *El Eco de Galicia* (A Habana), 18/03/1883.

[38] «Contrastes», *El Correo Gallego*, 19/02/1880.

José María Montes: poeta entre dous mundos

RUBÉN ANIDO REGUEIRO

LINGUA E SISTEMA LITERARIO

Desde hai xa algún tempo, a adscrición dun autor a un sistema literario ou outro vén determinada pola utilización dunha lingua determinada. Porén, a grande maioría dos escritores galegos desde os inicios da recuperación no século XIX até o día de hoxe teñen unha tendencia moi marcada a empregar as dúas linguas, en proporcións moi variábeis. Referímonos, claro é, aos autores que empregan o galego dunha maneira máis ou menos destacábel, pois, como é cousa sabida, hainos que non escribiron ningún texto na lingua natural do país.

Outra cuestión, de feitío diferente, é a de natureza temática; os máis dos autores galegos que tradicionalmente escribiron en castelán nunca se arredaron de todo da realidade galega, dun xeito ou doutro, e en moitos casos o emprego do castelán veu dado por una cuestión de promoción editorial, fundamentalmente. Cómpre ter en conta que durante moito tempo –poñamos que até ben entrado o século XX– escribir en galego supoñía un traballo nas marxes do panorama literario, reflexo evidente da propia situación da lingua. O labor realizado a partir do primeiro cuarto do século pasado e até a actualidade foi un traballo enorme por crear un sistema literario propio co seu canon correspondente, esforzo que tamén se encamiñou a superar unha das grandes rémoras para o desenvolvemento da literatura galega contemporánea: o folclorismo.

En consecuencia con todo isto, o título deste traballo ten a ver precisamente cunha realidade de índole non só literaria senón sociolóxica tan sumamente interesante –e por veces problemática– como é a adscrición de moitos autores a un sistema literario ou outro. Neste sentido, a obra de José María Montes, pertencendo á literatura española do seu tempo por cuestión estritamente lingüística, describe unha realidade máis ou menos apegada á súa terra de nacenza, e a ela se debe en moi boa medida, nun momento en que o sistema literario galego estaba aínda a se erguer con enormes e non sempre ben recoñecidos esforzos[1].

UN POETA NADO NA PARROQUIA DE OSEDO

Polo sinalado anteriormente, e polo seu tratamento practicamente nulo nas historias da literatura galega[2], José María Montes é un autor que quedaría fóra do sistema literario do seu tempo, a pesar da súa relación estreita coa súa realidade máis inmediata. Por data de nacemento, ideoloxía e principios estéticos, pertencería ao grupo dos precursores do Rexurdimento, isto é, autores anteriores a Rosalía de Castro cuxa produción literaria se desenvolveu durante o reinado de Isabel II (1833-1868). Trátase, en liñas xerais, de autores con grande interese desde o punto de vista histórico ou historiográfico e de menor relevancia no tocante á calidade dos seus textos, isto último xustificábel por se tratar de auténticos pioneiros que procuraron, dun xeito ou doutro, erguer o edificio do idioma escrito[3]. Ou dito con outras palabras, son lembrados hoxe máis pola lingua en que escribiron e polo seu particular ideario que polas súas conquistas de orde estético.

José María Montes, como tantos outros escritores da súa época, viu na prensa un soporte de grande interese para a manifestación das súas ideas e das súas inquedanzas. A súa obra literaria, pola súa parte, ten, ao noso ver, unha finalidade diferente, se ben, como veremos, hai textos líricos en que se pode ver a preocupación polo momento histórico e polos problemas materiais e/ou sociais do tempo. Dicimos finalidade diferente porque José María Montes empregou, no caso concreto da lírica, materiais literarios moi diversos que dalgún xeito complementan as súas inquedanzas, e non é raro atopar textos que non van máis aló de certo pintoresquismo romántico con ecos moi claros de autores ben asimilados, tanto anteriores como contemporáneos. Asemade, tamén está presente a preocupación relixiosa, a reflexión sobre o paso do tempo, a vontade máis ou menos moralizante das fábulas –moi valoradas no século XVIII español por toda clase de lectores– ou o poema cuxa finalidade é o encomio ou a elexía[4].

A PRODUCIÓN LÍRICA: PRINCIPAIS NÚCLEOS TEMÁTICOS[5]

Poesía amorosa e galante

Non se pode entender a lírica de Montes sen mencionar a poesía amorosa e galante, moi na liña da lírica de corte romántico. Trátase de composicións dedicadas a un sentimento ou a unha persoa, sempre dunha maneira delicada e moi convencional. Así, por exemplo, no poema «A María», o suxeito lírico diríxese a unha presenza feminina sen practicamente contornos, tal se se tratase dunha idea, e a partir de aí aparece ante o lector todo un conxunto de sentimentos, entre os cales destaca o paso do tempo na dualidade entre tempo pasado –convenientemente mitificado– e o tempo presente –cheo de coitas.– Non perdamos de vista que se trata dun poema escrito por un poeta que aínda non cumpriu os vinte anos de idade:

> ¿Donde van, donde van, pobre María,
> las gracias que tu rostro sonrosaron,
> cuando mis ojos ávidos un día,
> i enchidos de placer los contemplaron?
> ¿Dónde van, dónde van? El alma mía
> los ensueños también abandonaron,
> que un tiempo con sus plácidas caricias
> a un tiempo la elevaron de ledicias.[6]

O amor e o desamor, entendidos como as dúas caras dunha moeda, tamén están presentes no poeta, tal como se pode ver na seguinte mostra do poema intitulado «Ayer y hoy»:

> ¡Ah! ¡No pretendas descorrer el velo
> que oculta el mal de un corazón herido!
> ¿A qué bajar de la región del cielo
> a oír del trovador solo un gemido?[7]

A raíz romántica dos textos é indubidábel, e cremos que o autor soubo ler con habilidade suficiente as claves máis sobresalientes dos autores contemporáneos, entre os que destaca, ao noso ver, Espronceda, Pastor Díaz ou Zorrilla, sen esquecer a un autor como Bécquer, posterior a aqueloutros. A poesía amorosa foi cultivada por Montes ao longo da súa vida manexando moi poucas variantes temáticas e tamén formais, como se o autor se sentise cómodo nos mesmos moldes artísticos ao longo da súa produción e non mostrase moito interese en probar outros camiños.

Ao lado destes poemas hai outros tan convencionais como os que vimos de sinalar, caracterizados polo seu ton eminentemente galante cuxo obxecto é mostrar as bondades dunha muller en particular mais sen asomo de sentimento amoroso. Son poemas sinxelos, escritos en verso de arte menor, como o seguinte, sen deixar nunca a rima consonante, á que Montes había ter moita estima:

> ¿Por qué la mañana
> tan linda se ostenta?
> ¿Por qué se presenta
> tan fúlgido el sol?
> ¿Por qué la campiña
> se viste de flores,
> de vivos colores,
> de hermoso arrebol?[8]

Repárese na presenza da natureza, propicia sempre ao amor, aínda que no texto o feitío deste amor é ambiguo por canto non se sabe a quen se dirixe o autor, pois non sabemos quen está detrás da «A» da dedicatoria. Este artificio, tan socorrido, agocha unha presenza feminina que en Montes vai desde a nena até a muller. Tamén hai ocasións, numerosas por certo, en que a mención do nome propio pode funcionar a modo de confidente poemático da expresión de sentimentos profundos consubstanciais á natureza humana. Un exemplo témolo no seguinte soneto, intitulado «La flor del sentimiento»:

> Hay una flor, Elisa, en nuestra vida,
> que en la primera aurora se presenta,
> y al par que galas sin igual ostenta,
> de abrojos se contempla guarnecida.
> En nuestro seno su raíz se anida,
> horas de gozo y de amargura cruenta,
> que veces mil del llanto se alimenta,
> de mil diversos males combatida.
> Cual su tesoro lo custodia el hombre,
> en ella están su dicha y su tormento,
> no existe flor que su belleza asombre.
> De esa flor que es tu gloria y tu contento,
> ¿sabes decirme el misterioso nombre?
> Esa flor... ¡Es la flor del sentimiento![9]

Polo regular, os poemas galantes, sexan da época que sexan, teñen unha tonalidade de sentimento que procura a sinceridade a través da poetización de cousas aparentemente sinxelas, con frecuencia relacionadas coa natureza arriba mencionada. No seguinte texto, a muller prefire a beleza dun simple ramo de flores ás alfaias máis exquisitas para, ao remate, o poeta declarar o seguinte, en perfecto lugar común da tradición romántica ou tardorromántica:

> Mas, entanto que a porfía
> ostentan su lozanía
> ¡ay! las mías son abrojos
> que fecundo noche y día
> con el llanto de mis ojos.[10]

Poesía encomiástica

Entendemos por poesía encomiástica poemas que tratan de enxalzar certas figuras en principio próximas ao autor. Son eloxios dirixidos a persoas concretas, con frecuencia idealizadas a través dun trata-

mento literario que segue as liñas propias da estética tan querida ao poeta e coas que este se sente en débeda. Así mesmo, nestes encomios caben tamén lugares aos que Montes tiña algún tipo de querenza, lugares, por outra parte, perfectamente coñecidos por el.

Entre o primeiro grupo de textos destacan os dirixidos a autores concretos, como é o caso do dedicado a Calderón de la Barca con motivo do segundo centenario do seu pasamento:

> ¡Oh, Calderón! En la española escena
> tu gloria vive inmaculada y pura,
> y en tan preclaro día de ventura
> tu nombre ilustre donde quier resuena.
> Tu patria de placer hoy se enagena
> y con fervientes votos asegura
> que tu recuerdo eternamente dura,
> que a tu nación ensalza, al mundo llena.
> Tú, como el sol de nítidos destellos
> al coronar la cúspide del monte
> eclipsa las magníficas estrellas,
> De tu brillante genio rayos bellos
> dorando de la Iberia el horizonte,
> mataron de otros genios las centellas.[11]

Así mesmo, Montes tamén realiza unha apoloxía da figura de Miguel de Cervantes, nun texto en que se lamenta da incomprensión de que a obra deste autor era obxecto. Poderiamos dicir que se trata dun poema con certo ton social, pois sérvelle ao poeta para denunciar a ignorancia e a incultura, e faino realizando unha evocación do busto do escritor de Alcalá de Henares situado na cidade de Santiago de Compostela. Aínda que entre o soneto dedicado a Cervantes e o dedicado a Calderón hai unha diferenza de trinta anos, as liñas estéticas e formais máis sobresalientes son practicamente idénticas á hora de construír ambos os textos, máis alá de cuestións estruturais:

> ¿A que arrugaste así la adusta frente
> que con sus lauros conoció la fama?
> ¿La trompa acaso del combate inflama
> con su guerrero son, tu pecho ardiente?
> No... que a tus plantas bullidora gente
> miras cruzar... si un corazón te llama
> y en su entusiasmo tu renombre aclama,
> otros mil te desprecian neciamente.
> Porque no ven en ti, genio elevado,
> más que un inmoble busto, no te admiran
> como al sol más espléndido y dorado
> de cuantos soles en el mundo giran...
> Como su pecho es vil y desdichado
> por eso solo con desdén te miran.[12]

A figura da heroína coruñesa María Pita tamén cabe entre as preferencias de Montes, que non dubida en lle dedicar un longo poema con motivo do aniversario dos feitos de 1589. Reparemos na derradeira estrofa:



IMITACION

DE LAS

LAMENTACIONES DE JEREMIAS,

ESCRITA EN VARIEDAD DE MÉTROS,

POR

D. JOSÉ MARIA MONTES Y ROUCO.

CORUÑA:—1861.

IMPRENTA DE CASTOR MIGUEZ.

Acevedo, número 57.

RAG. Biblioteca. 714



A la Torre de Hércules.

Heme aquí dominando
todo el furor de las amantes olas,
y en tu elevada cima contemplando
de Orfeo sin fin las bandeirolas.

Que sin cesar navegan
del turbio mar en la mansión umbría,
y á saludar con entusiasmo llegan
á este solio de la patria mía.

Llegue el marinero
con gozo eleva la tostada frente,
cuando al son de sus cantos placenteros
logra mirar tu cúspide eminente.

¿Te puso aquí el destino
para ser el perpetuo centinela,
del esforzado pueblo Bizantino
que por sus glorias cuidadosa vela?

¿El reto no temieron
atrevidos un día los bretones,
cuando á tocar sus playas se atrevieron
con altivez iracunda, pendonas?

«A la Torre de Hércules». Manoscrito de José María Montes (1862) RAG. Depósito 1 Caixa 353 30 2

Como el astro mejor del firmamento
brillarás en los fastos de Galicia
y en este día de placer sin cuento
que siempre con delicia
feliz recuerda el pueblo brigantino,
oirás de sus ardientes trovadores
el cántico divino,
al deponer en tu sepulcro flores,
al celebrar de tu esforzado aliento
la singular proeza y valentía
que serán de los siglos el portento
y eterno lauro de la patria mía.[13]

Ao noso ver, un dos poemas máis notábeis do autor é o dedicado a Alfonso XII. Tratado por Montes como «huésped augusto», o monarca visitou a cidade compostelá o 25 de xullo de 1877 nunha manobra do cardeal Payá para tratar de revitalizar o Camiño de Santiago e a tradición xacobea, sumida nunha crise desde moito tempo atrás. A presenza do rei foi, en consecuencia, todo un acontecemento, e Montes realiza un texto no que aproveita para facer unha loanza de Galiza enteira cun grao de idealización que non soa, ao noso ver, impostado. A utilización do verso dodecasílabo outórgalle ao texto un grao de solemnidade e elegancia moi acorde co asunto tratado:

Verás una tierra del cielo bendita,
por él revestida de hechizos sin par;
la riegan las aguas de fértiles ríos
y lame sus costas magnífico el mar.[14]

As paisaxes natais son evocadas con demora e todo luxo de detalles en textos que se poden inscribir na mellor tradición paisaxística, en retratos cheos de vida, como é o caso do poema intitulado «Las Mariñas», aparecido na publicación homónima da que Montes era colaborador:

Tierra de amor, de luz y de armonía,
en cuyo ambiente plácido y sereno
abrí los ojos al fulgor del día,
por vez primera respiré en tu seno[15]

Así mesmo, a Santiago de Compostela dedícalle unha oda na que se deixa ver a influencia que esta cidade ten deixado no ánimo do poeta:

¡Recuerdo, sí, las horas,
que tan veloces para mí corrieron,
cuando eran seductoras!
¡Ay! ¡Que tan lentas otras veces fueron
mi pecho al lastimar desgarradoras![16]

Poesía elexíaca

A elexía é un subxénero lírico que ten orixe na antiga Grecia e que tiña como finalidade enxalzar a gloria e os méritos dun personaxe finado recentemente[17]. A súa tradición chega até hoxe e ten moita relevancia no século XIX. Porén, cómpre ter en conta que unha cousa é unha elexía e outra o ton elexíaco que dun texto se poida desprender. Isto último está moi presente en boa parte da obra de José María Montes, isto é, ao longo da súa obra lírica pódese percibir unha ollada melancólica por veces moi enfática arredor do sentido da existencia e da fugacidade da vida e da beleza. Neste sentido, como noutros moitos, o autor nado na parroquia de Osedo é perfectamente tradicional. Mais, quizais o que resulte até certo punto sorprendente é a presenza de elexías case domésticas, dedicadas a persoas case anónimas cuxa ausencia puidera ter mancado a sensibilidade do autor. Hai un poema, intitulado «A la memoria de la niña M.», que chama a atención pola dor que traspasa os propios versos:

Pasaste como ráfaga apacible
de brisa que frescura
al campo da y placer.
Trocado aquel en un desierto horrible
ya nunca su hermosura
habrá de florecer.[18]

Un poema certamente destacábel é o dedicado á memoria do poeta viveirense Nicomedes Pastor Díaz. Montes mostra un pranto moi sentido polo autor, tan celebrado na literatura española da época e co que se sente en débeda non só el senón toda Galiza. O emprego da silva como molde métrico procura, ao noso ver, un compromiso entre elegancia formal e certa espontaneidade no reflexo dos sentimentos, na liña da mellor lírica do Século de Ouro español:

¿Y, ha sido de Galicia
la joya, el ornamento,
su dicha toda, su mayor delicia,
el trovador que en funeral lamento
así Galicia inconsolable llora?[19]

Con todo, dentro dos textos abertamente elexíacos, hai un que merece especialmente a nosa atención. Dedicado a Rosalía de Castro con motivo do cuarto aniversario do seu falecemento, Montes manexa todos os resortes da tradición literaria para mostrar un poema moi sentido con todos os lugares comúns esperábeis neste tipo de composicións. O emprego do encabalgamento incide no sentimento de recente perda da poeta:

¡Lágrimas mías! ¿Dónde estáis? ¿Acaso
no queréis publicar al mundo entero
este dolor agudo y duradero
que martiriza el alma?
¡Oh! Brote ya de mis turbados ojos
el ardoroso llanto
signo seguro de perdida calma,
que el orbe solo abrojos
puede ofrecer a mi letal quebranto.[20]

Poesía relixiosa

José María Montes non esquece ao longo da súa produción lírica o tema relixioso, polo que sentía unha especial sensibilidade a pesar de non se tratar das súas composicións máis numerosas. Home liberal de pensamento, entendemos que a educación relixiosa do autor mantén un grande peso ao longo de toda a súa vida, e isto queda reflectido en diferentes poemas que cómpre lembrar como, por exemplo, «A la Virgen de los Dolores», escrito en octavillas:

> Virgen mía, ¿de qué sirve
> que marchiten los dolores
> de tus mejillas las flores
> de tus labios el coral?
> ¿De qué sirven que demuestren
> por do quiera tus lamentos
> las congojas, los tormentos,
> que te cercan en tu mal?[21]

O autor mesmo escribe unha oda que leva por título «A la religión» cuxo desenvolvemento reflicte a presenza de crenzas moi íntimas e arraigadas:

> ¡Oh, Dios! ¡Y quien pudiera
> pulsar las cuerdas de sagrada lira
> para ensalzar siquiera
> un rayo de esa luz que en ti se mira
> por la que siempre el corazón suspira![22]

Poesía satírica e de preocupación social

A poesía social enténdese como unha reacción ante a realidade inmediata e os conflitos derivados desta. O poeta, home dun tempo e dun espazo concretos, non só observa esa realidade circundante, senón que a analiza e procura transformala nun exercicio de estética ao servizo dunha sociedade determinada. Aínda que os poemas de José María Montes pertencentes a este grupo non son moi importantes en número, si o son no seu significado, e poden servir de mostra para coñecermos un pouco mellor o pensamento e inquedanzas do artista.

Cando se trata de criticar vicios dun individuo ou da sociedade no seu conxunto, Montes mostra ter cualidades aprendidas, coidamos, nas letrillas clásicas do Século de Ouro e, en xeral, na literatura satírica de todo tempo. Para sermos concretos, hai un texto, intitulado «El usurero», no que o poeta critica a figura do home que vive por e para o diñeiro coa conseguinte influencia negativa entre os seus semellantes. No texto, o autor, moi atinadamente, consegue un retrato perfectamente deshumanizado:

> Cuerpo sin alma y escoria
> de la humana Sociedad,
> ¿quién puede cantar tu gloria?
> ¿Quién puede alzar en verdad
> un monumento a tu historia?[23]

Outros textos, pola súa parte, pretenden ser un recordo de grandes feitos colectivos do pasado, como o dedicado aos Mártires de Carral, episodio do que o propio Montes puido ter sido testemuña por idade. Dita homenaxe faina, como soe ser habitual nel, empregando a forma clásica do soneto, no que destacan os endecasílabos enfáticos e a interrogación retórica ben manexada. Repárese no ton melancólico que se desprende dos versos:

> Hondo recuerdo que en la mente dura
> hoy torna a revivir con mil albores,
> pintando con fatídicos colores
> de infortunados héroes la amargura.
> Llenos de fe, de amor y de bravura,
> volaran de su patria a los clamores,
> y el despotismo vil con sus horrores,
> les trajo eterno luto y desventura.
> ¿De qué valió en su pecho enardecido
> el grito del honor que en él sintieron,
> si estéril su arrogancia al fin ha sido?
> Lidiaron por ser libres y cayeron
> de la traición al golpe fementido...
> y ejemplo ilustre de valor nos dieron.[24]

As preocupacións sociais de Montes tamén o levaron, aínda que moi episodicamente, a defender a lingua galega, na que non se decidiu a escribir. Aínda que pode resultar difícil de entender hoxe en día, o feito de escribir soamente en castelán durante boa parte do século XIX non tiña por que implicar necesariamente menosprezo ou desinterese polo idioma nin nada semellante. De feito, hai un texto intitulado «Galicia, su dialecto» que foi dedicado a Francisco María de la Iglesia, un dos máis sobranceiros defensores do idioma no último cuarto do século XIX. O poema vén a conto da estrea da obra intitulada *A fonte do xuramento*, e data de 1882. Reparemos na estrofa final:

> ¡Gallegos! En nuestra vida
> no tuvimos nunca mengua,
> que es su honra sin medida...
> Tenemos la frente erguida...
> ¡Y olvidamos nuestra lengua![25]

CONCLUSIÓNS

Volvendo ao epígrafe inicial deste traballo, insistimos na presenza na prensa periódica do século XIX dun José María Montes que non parece encaixar no canon da literatura española como tampouco o fai na galega pola cuestión idiomática. Poeta entre estes dous mundos, ten unha produción, porén, de interese pola variedade dos temas empregados, pola súa habelencia á hora de manexar metros moi desemellantes con acerto –desde o romancillo ou a redondilla até o soneto co ritmo ben pautado– e

pola boa asimilación dunha vasta tradición literaria que vai desde os primeiros textos coñecidos da nosa tradición occidental até os autores contemporáneos. A súa vontade creadora reflíctese sobre todo nos poemas de ocasión, dedicados a persoas próximas ou a sentimentos de perda ou de celebración, e os moi variados rexistros empregados na súa lírica, que van desde unha fonda melancolía até a emoción ante a natureza ou o amor, merecen, no seu conxunto, unha segunda oportunidade no momento actual, máis aló do ámbito doméstico ou local.

BIBLIOGRAFÍA

Carballo Calero, Ricardo (1981). *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia.

Pérez Lorenzo, Manuel (2011). «José María Montes: un escritor esquecido», *Areal* nº 2, pp. 12-16.

Tarrío Varela, Anxo (1994). *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Xerais.

Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). *Lecturas de nós. Introducción á literatura galega*, Vigo, Xerais.

Shaw, D.L. (1984). *Historia de la literatura española. Siglo XIX*, Barcelona, Ariel.


HONOR GALLEGO.

COMEDIA EN TRES ACTOS Y EN VERSO.

POR

D. JOSÉ MARÍA MONTES Y ROUCO.

CORUÑA.—1862.

IMPRENTA DE CASTOR MIGUEZ.

RAG. Biblioteca. F-1755

[1] Non debemos esquecer que nos autores nados no primeiro cuarto do século XIX o emprego do castelán é maioritario en todos os ámbitos, mesmo na lírica –véxase, a este respecto, a figura de Nicomedes Pastor Díaz–, e isto é explicábel por moitas razóns: a alfabetización en español, o escasísimo cultivo do galego e, tamén, a dificultade para publicar na lingua do país nun contexto de prexuízos cara á escrita do noso idioma.

[2] E tamén na española, onde o noso poeta non ten presenza.

[3] Cómpre ter en conta que estes autores descoñecían completamente a importante produción literaria medieval, como tamén a descoñecería a propia Rosalía. Todos eles teñen o convencemento de estaren a escribir nunha lingua con nula tradición literaria.

[4] Por diferentes razóns, non consideramos moi xustificado realizar neste traballo unha análise máis ou menos detallada do opúsculo intitulado *Imitación de las lamentaciones de Jeremías* (1861). Tan só diremos que Montes trata aquí un tema bíblico como é a destrución de Xerusalén tras ter caído en mans de Nabucodonosor II no 587 a.C. Trátase dun texto dialogado que, na nosa opinión e a pesar dalgúns méritos estéticos indubidábeis, non conseguiu superar a barreira do tempo, isto é, o seu interese é hoxe moi relativo ou simplemente residual.

[5] Á hora de reproducir os textos do autor leváronse a cabo pequenas modificacións relacionadas basicamente coa ortografía e a acentuación, todas elas de moi escaso releve. Cremos que ditas modificacións son necesarias por canto facilitan a lectura do texto.

[6] *El Recreo Compostelano*, 11 de xaneiro de 1842.

[7] *La semana literaria*, 21 de febreiro de 1879.

[8] *Diario de avisos de La Coruña*, 23 de agosto de 1888.

[9] *Revista galaica*, 30 de xullo de 1874.

[10] *Diario de avisos de La Coruña*, 15 de xaneiro de 1888.

[11] *El diario de Lugo*, 25 de maio de 1881.

[12] *El recreo compostelano*, 11 de abril de 1842.

[13] *El telegrama*, 2 de julio de 1884.

[14] *Revista compostelana*, 24 de agosto de 1877.

[15] *Las Mariñas*, 14 de agosto de 1886.

[16] *Galicia. Revista universal de este reino*, decembro 1860.

[17] Neste traballo distinguimos o encomio da elexía, precisamente, pola distancia temporal co persoeiro falecido. Queremos dicir que o encomio é dirixido a autores ou personalidades moi arredadas do tempo de José María Montes (no caso concreto de Calderón, Cervantes ou María Pita) en tanto que nas elexías o tempo transcorrido desde a perda é máis ou menos recente (por exemplo, os poemas dedicados a Nicomedes Pastor Díaz ou a Rosalía que comentamos neste apartado).

[18] *La semana literaria*, 8 de maio de 1879. Cómpre salientar que na produción lírica de Montes hai un feixe de poemas dedicados precisamente a persoas falecidas a idade moi temperá, como é o caso de «A la muerte de la niña Marina Rodríguez Santamarina y Carré», «A la memoria de una niña» ou «A la memoria del malogrado joven Nicolás Mañeru y González».

[19] *El eco de Galicia*, 7 de setembro de 1884.

[20] *Diario de avisos de La Coruña*, 24 de marzo de 1889.

[21] *Galicia recreativa*, 1 de abril de 1891.

[22] *Galicia. Revista universal de este reino*, 15 de agosto de 1861.

[23] *Diario de avisos de La Coruña*, 24 de mayo de 1891.

[24] *El gallego. Periódico semanal*, Buenos Aires, 1879.

[25] *El eco de Galicia*, 15 de xaneiro de 1882.

O barco da liberdade

De Galiza a México con Florencio Manuel Delgado Gurriarán

CRIS ASENSIO FERNÁNDEZ

«In vino veritas»

Está, no viño, a verdade.
«In vino veritas». Certo.
Fuxirá da falsedade,
vivirá na craridade
quen, de xeito solermiño,
de Valdeorras, beba o viño:
coñecerá, ao recuncar,
que anda a darlle, ao paladar
e á mente, lus e aloumiño.

1 DO NACEMENTO Ó EXILIO

Florencio Manuel Delgado Gurriarán nace o 27 de agosto de 1903 en Córgomo (Valdeorras, Ourense). Con seis anos de idade o neno Florencio é levado pola súa familia fóra de Galicia. O traballo como perito agrícola do seu pai fará que residan en diferentes cidades españolas. A Córgomo regresarán a pasar os veráns. «Nunca perdimos o contacto ca aldea», di o poeta. En Valladolid, a cidade na que máis anos permanecerán, FDG realiza os seus estudos de Dereito. É precisamente durante a estancia fóra de Galicia cando esperta a súa arela galeguista. Un exemplar de *A Nosa Terra* do ano 1920, que alguén lle regalara, actúa como un fundamental elemento motivador. Por primeira vez pode ler poemas de Ramón Cabanillas, de Manuel Antonio, de Amado Carballo…

> me regalaron un número de A Nosa Terra, que era un boletín de las hermandades de La Coruña, las Hermandades Gallegas. Y para mí fue una revelación, porque yo no sabía que había más gente que se preocupara del gallego –aparte de los viejos… aparte de los del siglo pasado… Curros Enríquez y Rosalía

Así falaba o poeta nunha entrevista realizada no ano 1979 pola historiadora e investigadora, de orixe española, Dolores Pla Brugat (1954-2014) en Guadalajara (México). Nesta ocasión Florencio Manuel explica que, aínda que sabía e falaba en galego, fora alfabetizado en castelán, de xeito que tivo que aprender a ler e escribir na lingua propia de forma autodidacta. Os autores do Rexurdimento, Rosalía, Curros… foron os seus mestres, a través das lecturas dos libros que había na casa familiar de Córgomo.

En 1928 o noso autor torna a Galicia e traballa como avogado no Barco de Valdeorras. Son os tempos de inicio do galeguismo: intégrase no Partido Galeguista, fundado en 1931. Faise socio protector do Seminario de Estudos Galegos, participa na Irmandade Galeguista representando a Córgomo, momento en que coñece a Castelao… Nestes anos comeza tamén a publicación dos seus versos en xornais da época, como *A Nosa Terra*. En 1934 ve a luz o seu primeiro libro, ***Bebedeira*** (A Nosa Terra), un canto glorioso á súa terra de Valdeorras. O poemario contén tres partes: Bebedeira, Valdeorresas e Dionisias. Intuímos xa desde estes títulos que estamos ante un poeta da paisaxe, do agro, que celebra os froitos da terra:

Ricardo Carvalho Calero encadra estas composicións dentro da escola animista ou hilozoísta, inaugurada nas nosas Letras polo poeta pontevedrés Luís Amado Carballo (1901-1927). En palabras do profesor, Florencio realiza

"unha descripción poética de forte alento xeórxico, dun ruralismo animista moi vigoroso e sanguíneo" das terras de Valdeorras (Historia da Literatura Galega Contemporánea, páxs. 726-727)

Ao comezar a Guerra Civil, Florencio Manuel está en Ourense. Coa axuda de amigos e parentes consegue pasar a Portugal e en Porto embarca, de polisón, para Francia. A familia quería que seguise camiño cara a América, pero el, concienciado en traballar pola causa republicana, decide regresar a Barcelona. O propio Castelao encoméndalle unha serie de *cometidos* para axudar os refuxiados españois a fuxir ó estranxeiro.

En 1939 o Goberno da República española no exilio e o SERE (Servizo de Evacuación de Refuxiados), contando ademais coa colaboración do goberno mexicano de Lázaro Cárdenas, que lles abre as portas ós desterrados, promoven a evacuación organizando tres barcos, «os barcos da liberdade»: o Sinaia, o Ipanema e o Mexique, para trasladalos desde Francia a América. No segundo deles, un cargueiro que se habilitara para trasladar persoas, partiría Florencio. Hai constancia de que México acolleu uns 25.000 exiliados da Guerra Española entre os anos 1939 e 1942.

2 VIDA MEXICANA

Agros, mares e montes
Vilas, cibdades, cities, twons, aldeias,
os recantos do Mundo...
¡Todo é terra galega!
¡Galicia é infinda!

Unha botella deitada ó mar fronte ás costas galegas cunha mensaxe de despedida ó tempo que cantan o himno galego anunciaba a partida do poeta xunto con case mil persoas máis a bordo. No barco van non só galegos, tamén vascos e cataláns; homes, mulleres, familias, que emprendían a dramática singradura cara ó exilio en México. Durante a viaxe publican unha especie de diario, o *Ipanema*, do que se fixeron 26 exemplares. O 12 de xuño de 1939 saen desde o porto de Pauillac-Bordeos e o sete de xullo e tras unha accidentada viaxe desembarcan por fin en Veracruz. E no boletín de a bordo aparecía publicado: «Las primeras palabras que con acento mexicano he oído fueron las siguientes: "Estáis en vuestra casa" y luego: "Tendréis trabajo y libertad"».

Florencio Manuel residirá en diferentes lugares do país mexicano realizando diferentes oficios. Inicialmente vive en México DF, onde, grazas a Carlos Velo, traballa como delegado do SERE en Toluca, a 66 km da capital mexicana. Posteriormente realizará diferentes traballos, como o de vendedor de calzado, ocupación que daría o seu beneficio no plano amoroso. Uns románticos zapatos van conducilo ata a que será a súa compañeira de vida, Celia Teijeiro, filla de emigrantes galegos. Ela traballaba nunha das tendas nas que o poeta vendía o xénero e así foi como se coñeceron. Casarían en 1944 e terían cinco fillos. En 1949 Florencio entra nos laboratorios Queralmí, e nesta empresa permanecerá ata a súa xubilación en xullo de 1976. A familia Delgado Teijeiro vai residir primeiro en Ciudad de México e despois en Guadalajara. O traballo facilita que o escritor viaxe por distintos lugares do país: Zamora, Uruapán, Michoacán, Morelia, Nayarit, Sinaloa, Sonora, Baja California...

O poeta obtén a nacionalidade mexicana en 1940 e a preocupación por Galicia segue a ser unha das súas maiores teimas. Florencio Delgado implícase en todo tipo de actividades a prol da Terra. Xunto con outros exiliados, impulsa xogos florais, concursos literarios, concursos de tradución, nos que o propio poeta participa con versións ó galego de poetas franceses («Barco bébedo», interpretación do «Bateau Ivre» de Rimbaud). Intervén en revistas como *Saudade (Verba galega nas Américas)* da que saen 7 números. En 1943 o Partido Galeguista realiza por vez primeira en México unha publicación de carácter colectivo, o ***Cancioneiro de loita galega.*** Trátase dun libro de poesía de carácter social e reivindicativo. O escritor Florencio é o responsable da antoloxía, ademais de contribuír con poemas propios.

No plano político destaca a sinatura do pacto *Galeuzca,* que en 1944 redacta co profesor exiliado Xoán López Durá. En 1953 é membro fundador do Padroado da Cultura Galega, organismo que desenvolverá diversas actividades, conferencias, programas de radio, como o dominical «A Hora de Galicia», en onda durante varias décadas na capital

mexicana. No cume destas angueiras sinalamos a creación da revista *Vieiros*. Florencio Manuel Delgado Gurriarán é un dos fundadores. Esta publicación, da que sairán tan só catro números (1959-1968), revive o ideario da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos:

> Por iso arelamos ser unha pubricación da Galiza única, co pensamento, co curazón, cos pés e coa vida na Terra, para sinalar os VIEIROS da nosa cultura diferenzada, do noso xeito de ser e de vivir...

Iso proclaman os seus impulsores no manifesto titulado «Alicerce», que abre a revista. Florencio Manuel Delgado formará parte da dirección, xunto ó xornalista Luís Soto, quen fora secretario de Castelao no exilio, e o cineasta Carlos Velo:

> Niste gran e ben querido México, abrimos as nosas páxinas ó pensamento dos portugueses e galegos, -con singular agarimo ó dos que viven na Galiza- respeitando con lealdade todalas ideias que afirmen a cultura e a persoalidade da Nosa Terra: a Galiza infinda e universal. («Alicerce», *Vieiros*)

A defensa e preocupación do poeta pola situación do noso idioma están presentes dun modo relevante en poemas e ensaios de carácter sociolingüístico. Como exemplo sirva o pequeno texto en prosa titulado «Revisión da voce 'gallego'» publicado en Vieiros:

> Pola iniciativa do prestixioso xurisconsulto e douto membro numerario da Real Academia Galega Don Sebastián Martínez Risco, a devandita Academia acordou dirixirse á Hespañola pra pedirlle a supresión de certas aceizóns peiorativas da verba "gallego". Ista moción foi aceitada pola venerábele Corporazón madrileña, con afagadeira engádega de trocala aceizón "dialecto" pola máis axeitada –a única axeitada diríamos nos- de "lengua".

No ano 1975, o Centro Galego de Buenos Aires faille un encargo para a revista *Galicia*. Tratábase de conmemorar o 25 aniversario da morte do seu admirado Castelao, «o Guieiro». Moitos dos seus poemas de carácter combativo serán incluídos no seu derradeiro libro *O soño do guieiro,* subtitulado *Xeiras dun galeguista* (Ediciós do Castro, 1986) un ano antes da súa morte.

> Levan a Cristo por fóra,
> levan o demo por dentro.
> Pregan o Santo Rosario
> e andan a matar labregos.

3 UN ACHEGAMENTO ÓS POEMAS GALEGO-MEXICANOS

É na súa obra *Galiza infinda*, publicada en 1963 pola editorial Galaxia na Colección Salnés de poesía, onde se atopan os catorce poemas galego-mexicanos. A súa produción poética anterior tamén é incorporada no libro, maiormente do seu poemario *Bebedeira*. A fórmula «o novo e mais o



VIEIROS

REVISTA DO PADROADO DA CULTURA GALEGA DO MEXICO

ENGÁDEGA

1

NOITE COMPOSTELAN, Ramon Otero Pedrayo. Galiza
POEMAS, Manuel Curros Enríquez. Galiza
A LABOURA DE AVANTORA, Ramon Caranillas. Galiza
OS FITOS DA XUVENTUDE, Carlos Velo. México
EVOCACION DE LAMAS CARBAJAL, F. L. Cuevillas. Galiza
GALICIA, Valentin Lamas Carbajal. Galiza
GALICIA SIN TÓPICO, Domingo Garcia Sabell. Galiza
PRANEAZÓN AGRO-PECUARIA, A. Vázquez Humasqué. México
LÚA, César Teixeira. Portugal
A DOENZA DAS DÚBIDAS, Luis Soto Fernández. México
JOAO VERDE, POETA MINHOTO, Julio Evangelista. Portugal
DIALOGO, Johan Viqueira. Galiza
PEDIMOS, Alfonso R. Castelao. Bós Aires
A POESIA DE DELGADO GURRIARÁN, Marcial Fernández. México
POEMAS, Florencio Manoel Delgado Gurriarán. México.
GRANDEZAS E MISERIAS DA NOSA TERRA, A. Núñez Domínguez. Galiza
POEMAS, Celso Emilio Ferreiro. Galiza.
A ELEITRIFICAZON DA GALIZA, Hilario Caloto. México
PRESENCIA DA NOSA CULTURA, Salvador Lorenzana. Galiza
UNHA HORA NA PAZ DO CIMITERIO DE NOIA, F. Bouza-Brey. Galiza
POESIAS PARALELAS, Ricardo Carballo Calero. Galiza
A LINGOA, SANGUE DO ESPRITO. Ramon Piñeiro. Galiza.
GIL VICENTE, PAI DO TEATRO GALEGOPORTUGUES, A. Rey Romalde. México
AS IDEIAS • OS HOMES • OS FEITOS • AS LABOURAS

DESEÑOS: Castelao • A. Souto • Maside • E. Gascón
V. Rojo • Bartolí • Gironella • Lebo

NÚMARO EISTRAORDINARIO MEXICO
VRAN — 1959

Direitores:
LUIS SOTO FERNANDEZ • CARLOS VELO • FLORENCIO DELGADO GURRIARAN
Relazón: ELIXIO RODRIGUEZ — *Axeito artistico:* ARTURO SOUTO — *Adeministrazón:* XERMAN RAÑÓ

VIEIROS: "Registro pendiente de autorización" • Pregamos o espallamento do contido dista pubricazón, sinalando a orixe.
Correspondenza: Apartado Postal 6994 • México, D. F.
Prelo: EDITORIAL MUÑOZ, S. A. *Armazón:* A. SOUTO ALABARCE

vello» resume a súa característica principal. O poemario está organizado en cinco apartados: Cantarenas, Valdeorras, Castiñeiros, Varia e Poemas mexicanos. O exemplar abre con tres poesías soltas: «Galicia infinda», «Nomes» e «Resposta a Rosalía». Na obra o poeta mantense na liña estética animista ou hilozoísta (Amado Carballo, Manuel Antonio) e modernista (Ramón Cabanillas). En palabras do profesor Ricardo Carvalho, os poemas galego-mexicanos «houberan podido constituir por sí sos un libro que resultaría máis homoxéneo que o que agora os contén» (obra citada).

A novidade dos devanditos poemas consiste na exploración dun camiño estético de mestizaxe de ambas as culturas, galega e mexicana, logrando uns resultados realmente orixinais e únicos. A súa capacidade lírica para describir a paisaxe, a xeografía do país que o acolle, as xentes, as tradicións, os costumes..., é sorprendente. O uso da linguaxe crioula, con expresións propias do español americano, estruturado sobre unha sintaxe sinxela, de oracións curtas ou frases, moitas exclamativas, co galego como canle de transmisión, resulta dunha mestría dificilmente superábel.

Diante da fría cervexa
(loira dona enfeitizada,
no seu cabozo de vidro
para sempre engaiolada,
porque morre en bico enxoito
si é do feitizo ceibada)...

¿Qué arela eu teño do Sputnik,
do Xúpiter, nin de nada?
¿Ímola andando, nonsÍ?,
que a vida cedo romata!

Xa o faro o seu ollo chisca
a pantasmiña da Laika.

A través de innovadores versos percibimos unha Galicia moderna, que está ó día dos progresos da ciencia, da exploración espacial (o Sputnik, a cadeliña Laika), libre, sen complexos, manifestándose por medio de atrevidas e divertidas metáforas (a cervexa é unha dona enfeitizada e engaiolada nun cabozo de vidro e que morrerá se a liberan do feitizo) e personificacións (o faro chisca un ollo), combinadas audazmente con temas clásicos como o *carpe diem* horaciano (que a vida cedo romata).



Ilustración de Vicente Rojo para o poema «O viaxeiro».

[páx. anterior] A revista *Vieiros*, dirixida por F. Delgado Gurriarán no exilio mexicano.

Imaxes facilitadas pola autora

A nosa épica, mitos, lendas, heroes como Breogán, a Santa Compaña, «milleiros de Melibeas - con feitizos de sereas»; agóchanse nuns versos que aturuxan. Así, atopamos o poeta convertido en Odiseo, coa súa dona, Penélope crioula, no poema «O viaxeiro». O poeta está a tecer deste xeito páxinas da súa propia biografía, que é tamén a biografía da Galicia dos exiliados.

Novo Odiseo, a vida paso en xeira
por mal pra cinco bocas de papoula.
Miña dona, Penélope crioula,
fica a tecer, de cote, a súa angueira.



E vou sen inquedanza viaxeira,
pois xa teño nas sens lixos de foula,
co anceio de voltar, criancil troula
é, pra min, ataxenta ventureira.

Camiño con disfrace de estraverso,
coma calquera comercial axente,
a visitar galenos e farmacias.

E namentras en min xermola un verso
vou, por fora, a nadare coa corrente
¡e ata a rir chego do siareiro as gracias!

A fusión, a mestizaxe lograda polo autor é perfecta. No poema «Morelia»:

Morelia silenzosa,
é loira Compostela
esquencida de choivas

Ou en «Conto sinxelo» atopamos:

Laídos de huapango,
atruxos de alalá...

Vemos como o noso idioma transmite como se fose seu o léxico americano, as expresións na lingua prehispánica (da lingua azteca náhuatl). A linguaxe transpórtanos maxicamente ó outro lado do océano, introducíndonos no país americano:

Teño unha noiva "jarocha":
coor, mel e arume de mangos,
rítmico van de boleros,
quente paixón de huapango

Neste fragmento de «Nouturnio de noiva *jarocha*», comprobamos que «jarocha» ou «jarocho» é como se lles chama ás persoas nacidas no porto de Veracruz, que bailan o «huapango», danza tradicional mexicana. O léxico autóctono flúe doadamente polos versos: as *«chachalacas»* (aves) que pousan nos «loureiros»; o «*tabachín ardente*», que florece na primavera; o volcán Paricutín que «aínda bota fume este ano»; o baile, o *«xarabe tapatío*, - ledo coma un rechouchío, / é unha danza rebuldeira, - parenta da muiñeira», son expresión maxistral das vivencias do poeta por veces ledas, festivas, por veces fortemente sensuais, como en «Rumba»:

Teu van é o centro do mundo;
teu embigo dictador
dos pauciños,
as maracas
e o bongó;
ollos a chiscar de bulra
os amerodos dos peitos;

A vida con humor e a ironía que asoma desenfadada no relato dalgunha situación talvez vivida polo autor:

Súpeto, estoupa a pistola, pois seica se 'armou
[a bola'.
Desfeita pola liorta – esvaise, a festa, na porta
só fica un home tendido, novo herói para
[un "corrido",
e istas son bariles lendas, - de "Ai, Xalisco,
[non te fendas!"

A vida é música e baile: Nun «Nouturnio de novia *jarocha*», «Ledo rolar de danzóns», «rítmico van de boleros», «maracas do recendo que tanxen un son de herbaboa». Tamén presentes, como non, as nosas muiñeiras e alalás.

En definitiva, a vida nunha terra que saudamos mediante os seus topónimos e antropónimos:

Nomes de Michöacan,
son garruleiro e lisgairo:
Tsintsunsan, Paricutín,
Sirahuen, Uruapán, Ario...

Nomes que conviven en harmonía cos nosos propios topónimos, como se todos eles formasen parte dun mesmo lugar:

> de antergo e de nobre alamio:
> Nomes da veira do Sil,
> Val de Afreixo, Val de Godo,
> a Pena da Moura, o Castro...

Para o autor non existe máis que unha soa Galicia, unha «Galicia infinda» que cada galego leva consigo alí onde vaia. Este pensamento pangaleguista queda expresado nos ideais da revista *Vieiros:* «unha Galicia única, co pensamento e co corazón». Pero a evocación dos lugares patrios conduce inevitabelmente á nostalxia:

> Nomes, nomes de Valdeorras,
> ¡dóce e sonoroso canto!

Ou a un pesimismo tráxico pola ausencia irremediábel:

> Sede en min nunca amatada,
> sede en min xamáis dormida,
> da verde Terra arelada,
> a das choivas benquerida.

Despediremos este apartado co esperanzado poema «Volta»:

> Nunha ridente alborada
> vai o tren, cara o meu lar,
> tanxendo unha pandeirada
> coa lediza de voltar.

4 VOLTA A GALIZA

Trinta anos despois da súa chegada a México, Florencio Manuel regresará tan só en tres ocasións á súa amada Galicia. A primeira, no ano 1968 (a súa causa política por fin fora pechada) para reencontrarse coa súa familia tres décadas despois. Oito anos máis tarde volve por segunda vez e pensa en revitalizar o Partido Galeguista.

En 1981 o poeta está de novo aquí. Ediciós do Castro publica a súa obra ***Cantarenas. Poemas (1934-1980)***. Nese mesmo ano ten lugar a súa toma de posesión como membro correspondente da Real Academia Galega nun solemne acto celebrado no Barco de Valdeorras. Así mesmo, é nomeado membro de mérito dos Estudos Valdeorreses e actúa como pregoeiro nas festas do Cristo no Barco. O poeta nesta ocasión proclama que leva Valdeorras «chantada no corazón». Desgraciadamente esta é a derradeira vez que volve a Galicia.

En 1986 Ediciós do Castro publica ***O soño do guieiro. Xeiras dun galeguista***. O ano seguinte falece Florencio Manuel á idade de 84 anos, un 14 de maio, en California, na casa dun dos seus fillos. No presente 2022, cando se cumpre o 35 aniversario da súa morte, a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras.

5 EPÍLOGO

> Ti cantar, cantar, cantache,
> cantache, que ben sabías;
> cantache de grasia chea:
> ¡vos [voz] groriosa da Galicia!

Permítasenos que estes versos pertencentes ó poema «Resposta a Rosalía» que o propio Florencio Manuel Delgado Gurriarán dedicou á «Ruliña do Sar» (como el a chamaba), sirvan tamén de sincera homenaxe ó autor dos mesmos. E que soe potente o noso Himno aquén e alén dos mares, acompañado da «maraca da lúa» e do «runxe-runxe das estrelas», para honrar a memoria do poeta rumoroso!

AS FONTES

-*Barcos de la libertad. La evacuación de los refugiados españoles a México (1939-1942)*. Residencia de estudiantes 2020

-Entrevista a Florencio Delgado Gurriarán realizada por Dolores Pla Bruguet en Guadalajara (México), en agosto de 1979 (Instituo Nacional de Antropología e Historia de México-INAH)

-Galicia infinda. FDG. Editorial Galaxia 1963

-*Historia da literatura galega contemporánea*. Ricardo Carvalho Calero (Galaxia, 1981)

-*O macrotexto poético en galego de Florencio Delgado Gurriarán*. Miro Villar (https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/1988640.pdf.)

-Real Academia Galega. Letras Galegas 2022

-*Vieiros*. A Nosa Terra 1989 (edición facsimilar)

Día das Galegas nas Letras 2022: Luísa Villalta

BEATRIZ MACEDA ABELEIRA

Este 7 de marzo do 2022, desde a *Plataforma de Crítica Literaria A Sega*, a elixida como a *Nosa Señora das Letras* foi a autora Luísa Villalta, facendo coincidir esta data co aniversario do seu enterro.

Sobran razóns para que o *Día das Galegas nas Letras*, que sempre celebramos o 15 de agosto, neste ano se dedique a Luísa Villalta. A autora cultivou todos os xéneros literarios, recuperou a dramaturxia para a lingua galega. Sempre estivo no lugar preciso e coa palabra precisa para defender a lingua e a cultura de noso.

Formou parte, xunto con Xela Arias, dese grupo de autoras que abriron novas xanelas á experimentación na escrita, cunha nova estética e unha visión rompedora. Ela, xunto coas súas compañeiras, crearon o cerne da actual poesía galega.

Na súa escrita rexeita o concepto de clase e pon no centro da súa obra a personaxes marxinais. Así, a creación pasa ao cotián, sacando o violín á rúa, e amplía a base receptora de cultura a todos os estratos sociais.

Poeta, ensaísta, dramaturga, violinista e unha muller comprometida coa lingua, coa cultura, con Galiza, así se refería sempre que falaba da nosa terra. É importante o seu labor como docente. Estudou Filoloxía Hispánica e Galego-portuguesa nuns anos difíceis para realizar os estudos de Filoloxía Galega, sendo das primeiras docentes de Lingua e Literatura Galegas. Impartiu aulas no IES Isaac Díaz Pardo de Sada, no que formou xeracións de alumnos e alumnas ás que transmitiu a paixón e o compromiso pola nosa lingua. Nesta labor como docente participou no proceso de defensa da lingua e da muller, e fíxoo desde o punto de vista da nosa cultura.

Na obra de Luísa Villalta, o *eu* poético pasa a ser un *eu* feminino. Isto quere dicir que as mulleres non só son elementos a idealizar, son suxeitos activos e creativos, que ollan ao seu carón desde a sororidade. Ela cre no traballo colectivo, na forza da unión do pobo.

Sen dúbida, son moitas as razóns polas que a RAG debería celebrar a Luísa Villalta no Día das Letras Galegas, e así achegar a todas as persoas a ampla e interesante obra desta autora tan admirada e querida na Galiza.

Quedades convidadas a celebrala con nós o 15 de agosto, na súa cidade, A Coruña.

(Beatriz Maceda Abeleira forma parte da *Plataforma de Crítica Literaria A Sega*)

Fotografía de Xosé Abad

1932 | UN MITIN E UNHA CHARLA DE RAMÓN SUÁREZ PICALLO

No ano 1931 chegaba a Galicia Ramón Suárez Picallo. Logo de case dúas décadas na emigración, viña designado pola Federación de Sociedades Gallegas da República Arxentina para participar nos acontecementos que se estaban a producir, coa caída da monarquía e a chegada da democracia. Poucas semanas máis tarde era elixido deputado, converténdose nunha figura recoñecida en todo o país polo seu traballo político en defensa dos intereses de Galicia e polas súas dotes para o proselitismo. Nos vindeiros anos, percorrerá a nosa xeografía facendo valer a súa poderosa oratoria en charlas e mitins, primeiro como representante da ORGA, despois do Partido Galeguista.

Velaquí un par de exemplos, recollidos na mesma páxina polo diario *El Pueblo Gallego* o 17 de abril de 1932. O día 14, aniversario da proclamación da República, Suárez Picallo actuaba como principal reclamo nun mitin organizado en Salceda pola propia Federación de Sociedades Gallegas. Era o encargado de pechar un acto no que comparía tribuna con Alexandre Bóveda, Antón Alonso Ríos e Castelao. O mesmo día, pronunciaba unha charla en Lavadores, no seo dunha sociedade de agricultores. O título, "Un índice de problemas gallegos". Reproducimos dúas as intervencións de Ramón.

galleguista del día 14

SUAREZ PICALL.

Dijo que venía desde Sada atravesando toda Galicia para traer como Alonso Ríos a los vecinos de Salceda un cariñoso recuerdo y el saludo de sus hermanos de allende el Atlántico, cumpliendo el ofrecimiento que les hiciera cuando en representación de las Sociedades Gallegas de Buenos Aires vino a tomar parte en la Asamblea de La Coruña, cuyas decisiones estaban aún sin cumplir por los que tenían obligación de ello.

En párrafos llenos de emoción relató las aspiraciones de los emigrados e hizo una maravillosa descripción de sus penalidades, que no es posible recoger, para hacer destacar como a pesar de ellas, o quizá por ellos, aquellos gallegos, a veces con grandes sacrificios, fundan periódicos, se organizan y encaminan todos sus esfuerzos a lograr el resurgimiento de Galicia, para evitar a sus hermanos el calvario de la emigración.

Estudió después el aspecto social de ésta, calificándola de válvula reguladora del problema del paro en Galicia, pero de lamentables consecuencias en los tiempos actuales y siempre dolorosa. Se refirió a la depresión económica que tal fenómeno produce en nuestra economía y describió la gran tragedia de los millares de gallegos que enfermos, destrozado el cuerpo y el espíritu, hambrientos muchas veces peregrinan por los consulados implorando el favor de ser devueltos a su Tierra.

Hay que terminar con la emigración haciendo de Galicia nuestra América, lo cual podemos conseguir con nuestro esfuerzo y con nuestros sufragios.

Se dirigió después a las mujeres que en gran número habían acudido al acto para hacerles notar la gran responsabilidad que les podía corresponder si no utilizaban conscientemente el derecho de voto que la nueva Constitución les había concedido. Con él y no con lamentos se puede evitar el dolor del marido o del hijo emigrado, del servicio militar; los tributos excesivos, el embargo y tantos otros males que a cada instante amenazan el pobre hogar de los campesinos.

Terminó diciendo que no venían a pedir votos sino a recordar a las gentes, el valor de éstos para que en su día los otorguen conscientemente.

Una grande y prolongada ovación puso fin al discurso, que ya fuera aplaudido en algunos de los más brillantes períodos.

En medio del mayor entusiasmo terminó el acto.

Al salir con dirección a Vigo los coches de los oradores se les tributó una gran ovación.

UNA CONFERENCIA DE SUAREZ PICALLO

A las siete y media de la tarde pronunció en Lavadores una interesante conferencia en la Sociedad de agricultores de Lavadores el diputado Sr. Suárez Picallo. El acto, al cual concurrió numerosísimo público, fué organizado por la Juventud Republicana-Agraria de Lavadores.

El tema de la conferencia de Suárez Picallo fué "Un índice de problemas gallegos". Comenzó haciendo un resumen del alcance de los problemas gallegos del momento en el orden agrario q en orden al mar. Luego fué enfocando cada uno de ellos bajo las soluciones que les aplica el programa del Partido galleguista.

Así analizó el problema foral y estudió la urgencia de su solución que no debe gravar al pequeño propietario, la necesidad de renovar los cultivos y de establecer intensamente un régimen cooperativista.

En orden a la tributación expuso la necesidad de liberar la pequeña propiedad, considerándola como instrumento de trabajo, exento de contribución e inembargable, tal como se presenta en el proyecto presentado a las Cortes sobre el particular por Castelao.

Luego pasó a estudiar los problemas pesqueros, la necesidad de pequeños puertos, estudiando la precaria situación de nuestra industria pesquera a causa de la escasez y la carestía de los transportes. A este propósito alude a la necesidad del ferrocarril Zamora-La Coruña que no puede negarse a Galicia.

Estudia al final la urgencia de reestructurar política y administrativamente a Galicia a base del reconocimiento de las pequeñas entidades locales y sobre todo a base de la autonomía en la cual tendrán solución todos estos problemas.

La disertación de Suárez Picallo, clara en la exposicinó, metódica y con momentos llenos de emoción, fué larlamenta aplaudida por la numerosísima concurrencia.

RAMÓN SUÁREZ PICALLO (Sada, 1894-Bos Aires, 1964) foi un xornalista, sindicalista e político galego. Emigrante na Arxentina cando mozo, destacado dirixente sindical naquel país e deputado nas Cortes da II República, foi unha das principais figuras do Partido Galeguista, rematando os seus días no exilio.

A IMAXE COMENTADA por MEMORIA DE SADA

Estas e moitas fotografías máis en
memoriadesada.com

Mariñeiros en folga (anos 10)

Podemos ver en actitude de brazos caídos a estes mariñeiros, sentados nos aparellos de pesca e as lanchas varadas na praia das Delicias. É na década de 1910.

Nesta época o exemplo das loitas obreiras urbanas de finais do século XIX, a consecución dos seus primeiros logros (como a xornada de oito horas ou o descanso dominical) e a introdución de mobilizacións de forte contido simbólico como a do primeiro de maio, foron un gran estímulo para os traballadores do mar.

Foi a época da expansión do sindicalismo mariñeiro na zona da Coruña e arredores.

Os axitados anos 10 estiveron marcados pola Primeira Guerra Mundial, polos motíns, polo encarecemento dos alimentos de primeira necesidade e pola Revolución Rusa; neste contexto o asociacionismo mariñeiro estendeuse con rapidez e forza inusitadas pola zona coruñesa.

En 1919 creouse en Sada a sociedade El Despertar de los Trabajadores del Mar. Esta primeira organización dos mariñeiros de Sada viña precedida pola creación, tres anos antes, da sociedade El Despertar del Obrero, que agrupaba a clase traballadora da Vila.

Estes anos foron clave na incorporación das mulleres ao sindicalismo obreiro. A súa actividade fíxose visible en numerosos motíns e manifestacións contra a carestía da vida, e posteriormente concretouse na creación de sociedades propias nos sectores onde eran maioría, e tamén na participación dalgunhas mulleres como oradoras en mitins obreiros.

No mundo do mar, a participación da muller nas loitas obreiras manifestouse coa incorporación de moitas traballadoras de conservas e de traballos auxiliares de pesca ao sindicalismo de clase.

A actitude revindicativa da xente do mar e a súa combatividade ao longo de numerosas folgas, serviu para introducir algo de xustiza nun mundo laboral ata a data pouco regulado e tremendamente duro e perigoso para os homes e mulleres que nel traballaban.

o currruncho DA LINGUA

MERCEDES LEOBALDE

aturuxar

v i

Botar berros de alegría ou aturuxos como acompañamento das cantigas ou dos bailes, nos días de troula e nas romarías.

OLLIÑO CON...

Olliño cos pronomes átonos. Poñámolos no seu sitio, por favor!

No número anterior de Areal tivemos o atrevemento de abordar o tema da colocación dos pronomes átonos, eses que ás veces van unidos ao verbo e outras veces soltos e libres diante del. Hoxe comentaremos algúns casos máis, e habemos continuar en vindeiras entregas. Pouquiño a pouco, para non empachar.

Vimos xa que os pronomes átonos non poden nunca, nunca, comezar a frase; tamén que a súa posición «normal» (a non marcada) é detrás do verbo e que se antepoñen sempre, pola contra, nos enunciados negativos e nas oracións subordinadas. Repasémolo brevemente cun exemplo:

*Explicou**me** o que **lle** ocorrera na viaxe, cando **a** asaltaron, pero non **llo** crin*

Polo que xa sabemos, nunca podería ser **Me explicou...* (nin habendo un suxeito antes, como en *Antía *me explicou...*, que sería *Antía explicoume...*), como non podería ser **o que ocorréralle* nin **pero non crinllo.* Desde logo, se nalgún momento chegase aos seus delicados oídos un enunciado do tipo **Me explicou o que ocorréralle na viaxe, cando asaltárona, pero non crinllo*, esta que vos fala sentiríase inclinada a facer o haraquiri.

Mais estaredes preguntándovos sen dúbida que é o que sucede na oracións coordinadas copulativas (as unidas por comas ou por «e»). Ou quizais o que acontece despois dun «pero» ou dun «mais». Pois moi sinxelo: nin a conxunción «e» nin o «pero» alteran a posición normal do pronome (detrás do verbo), ou sexa, non provocan a anteposición. Observemos esta secuencia:

*O socio maioritario telefonou**nos** esta tarde desde Lisboa*

*A presidenta chamou**me** ao seu despacho*

*Por último, o xefe encargou**me** un informe técnico*

*Díxo**me** que corría moita présa*

*Non **me** deu tempo de remata**lo** en dúas horas*

Estaremos de acordo en que eses pronomes todos están no seu lugar, no que lles corresponde e lles gusta (todos detrás do verbo agás un no último enunciado, por culpa da negación). Pois se en lugar desas breves oracións simples tivésemos unha serie de oracións coordinadas, a posición deses pronomes non cambiaría en absoluto:

*O socio maioritario telefonou**nos** esta tarde desde Lisboa, a presidenta chamou**me** ao seu despacho e, por último, o xefe encargou**me** un informe técnico e díxo**me** que corría moita présa, pero/mais non **me** deu tempo de rematalo en dúas horas.*

[Observade que no último caso é a negación a que provoca o salto do pronome para diante do verbo e non o «pero» ou «mais», de ma-

neira que na ausencia de negación teriamos: *pero deu**me** tempo de rematalo en dúas horas*.]

Recapitulando esta nova información, como diremos entón?

Lles enviaremos unha nota de prensa

Enviarémoslles unha nota de prensa

Marisa lles encargou unha empanada e a comeron ao mediodía

Marisa encargoulles unha empanada e a comeron ao mediodía

Marisa encargoulles unha empanada e comérona ao mediodía

Quería asistir mais non o conseguiu

Quería asistir mais non conseguiuno

Non quería asistir pero convencérona

Non quería asistir pero a convenceron

Rebeca recibiuno e convidouno a cear

Rebeca o recibiu e o convidou a cear

Rebeca recibiuno e o convidou a cear

DESMENTIDOS

Corren rumores serios de que morreu a coma do vocativo; o mundo da lingüística móstrase consternado. Se non sabedes quen é (ou era) esa señora, explícovolo decontado.

Existe unha diferenza moi grande entre *Santi fai a cama* e *Santi, fai a cama*, non mo negaredes. Na primeira afirmamos que Santiago —que é o suxeito da oración— fai a cama; na segunda, en cambio, hai con respecto a Santiago un mandato ou petición de que a faga. Nesta última, «Santi» funciona como vocativo, ou sexa, menciona a persoa á que nos dirixímos. E como tal vocativo caracterízase pola súa mobilidade na frase e mais por ir separado mediante comas do resto das palabras. Vémolo con exemplos:

Santi, fai a cama

Fai a cama, Santi

Ando preocupada e non durmo ben, doutora

Ando preocupada, doutora, e non durmo ben

Doutora, ando preocupada e non durmo ben

Ou, emulando a Cicerón:

Santiago, ata cando vas seguir abusando da nosa paciencia?

Ata cando vas seguir abusando da nosa paciencia, Santiago?

Ata cando vas seguir, Santiago, abusando da nosa paciencia?

Son vocativos tamén os nomes daqueles aos que dirixímos saúdos, benvidas, agradecementos, brindes, desculpas ou calquera tipo de mensaxe, e deberán ir, daquela, separados con comas.

Ola, rapaces! (E non **Ola rapaces!*)

Grazas, Chus (E non **Grazas Chus*)

Boas noites, damas e cabaleiros (E non **Boas noites damas e cabaleiros*)

Queridas amigas, brindo por vós! (E non **Queridas amigas brindo por vós!)*

Bo día, Xoán (E non **Bo día Xoán*)

Perdón, papá, foi sen querer (E non **Perdón papá foi sen querer*)

Atención, señores, por favor! (E non **Atención señores por favor!*)

Benvidas, amigas (E non **Benvidas amigas*)

Esa pausa que separa os vocativos do resto do enunciado manifestase na lingua oral por medio da entoación. Reparade en que non hai confusión posible na fala entre «*Santi fai a cama*» e «*Santi, fai a cama*», pronunciámolas distintas. O problema xorde á hora de escribirmos esta última, cando incorrectamente prescindimos da coma (algo cada vez máis frecuente, quizais porque lemos menos, ou menos literatura, ou porque adoitamos escribir mensaxes de texto a todo correr e sen signos de puntuación, ou por ambas). Entón, quere isto dicir que cometemos unha incorrección cada vez que chateando escribimos «*Ola Pepe*»? Pois si, lamento ter que dicilo. «*Ola, Pepe*» estaría moitísimo mellor.

Recentemente xurdiu no panorama político andaluz un novo partido chamado «Andaluces Levantaos», que foi o que motivou, indirectamente, estas liñas. E iso porque alguén (non fun eu, foi unha amiga) ficou desconcertada ante a noticia e exclamou con estrañeza: «*Andaluces Levantaos?* Pero como que "Levantaos"*?* Será *Levantados*!», entendendo que «Andaluces Levantaos» viña sendo o oposto de «Andaluces Acostaos». Pois non, amables lectores, nada máis lonxe da realidade! O que ocorre é que este partido toma o seu nome da letra do himno de Andalucía, que di *¡Andaluces, levantaos! ¡Pedid tierra y libertad!* E así, tal e como está no himno e non doutra maneira, é como se debería escribir, cunha comiña despois do vocativo «*andaluces*». Porque o nome do partido non alude a «andaluces levantaos» nin a «andaluces sentaos», senón que fai un chamamento aos andaluces para que se ergan. E esa diferenza, esa máis que notable diferenza, plásmase por escrito así, por medio

dunha simple, minúscula e bonita coma (tamén chamada *vírgula*, por certo).

E polo dito anteriormente, que é igualmente aplicable ao galego e ás linguas veciñas emparentadas —que coxean do mesmo pé—, e porque desde logo todos entendemos que non igual dicir *«Imos comer, nenos»* que «*Imos comer nenos»*, berramos aquí e agora este desmentido: NON, A COMA DO VOCATIVO NON ESTÁ MORTA! Témola arrombada, denigrada, ignorada. Está ferida de gravidade, coitada dela, e precisa de coidados intensivos, pero vive aínda, e era ben facermos un esforzo colectivo de ca-ra á súa recuperación e fortalecemento, antes de que a infección salte das redes e o Whats-App á documentación «seria» e nos vexamos mergullados nun remexido de confusións e ambigüidades. Porque unha convivencia feliz depende en boa medida da comprensión e a boa comunicación entre as persoas, e isto, á súa vez, da clareza que en certos casos unha modesta coma proporciona.

ENREDOS

No Curruncho de hoxe os *enredos* fúndense coas *recomendacións* de sitios web. E isto é así porque nos imos achegar a dous enrediños baseados na palabra, o ***Wordle*** e o ***Pensatermos***, dous xogos de lingua en liña e cos que sempre gañamos.

O ***Wordle*** é un xogo de palabras na web desenvolvido polo programador Josh Wardle (o seu apelido, en combinación coa base *word*, 'palabra', daríalle nome ao invento). Nel o obxectivo é adiviñar unha palabra de cinco letras nunha pantalla moi simple que ten o formato dun pequeno encrucillado con espazo para seis intentos. A partir de cada unha das nosas tentativas, o xogo proporciónanos pistas consistentes en indicar cales das letras que empregamos en cada intento aparecen na palabra de chegada, e tamén se o fan no mesmo lugar en que as puxemos ou noutro distinto. Ademais, as letras utilizadas que non figuran na

O LÉXICO DA GUERRA? NOOON!

Territorio, pobo, batalla, loita, loitar, pelexar, invasión, combate, asasinato, asasinar, abater, asasinos, rupturas, roturas, **orfas** e **orfos**, viúvos e viúvas, **illa**mento, heroes, heroínas, ataques aéreos, tácticas, ofensivas, bombardeos, fuxir, fuxida explosións, detonacións, estouros, estoupidos, cascallos, traumas, ameazas, intimidación, tropas, **ini**migos, agresións, **aldraxes**, humillacións, vingarse, vinganzas, mentiras, enganos, persoas mortas, persoas feridas de gravidade, sede, destruír, destrucción, militares, civís, refuxio, refuxiados, violacións, desabastecemento, fame, incerteza, conflagración, conflito, contenda, contendentes, violencia, toque de queda, confinamento, incendios, **lume**, arder, exércitos, deflagrar, deflagración, cegueira, manipulación, persoas desprazadas, crise humanitaria, derrubar, derrubamentos, hostilidades, sufrimento, francotiradores, mísil, mísiles, munición, rexementos, escuadróns, **desacougo**, crueldade, ruindade, escaseza alimentaria, tanques, disparos, armas químicas, armas brancas, armas **de fogo**, represión, represalias, fosas comúns, cadáveres, restos mortais, sangue, mutilacións, vileza, torturas.... **Dor**. Todo se resume en **dor**. En dor e en intereses económicos, para vergoña da nosa especie.

Por máis que estean de sangrante e inevitable actualidade certos espazos bélicos, por máis que persistan en diversos puntos do planeta outros moitos igualmente virulentos que xamais gozarán da atención dos medios por non estaren localizados no lugar xeográfico adecuado (isto é, en Norteamérica ou na privilexiada Europa), neste Curruncho somos xente de paz e resistímonos a permanecer na hostilidade máis do estritamente necesario. Aquí renegamos da violencia, a crueldade e a falta de humanidade como vías para solucionar conflitos; tanto, que nos desagrada incluso o recurso constante á metáfora bélica como descrición de calquera confrontación, polémica ou mesmo rivalidade deportiva.

O emprego continuo das metáforas bélicas converteuse nun fenómeno digno de estudo non hai moito, nos primeiros tempos da pandemia; lembrarédelo ben, pois durante meses asistimos con total naturalidade ao emprego abusivo desta linguaxe en cada sesión informativa oficial televisada e en cada titular de prensa relacionado co tema covid. Tratábase dunha guerra aberta entre nós e o virus, seica, e esa idea foi reiterada ata o aburrimento mediante a escolla deliberada dun determinado vocabulario e de certas expresións máis propias dun conflito armado que dunha situación de emerxencia sanitaria, se ben combinaban á perfección, iso si, cos uniformes militares de alto rango que decote invadían, ben enmedallados, os salóns das nosas casas a través da pantalla do televisor. E posto que aborrecemos a guerra —as guerras todas—, ata o punto de desprezar a espuria utilización da súa xerga para outros fins (algo que trivializa os sufrimentos daquelas persoas que verdadeiramente padecen unha guerra na súa carne), desculparedes que non afondemos no tema máis alá da listaxe aleatoria coa que iniciamos esta sección. Por nós, xa abonda. Basta xa.

palabra buscada quedan desactivadas no teclado, o cal centra moito os intentos sucesivos. É un xogo moi simple, e talvez nesa simpleza radique o seu éxito. Foi lanzado en outubro do 2021 e a comezos do 2022 alcanzaba niveis de viralidade.

Para xogar ao *Wordle* non precisas descargar ningunha aplicación: atoparalo na rede, nunha web sen publicidade e na que non se hai que rexistrar nin cubrir dato ningún: entras, xogas e marchas.

Tampouco é un enredo que che vaia absorber moito tempo, posto que é de reto diario, isto é, cada día dispoñemos dunha única palabra por adiviñar. Cando a temos, ou ben cando esgotamos os intentos de chegar a ela sen conseguilo, xa está, marchamos ata o seguinte día que nos acorde e nos apeteza resolvelo. Con todo, se o xogo te engancha, sempre tes a opción de intentar resolvelo nas distintas linguas que coñezas, atópase dispoñible en multitude delas.

Velaí a ligazón do *Wordle* en galego: https://wordlegalego.appspot.com/

En canto ao ***Pensatermos***, o xogo promovido pola Mesa pola Normalización Lingüística, non consiste en adiviñar palabras senón en formar o maior número posible delas utilizando as vogais e consoantes que o xogo nos ofrece cada día (a proposta de xogo cambia, como no *Wordle*, a diario, neste caso cada vez que dan as 00:00 h). A mecánica é tamén sinxela: debes construír palabras de como mínimo tres letras a partir das sete que o xogo che proporciona, repetindo as que consideres mais tendo en conta que unha delas, a que ocupa a posición central da rosca, ten que estar presente en todas as palabras. Con cada vocábulo conseguido sumas puntos, nun número variable segundo o número de caracteres que o compoñan.

Xógase na rede, na ligazón https://pensatermos.amesa.gal/, e pódelo facer rexistrándote cun alcume ou sen te rexistrares se o prefires. A primeira opción ten a vantaxe de permitirche continuar o xogo noutro dispositivo no mesmo punto en que o deixaches, posto que os teus datos se conservan cando saes da páxina, e de que podes «competir» con outros xogadores —se é que a competencia te motiva—, pois existe un «podio» permanentemente actualizado coa puntuación dos dez participantes mellor clasificados, e para ti son tamén visibles os puntos que levas ata o momento e mais a orde que ocupas no conxunto de todos os xogadores.

Fronte ao *Wordle*, que ten un principio e un final ben determinados, no caso do *Pensatermos* podes darlle á cabeciña durante horas sen nunca chegar a completar todas as palabras que se agochan tras esas sete letras (a non ser que teñas habilidades de *hacker* e accedas ao código fonte, obviamente; mais iso quitaríalle toda a graza ao xogo, non si?). As palabras ocultas poden oscilar entre cento e pico como dúas mil, dependendo das letras do día, pero en todo caso é francamente entretido andar a «cazalas». Ademais, o xogo bríndanos a posibilidade de aprender moito vocabulario, e non me refiro só a forma das palabras senón tamén ao seu contido, xa que premendo en cada unha das que levamos atopado accedemos á súa definición no dicionario de referencia (hai varios), co que temos todos os significados ao alcance dos dedos (unha inmediatez moi de agradecer).

E déixovos xa, que hoxe teño o Pensatermos moi atrasado.

AS RECOMENDACIÓNS DE SERGIO MODIA

CINE

Especial slasher

O xénero *slasher* como tal nace nos anos 60 con películas como *Psicose* ou *Dementia 13*, aínda que recoñecido non foi ata finais dos anos 70, cando a película *A noite de Halloween* (1978) marca o comezo da idade dourada do xénero.

Durante a primeira metade dos anos 80 saen títulos que consolidarían o xénero, como *Venres 13*, *Prom Night* ou a coñecidísima *Pesadelo en Elm Street*.

O seu nome provén do inglés *slash*, que significa 'coitelada' ou 'corte'.

As películas do subxénero *slasher* teñen principalmente varias cousas en común: un psicópata sedento de vinganza, adolescentes e armas moi afiadas.

Hai grandes esquecidas do xénero *slasher*, películas de baixo orzamento que pasaron desapercibidas pero que son reflexo de todo un movemento que tivo o seu ocaso na segunda metade dos 80, debido a unha proliferación descontrolada de películas deste tipo que levou ao declive do xénero (só resucitado anos despois por películas como *Scream*, en 1996). Hoxe en día hai títulos interesantes, aínda que o xénero non ten tanto *punch* como antes.

Películas:

Navidades negras (*Black Christmas,* 1974)

The Slumber Party Massacre (1982)

Campamento sangriento (*Sleepaway Camp,* 1983)

La cabaña en el bosque (*The Cabin in the Woods*, 2011)

Quizais esta sexa unha pequena lista de pequenas xoias do xénero, pero hai moitas máis. Pode que o que significou e representa o subxénero *Slasher* sexa moito máis amplo de explicar e, culturalmente, represente unha época clave na industria do cinema. Tentei resumilo da mellor forma posible.

DOCUMENTAL

Electric Boogaloo: a tola historia de Cannon Films (2014)

Un documental imprescindible estreado en 2014.

Nos anos 80 naceu unha produtora da man de dous curmáns xudeus cuxa paixón polo cinema cambiou para sempre a forma de facer e comercializar as películas. Chamábanse Menahem Golan e Yoran Globus e da súa produtora, a mítica Cannon Films, xurdiron estrelas da altura de Chuck Norris ou Charles Bronson. Neste documental, Mark Hartley repasa, a través de fragmentos e entrevistas, as hilarantes peripecias da produtora, así como dos seus dous peculiares e extravagantes fundadores, coas súas grotescas campañas de mercadotecnia.

Cannon Films pode dicir orgullosa que foi a única produtora en sacar antes unha segunda parte dunha película que a primeira.

MÚSICA

Luís Queimada: I Feel Strange (1974)

Neste caso gustaríame destacar este single de HispaVox do ano 1974, onde Luís Queimada se marca unha psicodelia fantástica. Xerme do grupo galego Queimada, ofrécenos esta peza magnífica. Unha rareza digna de mención.

Programa: Síntesis Digital (1983)

Un grupo moi descoñecido de *synth-pop* español. O seu disco *Síntesis Digital* bebe de moitas influencias, pero principalmente de Kraftwerk. O seu tema «Programa-1» é dun virtuosismo que nada ten que envexar á escena berlinesa.

DJ Tiga: Sexor (2006)

Este disco apareceu cando a escena do electro estaba en pleno auxe. É un disco completísimo e o álbum debut de DJ Tiga, de nacionalidade canadense. Foi premio á gravación de baile do ano 2007. Elegante e escuro á vez, rítmico e revolución da escena electrónica.

A pegada galega

CLAUDIA VARELA LOURIDO

Yo no hablo gallego. Me lo enseñaron en la escuela, pero me da igual. No me gusta. Yo hablo español, que es mi idioma.

Desgraciadamente, esta verborrea rechea de prexuízos degradantes e negativos contra o galego tívena que escoitar unha chea de veces ao longo da miña vida. E a verdade é que no momento no que unha persoa renega da súa lingua, pasa a instaurarse no limbo infinito conformado por aqueles que refutaron o orgullo da súa nación, o orgullo propio e incluso o orgullo que algunha vez tiveron. Isto aplícase a todas as nacións por igual, e todos deberiamos de tomar uns minutos para reflexionar sobre a importancia da nosa orixe e preguntarnos o porqué destas inxustizas contra a nosa lingua.

Se comezamos facendo unha breve revisión do contexto histórico e literario do galego ao longo dos séculos, darémonos conta de que esta lingua románica, que con xactancia chamo miña, pasou por non poucos altibaixos. Comezando pola orixe preindoeuropea, temos palabras ben bonitas coma amorodo ou berce, que perduran ata os nosos días. Chegando á Gallaecia, coa aparición do galaico-portugués, conservamos as coñecidas Cantigas de Santa María (grazas, Afonso X). Non obstante, a dita non lle durou moito á nosa lingua, que, coa imposición do castelán no reinado dos Reis Católicos, entrou no desventurado período dos Séculos Escuros, situación que non se resolveu ata o ben chamado Rexurdimento, cunhas merecidas grazas a Rosalía, Curros e Pondal, que trataron por todos os medios de retomar o galego como lingua de cultura. E coa creación da Real Academia Galega, protexeuse e fomentouse o idioma, pero claro, faltaba outra caída catastrófica: a Guerra Civil. Despois deste paro lingüístico, coa fin da guerra, a maioría dos textos en galego escribíronse dende o exilio, pero escribíronse.

Creo que a estas alturas xa temos que entender, polo menos, que o galego reivindique a posición que merece. Cunha historia tan ardua, e coa situación de subordinación á que se viron sometidas as xentes de Galicia, os galegos deberiamos de levar connosco unha medalla invisíbel que indicase orgullo e recoñecemento propio. Pero claro, como xa indiquei ao comezo, na meirande parte das ocasións isto non é así. As persoas arrastran ese sentimento de inferioridade, que, sumado á convicción de que o galego non vai con eles, ocasionan unha fractura na sociedade do norte da península que deriva nunha perda da orixe, dos costumes, da fala, da loita, do recoñecemento, e incluso da propia historia.

Entón, a interrogativa xorde cando nos paramos a pensar: Por que, sendo nós os primeiros que deberiamos sentirnos orgullosos da nosa nación, na maior parte dos casos nos escondemos detrás dunha parede conformada por outros estados máis "fortes" e recoñecidos? Por que esperamos que nos dean o recoñecemento merecido cando nin tan sequera nós mesmos nos valoramos? Por que aspiramos a crear unha unidade lingüística utópica sen movernos da nosa zona de confort baseada nos prexuízos e no desprazamento da lingua? Por que somos tan hipócritas e esperamos que a nosa cultura perdure, cando somos os propios galegos os que a soterramos cada vez que lle damos as costas? Por que criticamos aqueles que se decatan da denigrante situación e inician movementos para freala ou eliminala? Por que renegamos do propio, cando é o noso o que nos fai únicos?

A única maneira de quitarmos estes cargamentos negacionistas é aceptando dunha vez que nacemos, vivimos e morremos sendo galegos, e que no momento no que aceptemos e divulguemos a nosa lingua, a nosa cultura e a nosa nación, seremos capaces de vivir tranquilamente, sabendo quen somos e a onde pertencemos. E deste xeito poderemos chegar a calquera lugar alleo pisando forte, e orgullosos desa insignia invisíbel que nos lembra de cando en vez a morriña da terra á que chamamos fogar.

O Día de Rosalía no CEIP Mosteirón

As nenas e nenos do CEIP Mosteirón celebraron o Día de Rosalía escollendo e ilustrando anacos das obras da nosa gran poeta. Velaquí unha selección dos seus traballos.





Samantha 4ºB

Falta o dia e noite oscura baixa, baixa, pouco a pouco, por montanha de Verdura.

De verdura e de folhas, salpica de fontinhas baixo a sombra do ramas



E sentado estóu mirando
cáma a lúa vai saindo
cáma o sol se vai ditando

Has de cantar

Canto, menina, com
lo do coração, de leite
cabo selaio da sedta da
lua.

Pipiños con leite también
che dolói, zapiños con aiño,
tolitos con mel

Rosalía de Castro

Ikael 3ºB

O HMHS Britannic

Historia de como se afundiu o buque máis grande da Primeira Guerra Mundial

XACOBE ANIDO CASTRO

O HMHS Britannic foi un transatlántico inglés ensamblado nos estaleiros de Harland & Wolff, Irlanda do Norte, e foi propiedade da empresa navieira White Star Line, famosa por todo o mundo por ser propietaria de tres colosos do século XX. Crearon a «clase Olympic», unha familia de transatlánticos moi enxeñosos da época que se caracterizaban por ter a mesma forma e función, ademais de ser os máis avanzados tecnoloxicamente. Foi o RMS Olympic o que inaugurou esta clase en 1908, foi o maior de tres irmáns xemelgos e afundiuse en 1934. Poucos anos despois saíu o máis famoso de todos, o RMS Titanic, que se afundiu na súa viaxe inaugural en 1912. E por último, o HMHS Britannic, o último da clase, que se afundiu en 1916.

O afundimento do Britannic non conmocionou tanto como o do Titanic; porén, é o maior misterio ser resolver da historia da navegación. Nun principio, o Britannic ía ter a mesma función que os seus irmáns, pero seis meses despois da súa botadura estalou a Primeira Guerra Mundial e foi requisado polo goberno británico en 1914. Decidiron transformalo nun barco hospital, que tiña a obriga de traer soldados ingleses feridos polos turcos do Mediterráneo oriental ata as costas Británicas, coa intención de defender o seu territorio e parar a guerra que, tempo atrás, iniciaran os alemáns.

No ano 1913 a Mariña Imperial de Alemaña anunciou en plena guerra a botadura dun xigante de aceiro que cambiaría o ciclo da historia contemporánea; o seu nome era SM U-73, un submarino de alta tecnoloxía da clase «U-boot», o terror dos grandes buques do océano Atlántico, xa que tiña un canón de 88 mm en cuberta e catro tubos lanzatorpedos. Era capaz de moverse a unha velocidade aterradora e colocar minas submarinas en calquera lado do leito mariño. No ano 1915, un ano antes do afundimento do Britannic, o irmán do U-73, o submarino SM U-20, afundiu o RMS Lusitania nas costas irlandesas ao impactar cunha das súas minas. Isto conmocionou a Armada Náutica de Gran Bretaña e serviu como advertencia para outros barcos.

16 DE NOVEMBRO DE 1916. PORTO DE SOUTHAMPTON

Entre a multitude que había esa mañá de novembro no porto de Southampton podíase divisar o coloso de aceiro bañado en branco con cruces vermellas no casco. Efectivamente, falo do terceiro buque da clase Olympic, O HMHS Britannic, o transatlántico máis luxoso do mundo, ao dispor de miles de enfermeiras, camareiros e rangos militares para evacuar de Galípoli soldados feridos polos turcos.

O resoar das chemineas chamou a atención de todo o mundo, o buque estaba a piques de partir ata o mar Exeo. As masas formaron ringleiras fronte ao barco e comezaron a subir a bordo. Nunha desas ringleiras estaba eu, un sinxelo alférez nomeado para viaxar no barco hospital da Súa Maxestade. Unha vez a bordo, o tenente Edmand Ellenby asignoume un pequeno camarote privado no cuarto piso e deume orde de levar alí a miña equipaxe e logo ir ata a sala de mando para unha reunión. Percorrín moitos corredores ata chegar ao camarote, deixei alí todas as miñas cousas e dirixinme á sala de mando. Ao entrar, esperábame unha multitude de xente uniformada con altos rangos militares. Entre eles encontrábase o tenente e outros alféreces, ademais do segundo oficial Harold Dyken e o capitán do buque, Charles Alfred Bartlett. Mandaron formar filas e, feito isto, pasou o capitán a ditar ordes. Bartlett era un veterano militar de poucas palabras especializado en navíos, que, ademais, era moi coñecido por toda Gran Bretaña e sabía moi ben o que facía; porén, non estaba no seu mellor momento, xa que falecera o seu fillo de sete anos semanas antes.

–Bos días. Chámome Charles Alfred Bartlett. Reunímonos aquí por motivos xa sabidos da guerra. J. Bruce Ismay asignoume nesta travesía ser o voso capitán. Esta é a sexta viaxe do Britannic a través do Mediterráneo, mais teño argumentos que afirman a presenza de minas subterráneas da Mariña Imperial de Alemaña. Teremos coidado.



Logo Bartlett deu paso ao segundo oficial Dyken.

–Atención, vouvos informar de que estades aquí para manter a seguridade e vixilancia dentro deste navío. Sodes catro alféreces, cada un tomará o seu posto asignado para a seguridade das enfermeiras, feridos, camareiros e operadores.

Os outros tres alféreces foron enviados ás cubertas de botes, aos balnearios e aos comedores. A min tocoume posicionarme na sala de máquinas, en concreto na sala 5, onde se encontraba a única turbina de vapor de todo o barco.

Volvín ao meu camarote e vestinme co meu uniforme. Ao saír esperábame o tenente Ellenby, que parecía estar de mal humor.

–Veña, que fas aínda aquí? Axiña, vai á túa posición de vixilancia, todas as enfermeiras xa están a bordo.

Corrín escaleiras abaixo, cara ás caldeiras. Entón a voz do tenente resoou por detrás miña:

–Alférez, cal é o teu nome?

Xusto cando tiña as palabras coas que responder, o son das chemineas do barco anunciaban que estaba preparado para levar áncoras. Seguín baixando as escaleiras ata chegar ao posto de control que separaba as caldeiras do resto do barco. Alí encontrábase un cadete chamado Roger Williams.

–Bo día, o barco acaba de levar áncoras cara a Galípoli. Ti debes de ser o alférez do que me falou Dyken. Vamos, ven comigo.

O cadete conduciume por un longo corredor, seguido de escaleiras que parecían levar ao centro da terra. Baixamos, logo, á escuridade. A medida que percorriamos outro corredor, a calor aumentaba, e así fomos chegando ao final. Unha luz amarela iluminou o ambiente: tratábase dos grandes fogóns que alumeaban a estancia; xa chegáramos á sala de máquinas. Atravesamos a sala 1, seguida da 2, da 3 e da 4. Chegamos ao cabo á sala 5, onde se encontraba unha gran mole de ferro de forma circular que expulsaba fume das boquillas. No seus pés había un total de sete fogueiros revisando, limpando e tratando fogueiras para o correcto funcionamento da sala.

–Escoita, tes que velar pola seguridade de todos estes traballadores, ademais de revisar se fan ben o seu traballo. Se hai calquera accidente sempre estarán obrigados a cumprir as túas ordes, e en todo momento han de estar os fogóns ardendo para que aqueles enormes pistóns do teito poidan moverse e propulsar o barco. Aquel portón de aceiro que ves alí é o mamparo estanco que divide esta sala da 6.

Esta comporta debe pecharse inmediatamente en caso de que houbese un accidente, sen restricións.

Dito isto, Roger fíxome un xesto de despedida coa gorra e foi á sala 1. Os fogueiros miráronme cunha mirada seria e volveron ao seu traballo. Estaban todos esgotados pola calor que se producía naquela sala. Mentres botaban pas de carbón na caldeira, eu daba voltas preto deles. Así funcionou o meu traballo durante todo o día. Cando escureceu veu outro supervisor para facer o rolda de noite. Volvín ao meu camarote, onde me agardaba unha cama mol e acabada de facer.

Os seguintes días tiveron exactamente a mesma rutina, isto é, levantarme moi cedo, ir á sala de máquinas 5 e facer de supervisor ata a noite. Era moi canso aquel traballo, sinceramente odiábao. De vez en cando atopábame con Ellenby polos corredores das cubertas, ademais de con Roger nas caldeiras. Tamén vin a Dyken unha ou dúas veces na sala de radio ou correndo polas cubertas con mapas e cartas náuticas, nunca me saudou. A Bartlett, o capitán, nunca o vin despois da reunión do primeiro día, supoño que estaba demasiado ocupado dirixindo o barco.

O día catro foi especialmente destacable. Non sei por que motivo, pero Ellenby deume aquela mañá como descanso. Decidín explorar o barco. Ía con paso alegre, saudando as miles de enfermeiras que se cruzaban comigo. Subín á cuberta tres, onde había un balneario, unha piscina, camarotes de enfermeiras, quirófanos e salas de espera. Seguín dando voltas polos corredores ata que cheguei á cuberta de botes. Había moita claridade, xa era mediodía. Dei un pequeno paseo por alí e fun ao restaurante. Decidín comer algo e volver ao meu camarote, xa que non había moito máis que facer nun barco hospital que aínda non tiña pacientes.

Á mañá seguinte fun moi cedo ata as caldeiras para seguir coa rutina. Tardei en baixar porque tropecei nas escaleiras. Por sorte, nin Roger nin Ellenby estaban alí para dicirme nada. Ao chegar ao meu posto, atopei o ambiente moi tranquilo, como se os fogueiros non tivesen forzas para traballar e tivesen diminuído o seu ritmo de traballo. Antes do mediodía veu Roger a saudar.

–Todos traballan ben? Onte tiveches un día libre, non te queixarás, verdade? Que che parece o buque?

Todas aquelas preguntas confundíronme un pouco. Ía responder cando toda a sala tremeu coma se dun terremoto se tratase. Roger caeu ao chan e quedou malferido na cabeza, pero seguía vivo. Eu estaba asustado e confundido, ata que os fogueiros gritaron que había un burato enorme no casco. A auga entrou cunha forza enorme na sala, e en moi poucos segundos chegou a estar toda inundada. Collín a Roger por un brazo e intentei sacalo de alí, cando berrou:

–Non! Cumpran as súas ordes! Deben seguir alimentando o buque ou morreremos todos aquí! Hai que chegar a terra! –respirou un pouco e dirixiuse a min–. Colla aquel teléfono fóra da sala e chame ao mando para nos daren as ordes máis pertinentes. Vamos, axiña!

Non dubidei nin un segundo, deixeino andar só e corrín ao teléfono. Dei todos os detalles do acontecido nas caldeiras. Entón foi cando respondeu Bartett:

–Reláxese, as salas 5 e 6 son as únicas inundadas agora mesmo, podemos chegar a terra. Os fogueiros deben seguir traballando –a auga comezou a entrar máis rápido e a empuxar todo o persoal da sala para fóra–. Escoite con atención: peche o mamparo estanco que divide a sala 5 da 6. Se logra pechalo, o barco deixará de afundirse.

A voz do capitán deixou de soar. Entre todo o balbordo daquela sala podíase distinguir o nivel da auga chegando á miña cadeira. Os fogueiros deixaron de meter carbón nos fogóns e fuxiron todos, aquela sala xa estaba condenada a desaparecer. Fun todo o rápido que puiden ata o mamparo de estanco. Puiden coller a asa do portón coa forza suficiente para pechala, entón foi cando o burato do casco se fixo aínda máis grande. Unha forza descomunal de auga salgada empuxoume cara a atrás mentres Roger berraba. Por un momento pensei que morrería alí. Puiden sacar a cabeza da auga e ver que xa case chegara ao teito. Ao carón de min estaba Roger, ou o que quedaba del; o impacto da auga causáralle moito dano, xa non estaba vivo. Asusteime. Logo, nadei ata as escaleiras e subín ata a cuberta D, onde estaba o meu camarote. Ao entrar, todo estaba revolto, o impacto fixera estragos e todos os mobles estaban tirados. Tiña demasiado apuro para coller as miñas cousas, non podía quedarme alí, a auga xa chegara ao meu camarote. Decidín pechar os ollos de boi para que non entrase máis auga no buque. Vin un oficial de ponte correr polo corredor da cuberta.

–Apresúrense para chegaren á cuberta de botes! E ti, que fas aquí? Colle un chaleco salvavidas e axuda as enfermeiras!

Non tiña ningún chaleco, mais por sorte encontrei un aboiando na auga do corredor. Logo, fun avisan-

do a todo o mundo de que corresen cara a arriba, berrando entre os ruídos desagradables que facía o buque pola presión. A auga xa me chegara ata os xeonllos. Dei outra volta na mesma cuberta por se atopaba alguén, e así foi. Encontrei unha enfermeira que pedía axuda; tiña un pé atrancado na porta dun elevador. Collín unha panca e fixen ceder a porta. Ela, moi agradecida, decidiu presentarse.

–O meu nome é Violet Jessop, e son enfermeira voluntaria deste gran buque que, desgraciadamente, corre a mesma sorte có seu irmán maior. Veña, hai que darse présa, non podemos quedar aquí.

Decidimos ir xuntos deica a superficie. Na cuberta C atopábanse algúns oficiais dirixindo enfermeiras á cuberta de botes. Atravesamos as multitudes ata chegar arriba de todo. Por fin podía respirar aire limpo e ver a claridade do sol.

–Veña, non te durmas, temos que conseguir un bote.

A xente empuxábase entre si mentres intentabamos subir a un dos moitos botes que estaban listos para desembarcar. Estabamos xusto diante dun deles cando Ellenby apareceu de súpeto por atrás e gritou:

–A onde cres que vas?! Primeiro os pasaxeiros, ponte a axudar inmediatamente!

Non tiven outra elección. Separeime de Jessop e preparei unha barca para evacuar. Axudei a entrar na barca algunhas enfermeiras, entre elas estaba Jessop. Mentres a barca baixaba, tamén se afastaba de min. Unha vez a barca pousaba nas frías augas do Exeo, puiden divisar ao lonxe unha barca na que se encontraba Bartlett, dirixindo a evacuación dende alí. Foi entón cando todo o buque tremeu. Moito persoal e provisións caeron á auga. Non puiden manter o equilibrio e caín. Foi un duro golpe o impacto do meu corpo coa auga, pero puiden resistilo e volver á superficie. Nadei ata a barca onde se atopaba Jessop. Subín á barca con poucas forzas de meu.

–Estás aquí! Menos mal, estaba moi preocupada.

Nesa mesma barca foi onde fun testemuña do verdadeiro terror. O Britannic batera contra o leito mariño do Exeo e o buque estaba levemente escorado: caixas, bolsas, aparellos e máquinas de cuberta caían á auga coma xoguetes. Momentos despois, deime conta de que o buque seguía en marcha, non sabía como, xa que as caldeiras estaban afundidas. En todo caso, a nosa barca era arrastrada pola corrente das hélices do barco. Tanto eu coma Jessop e as enfermeiras da barca demos un gran berro. Poucos segundos despois xa estabamos xusto diante das hélices de 22 toneladas a punto de triturarnos. Jessop reaccionou rápido e saltou da barca a tempo, nadando todo o rápido que puido ata chegar a outra barca. Eu fixen o mesmo, pero non puiden nadar tan rápido e as hélices succionáronme co resto das enfermeiras. Sentín como as hélices estaban a piques de triturarme, cando, coma un agasallo do ceo, apareceu Jessop debaixo da auga e deume a man.

O HMHS Britannic, afundiuse no canal de Ceos (mar Exeo) preto do seu destino. Porén, non transportou nin un só pasaxeiro. Este famoso transatlántico transformado en hospital correu a mesma sorte dos seus dous irmáns maiores, o Olympic en 1936 e o Titanic en 1912. O afundimento do Britannic foi pouco tráxico, xa que só faleceron 30 tripulantes dos 1.125 que había, mais este é un dos grandes misterios da navegación, porque, aínda que nesta historia ficticia aparece unha posible idea do acontecido nas caldeiras, ninguén sabe por que non se pechou o mamparo de estanco. A causa do impacto foi o submarino SM U-73, posesión dos alemáns, que colocaron minas subterráneas na travesía do buque, que só tardou 55 minutos en afundirse. Todos os personaxes son ficticios, excepto Bartlett e Jessop. O resto da tripulación foron modificados nos seus nomes, o cal os diferencia de personaxes históricos británicos, non todos no Britannic.

Charles A. Bartlett sobreviviu ao afundimento. Despois deste, transportou ao resto da tripulación que aínda estaba viva á illa de Kea ata que varios barcos os rescataron e levaron a porto. Logo da traxedia volveu a Waterloo, onde pasou o resto dos seus días e morreu coa idade de 76 anos.

Violet Jessop, coñecida como «Miss Inafundible», tamén sobreviviu ao afundimento. Era un gran personaxe histórico, xa que se lle deu este sobrenome por ser a única persoa que sobreviviu aos tres grandes naufraxios de comezos do século XX. Estivo no RMS Olympic cando colidiu co HMS Hawke, tamén no afundimento do RMS Titanic e no HMHS Britannic, sendo enfermeira voluntaria.

Do personaxe principal desta historia non sabemos o nome, xa que en ningún momento o di. Tampouco ten ningunha conversa con ninguén. É un personaxe totalmente ficticio, cuxos restos se atoparon onde xace o buque máis grande afundido e mellor conservado, e, agora, tamén na súa consciencia.

Home entre a néboa

RUBÉN ANIDO REGUEIRO

Ilustración de David Suárez "Geppe"

A estrada estaba mollada na noite. Chovía nun orballo que enchía o parabrisas dunha lenta e case pegañenta humidade en parte mitigada pola calefacción do auto. Aquela xornada fora interminábel e sen acougo na vella fábrica: tan só desexaba chegar canto antes á casa para me deitar e esquecerme do mundo todo.

Ás veces cumpría cruzar densos farrapos de néboa contra os que batía, nun reflexo incandescente, a luz dos faros. Estes alumeaban o asfalto como dubidosos, e ás veces a propia néboa e a auga en suspensión tornaba a claridade fuxidía, a esvarar polas árbores dos lados e mais polas gabias.

En realidade, todo aconteceu moi rapidamente. Quero dicir que foi rápido ademais de inesperado. Supoño que o imprevisíbel é deste xeito, e como tal foxe por completo ao noso control. En todo caso, teño a certeza de que o que vou relatar non garda nin a máis mínima relación co meu cansazo nin cos meus desexos de chegar á casa. Simplemente foi, e como tal cómpre entendelo.

A estrada daba voltas e máis voltas polo medio das montañas, e nunha pequena recta puiden albiscar a presenza dun home. Un accidente ou unha avaría inesperada no lugar quizais menos indicado, pensei, mais logo me dei conta da non presenza de calquera vehículo nas inmediacións. Certo que había moi pouca visibilidade, mais algunha luz ou polo menos un triángulo de emerxencia debería haber.

Non, non había nada. Detiven o auto na case inexistente beiravía ao ver o home. Era alto e fraco, e vestía un traxe castaño por embaixo dun abrigo máis ben lixeiro, como de entretempo. A súa face non mostraba ningún sinal de desacougo nin de contratempo, tal se non se cuestionase a súa presenza alí, como se estar alí fose o máis natural do mundo.

Achegouse á porta do acompañante e abriuna. Acomodouse cunha rara familiaridade. Un aceno sutil da súa man destra indicoume que reiniciase a marcha. Durante un tempo non nos dixemos nada, como se as palabras sobrasen, como se xa todo estivese dito de antemán. En certo modo, constataba que coñecía dun xeito vago e difuso aquel home.

–Non falta moito para chegar –dixo rompendo o silencio, até ese momento quebrado tan só polo ruído do motor e mais dos limpaparabrisas.

–Cara a onde nos diriximos?

–Non te preocupes, axiña o has ver.

Aínda que coñecía perfectamente aquela estrada, o home fíxome tomar varios desvíos, de tal xeito que

perdín a orientación. A isto último había contribuír a noite e mais o orballo e, por suposto, o meu cansazo. Por estraño que pareza, seguía as indicacións daquel individuo sen as cuestionar en ningún momento. Cruzamos montes e atravesamos gándaras, e a estrada, estreita de seu, tiña fochancas aquí e alá que movían e axitaban o coche e case me fixeron perder o control do vehículo nalgún momento. O home, pola súa parte, permanecía nun estado de quietude que me sorprendeu, como se xa soubese todo o que ía sobrevir.

–Detente aí á dereita, nesa pequena explanada –indicou.

Unha vez detiven o auto e apaguei o motor, o home invitoume a seguilo. Deixara os faros acesos para poder ver algo por entre o orballo e a escuridade. Todo estaba sumido no abandono e na humidade, e isto causoume un sentimento de fonda tristeza. O home camiñaba lento e eu ía tras del non sabía a onde, mais tampouco se me ocorreu preguntar, como se esta posibilidade estivese de máis. O chan era de xabre, e había numerosas pozas por aquí e alá de diferentes formas e tamaños. Cando o home se detivo –as luces do coche ficaban xa moi por detrás de nós– sinalou co brazo esquerdo un pequeno torrente de auga que corría sobre un leito de pedras escuras case non visíbeis.

–E agora? –preguntei cun algo de temor. Non sabía como non daba volta e volvía sobre os meus pasos. Aquel home había de estar tolo, mais algo nel, algo para min completamente descoñecido, dicíame que non cabía a posibilidade de fuga ou de deserción.

–Pecha os ollos e, a continuación, introduce unha man na auga.

A corrente estaba fría, moi fría, dun frío proceloso e aceirado, abertamente hostil. Pola miña mente comezaron a correr imaxes dunha desorde imposíbel, imaxes relacionadas con todo o por min vivido e polo que viviría no futuro: rostros, lugares, xestos, palabras, todo se mesturaba en algo indeterminado que, non obstante, tiña un sentido profundo e, sobre todo, cheo de verdade.

Cando espertei estaba exánime. Era de día, e o home aparecido por entre a néboa xa non estaba. Marchei para a casa cunha sensación dentro de min a medio camiño entre o desencanto e a alegría.

Unha tregua

PARIS JOEL

Ás veces o solpor do sangue espesa o camiño de volta
e o tránsito cara ó escuro vai máis amodo que un reloxo de papel.
Ás veces a foto finish é o voo dunha pardela no outono,
e o bico roubado á última amante, a pel da serpe inmortal.

O insomnio é un pagode azul na selva preñada de soños,
unha morea de ecos que xa non moven penedos nin rochas,
ti es o único que queda para pechar a cancela do auditorio
mentres as túas pantasmas rin no patio de butacas.

A suor dun pesadelo é o acelerón do diésel antes de agripar,
chamas a túa nai na orfandade da madrugada
e só responde, ó lonxe, o camión do lixo e unha billa que gotea.

Es consciente de que a música dun revólver
está nos túneles onde se agachan as balas,
e xiras o tambor sorrindo á balalaica.

Coma quen desfolla un trevo
pasan pola gorxa os grolos dun gran reserva,
un viño tinto,
un Sol que esmorece,
e, ás veces,
unha tregua.

O tolo da vasoira

XOSÉ ANXO SEOANE CAO

Xa dende que entrou na escola de don Matías, **Manuel** quedou estigmatizado como un rapaz, digamos que..., diferente. Resultáballe imposíbel seguir as normas, polo que practicamente todos os días estaba castigado sen recreo e as máis das veces levaba a maiores unhas vareadas nas cachas. Esa circunstancia non remediou o seu mal comportamento, senón que aínda o empeorou.

Era ben parecido, alto, de porte ben proporcionado e sobre todo cuns ollos que amosaban viveza e intelixencia. Ademais era un milmañas, a todo lle atopaba solución. Construtor das carrilanas máis rápidas de toda a bisbarra, constituíase no grande heroe para os máis pequenos, aos que non dubidaba en aprenderlles todas as súas habelencias para conducir eses auténticos Fórmula 1 sen propulsión.

O seu pai tiña unha pequena tenda das de antes, nas que ao mesmo tempo que os homes tomaban unhas cuncas de viño do Ribeiro ou de Barrantes, as mulleres mercaban alimentos básicos de primeira necesidade. Eran os tempos difíciles das cartillas de racionamento e do contrabando. Isto posibilitou que a pesar da necesidade que había, fame nunca pasara.

Acabada a escola primaria, deixou os estudos e déronlle varias ocupacións na tenda familiar. Empezou sendo o mozo dos recados, despois pasou a axudar na barra ao pai e á nai na tenda, pero escapaba de todas elas en canto podía e botábase ás rúas da vila.

No tempo que estaba fóra da casa convertíase no terror dos serenos e das señoritas que atopaba no seu camiño. Picaba nas aldrabas das casas importantes e saía a lume de carozo. Roubaba froita nas hortas e nos postos do mercado. Ocorríanselle todas as falcatruadas que un poida imaxinar. Pero aínda así, malo non era, xamais se viu metido nunha pelexa e nunca amosou actitudes agresivas. Como el recoñecía xa de maior, simplemente gozaba gastándolles bromas aos demais, tampouco era para tanto.

As argalladas de Manuel ían a máis e cada vez eran máis pesadas. Para regalía dos máis humildes, os destinatarios das súas burlas máis crueis eran sempre persoas de «boa posición», nunca as do seu igual. Pero isto constitúa un serio problema para os seus pais xa que, primeiro as queixas e máis adiante, ante a persistencia, algunha que outra denuncia, causáballes grandes contratempos.

E así foi que se converteu nun inadaptado social; incapaz de aceptar as normas e os convencionalismos sociais, traspasaba os límites con demasiada frecuencia. O pai sempre lle repetía o mesmo:

–Estás louco, ou que? En que demos pensas para facer esas cousas?

El non lle contestaba e pasado un tempo volvía ás andadas.

A situación chegou a ser tan preocupante que consultaron o médico de cabeceira da familia.

–É un caso claro de perturbación mental. —aseverou o doutor—. Hai unha institución en Santiago que ten especialistas e onde con medicación poden tranquilizalo.

–Que me está dicindo? Que o meu fillo é un tolo? Que teño que internalo nun manicomio? —contestoulle alporizado o pai.

–Non se poña así. Eu non dixen tal cousa. Non se trata dun manicomio, é un centro de saúde mental onde poden tratar o seu fillo —corrixiu o médico.

Saíron da consulta rosmando polo baixo e abalando a cabeza dun lado para outro.

Pasou o tempo e o pai, canso dos impulsos inapropiados do fillo, consultou de novo co médico. Este convenceuno e conseguiulle unha cita co doutor Meira, director naquel tempo do único hospital para enfermos mentais que había en Galicia.

A idea de ir a Santiago resultoulle atractiva a Manuel, nunca saíra da súa vila e xa era tempo de visitar a catedral, pensaba.

A pesar de ter xa algo máis de vinte anos era a primeira vez que collía o tren. Corría o mes de setembro de 1945, polo que ás oito da mañá a luzada do día presaxiaba unha viaxe alucinante. Podería ir gozando da paisaxe, primeiro ata A Coruña e máis tarde ata Santiago de Compostela. Viaxaba co seu pai para visitar a un médico especialista de gran so-

na que tiña consulta nun hospital da cidade compostelá. O pai prometéralle que se quedaba tempo antes de coller o tren de volta visitarían a famosa catedral onde se atopaban os restos do apóstolo Santiago.

Nada máis chegar, Antonio fixouse no rótulo que nomeaba o que semellaba ser un convento, «Sanatorio Psiquiátrico de Conxo». Tranquilizouno o feito de que aparecese a palabra sanatorio e non entendeu moi ben a que viña iso de psiquiátrico.

Entraron e preguntaron polo doutor Meira. Agardaron uns quince minutos antes de pasar á consulta. Recibiunos moi amigabelmente. Era un home duns corenta anos ben entrados, corpulento e de cabelos roxos. Usaba lentes e non tiña barba. Indicoulles as cadeiras nas que podían sentar e preguntoulles que tal lles fora a viaxe. Manuel faloulle do moito que o impresionara a locomotora que botaba ao ar un penacho de fume branco. Asomárase por unha das ventás do seu vagón e o cheiro a carbón atrapárao, así como a harmonía do zunido das rodas de ferro que devoraban os raís asentados nas travesas sobre o leito de pedras.

Mentres o doutor lle falaba agora ao seu pai, el observaba polo miúdo todo o que había na estancia. Despois dun anaco o doutor díxolle que sería moi conveniente que quedase «hospedado» no centro durante unha semana para facerlle unha revisión médica a fondo. El non puxo obxeccións. Esa foi a primeira vez que estivo ingresado no hospital psiquiátrico.

O persoal do centro tratouno con respecto e incluso con cariño. Aínda que o seu cuarto era moi simple, cunha cama ancorada ao chan e un sinxela mesa de noite, sentíase cómodo paseando polos xardíns do antigo convento. A comida non era saborosa, pero estaba tranquilo e non pasaba fame. Fixéronlle varias probas e dende o terceiro día comezou a tomar unhas pílulas azuis despois de cada comida. Cando volveu para a casa déronlle un tarro enteiro para que seguise o tratamento diario. Dende ese momento durmía mellor que nunca, o que lle permitía gozar máis polo día.

Cando levaba unha semana na casa descubriu o que a partir de agora sería a súa paixón: a música. O seu instrumento era unha vasoira. Varría, daba golpes con diferente intensidade e duración e acompañaba eses sons con outros que facía coa boca. Era quen de reproducir con moita fidelidade a banda sonora das películas de éxito do momento e das cancións de sempre.

Ilustración de E. M. Seoane Riveira

Comezou cos concertos para os clientes da tenda dos pais. Ao principio tomábano de broma, pero pouco a pouco foi gañando sona e xa comezaban a reclamalo por toda a vila. O alcalde incluso lle prometeu contratalo para as festas patronais. Cando as adegas do viño do país iniciaron a tempada pendurando na entrada ramallos de loureiro xa tiña a súa axenda de actuacións completa. Os grupos de amigos levaban empanadas, tortillas, queixo, marmelo... e consumían o viño da adega a esgalla. Contábanse chistes, cantábase e, como artista convidado, «o tolo da vasoira». Fora el mesmo quen buscara o seu nome artístico.

Cando acababa o tempo do viño do país víñase un pouco abaixo e empezaba a argallar outros *cometidos*

menos aceptados pola sociedade. Unha vez, aproveitouse do descoido dun garda civil na cantina da estación do tren e rouboulle o tricorne. Cachárono enseguida xa que non se lle ocorreu mellor cousa que andar de paseo pola vila adiante con el posto. E eses non eran tempos para meterse coa benemérita. Acordaron que o mellor sería internalo de novo no manicomio. E así foi como volveu a Santiago por segunda vez.

Afonso naceu na mesma vila, o mesmo día, mes e ano que Manuel, pero a súa era unha familia de avoengo. O seu pai, avogado de profesión, fora alcalde ao pouco de rematar a guerra, polo que estaba moi vencellado ao franquismo. Coas influencias e as amizades medrou tanto que xa só se relacionaba coas elites da cidade e catro amigos da vila adeptos ao réxime ben situados no status social.

Afonso semellábase no físico ao seu pai, máis ben gordecho e baixiño, serio, responsábel, guiado, bo estudante... Visto así, todo o contrario que o seu amigo de xogos, Manuel, o fillo dos tendeiros de Casa Ponte. Malia que o seu pai llo tiña prohibido, xuntábase con Manuel sempre que podía e convertíase nunha cabra louca coma el.

Pero cando o seu pai soubo das falcatruadas do compañeiro de xogueta do seu fillo, iso acabouse axiña. Así foi que mandaron a Afonso a estudar á cidade, onde o pai tiña o bufete e gastaba a maior parte do seu tempo. Xa no segundo curso toda a familia se mudou á capital. Soamente volvían á vila durante as festas do verán. Aproveitaban para abrir a casa e visitar os catro amigos que conservaban: o alcalde, o médico, o crego e o xefe local da Falanxe. Dese xeito a relación entre ambos os dous rapaces foi arrefriando.

Despois de cursar o bacharelato, Afonso foi estudar enxeñería a Madrid, mentres que Manuel quedou na casa sen ocupación. Aí comezou a súa separación definitiva pois a partir dese momento a familia deixou de ir á vila, incluso no verán polas festas, e os mozos xa nunca máis se xuntaron.

Afonso rematou os seus estudos con máis ou menos brillantez e volveu co seu título á cidade. Pouco tempo despois, dada a influencia neste caso do seu avó (xogara un papel decisivo no progreso do porto), foi nomeado enxeñeiro director de Vías e Obras da Deputación Provincial.

A súa foi unha carreira meteórica, presidente da Cámara da Propiedade, concelleiro, Procurador en Cortes, presidente do Casino da cidade... Chegou ao cume cando foi encargado de realizar unhas obras de reforma na residencia de verán do ditador. E así foi que chegou a ser alcalde da cidade.

Fisicamente pouco cambiara, soamente o bigote e uns cantos quilos máis debido ao seu colosal apetito. No concello facía e desfacía ao seu antollo e ninguén ousaba contradicilo debido ao gran poder que tiña, poder que se sustentaba na súa magnífica relación co ditador e sobre todo coa súa dona.

Simpático e falangueiro, era sempre o centro de atención. Coqueteaba con todas as señoritas que coñecía pero non tiña ningunha intención de se comprometer. Os seus achegados, nomeadamente os seus pais, insistíanlle na necesidade de que buscase unha muller de boa familia e formalizase, o seu status así o requiría. Pero el non quería renunciar á boa vida libertina que levaba. Non lle rendía contas a ninguén e neste caso tampouco estaba disposto a facelo, e os anos ían pasando.

A cidade estaba a quedarlle pequena. Cada vez gastaba máis tempo en satisfacer os seus vicios e ao final iso íalle pasar factura. O seu último capricho consistiu en facer unha viaxe institucional a Río de Xaneiro. Argumentaba que no pasado ambas as dúas cidades tiveran moita relación comercial e xa era hora de recuperala, constituiría unha grande oportunidade económica para a bisbarra, como el dicía publicamente: «A cidade está preparada para despegar, para abrirse ao mundo».

Unha das súas últimas adquisicións pouco antes da viaxe transoceánica, un antollo que tiña dende neno, foi un enorme cabriolé Mercedes-Benz.

Logo dun par de meses de estadía no centro residencial de saúde mental de longa estancia de Conxo, onde trataron a Manuel, unha vez máis, con cariño, respecto e incluso proximidade empática, este volveu á súa vila natal, onde foi recibido con grande algarabía polos veciños do barrio. Estaban seguros de que con el chegaría de novo a diversión. Sabían que estando cualificado como «tolo» tiña certas licenzas para facer e dicir as verdades, medio en broma, medio en serio, que eles non podían. Non estaban tan ledos os prebostes, xa que eran eles precisamente os obxectivos das súas chanzas.

Pero esta vez amosábase máis calmo que de costume. Logo de almorzar daba longos paseos polo par-

que da estación e despois do xantar botaba unha cumprida soneca. Xa cara á noite saía de novo, pero desta volta polas calellas, onde era reclamado para contar as súas últimas aventuras e improvisar melodías coa vasoira.

Soubo por un compañeiro de paseo que o seu amigo da infancia, Afonso, o fillo do avogado, era agora unha persoa moi importante, tan importante que era o alcalde da cidade, e que como tal, e tamén porque lle caera en graza ao xeneralísimo, facía e desfacía ao seu antollo. Contoulle que o vira na cidade pasar unha vez nun cochazo sen capota, saudando a todo o mundo, perfectamente uniformado cunha chaqueta da mariña, branca, para que así destacasen aínda máis a chea de medallas que penduraban no peito.

–Gordo coma un bocoi e fumando tremendo puro habano, chulo coma sempre. –díxolle o compañeiro acompañando a descrición con acenos rimbombantes.

Dende ese momento a Manuel metéuselle unha idea na chola: facerse co coche dese garelo foncho.

Como o conseguiu é todo un misterio aínda sen desvelar. Pero o certo é que se fixo co cabriolé e marchou con el moi lonxe da cidade. Seguramente pasou inadvertido, xa que tivo a precaución de levar unha especie de uniforme de condutor, con chapeu e todo. Dese xeito todos deberon pensar que se trataba do chofer do alcalde, ou dun empregado municipal que facía as súas veces, xa que non había en toda a volta coche coma aquel.

Na casa de Manuel non lles estrañou demasiado a súa ausencia, estaban acostumados, incluso en moitas ocasións era el mesmo o que se internaba unha tempada na residencia de Conxo.

–Que demos!, os ricos fan o mesmo, pero nos balnearios, dando a entender que necesitan descansar e calmar o espírito coas augas milagreiras —argumentaba para si Manuel—.

A cousa é que durante un tempo Manuel estivo vivindo nunha modesta pensión da cidade de Ourense. Dedicábase a exercer de taxista polas pequenas vilas e aldeas máis remotas da provincia. Tiña grande éxito; ademais do cabriolé, que cubría coa capota nos días malos, os seus prezos eran os xustos e gastaba uniforme con chapeu; non tiña rival. Cando xuntaba os cartos suficientes para pasar o día volvía á cidade. Aparcaba nas aforas para non chamar a atención e convertíase nun cidadán anónimo.

Era unha vida regalada. O que peor levaba era non poder actuar en público coa súa vasoira, chamaría demasiado a atención e acabaríaselle o choio. Pero un día, cando pola mañá ía coller o coche no aparcadoiro habitual, atopouse con dúas parellas motorizadas da garda civil. Malia actuar con total naturalidade, carecía de documentación e o coche estaba en busca e captura, polo que puxeron fin á súa etapa de taxista.

Sen máis demora marcharon en comitiva para a cidade de procedencia. Dous motoristas diante, abrindo camiño, Manuel co seu mellor traxe e co chapeu conducindo o cabriolé e outros dous motoristas pechando a singular procesión. Non pararon nin unha soa vez en todo o camiño de volta. Cando entraron na cidade causaron unha grande expectación. Os viandantes paraban e saudaban xubilosamente quitando o sombreiro, os comerciantes e tendeiros ao escoitaren tanto bulicio saían dos seus negocios e sumábanse á recepción, os nenos perseguían o coche e berraban, algúns, pensando que era o mesmísimo xefe do estado, cadrábanse militarmente e erguían o seu brazo dereito coa man aberta. A todos eles saudaba con graza e co seu mellor sorriso. Manuel conducía cada vez a menos velocidade, era o seu momento de gloria.

Cando chegou á praza do concello estábano a agardar outros policías que o conduciron directamente ao cárcere. Unha vez identificado foi trasladado ao psiquiátrico de Conxo, onde estaban os tolos, os marxinados, os dementes, os enfermos mentais..., os santos inocentes.

Pouco se soubo de Manuel despois deste seu último ingreso, que se prolongou durante varios anos. Algúns din que morreu de tristura no manicomio por non poder tocar a vasoira, outros que marchou para Portugal e que seguiu coas súas falcatruadas. Os donos da pensión onde se hospedara en Ourense non daban creto ás noticias que saíran en *La Región*, alegando que era un señor moi educado e limpo. Os seus coñecidos sostiñan que se pechou na casa familiar e que soamente saía de incógnito polas noites. Os pais nunca nada dixeron.

O que si se sabe con certeza é que Afonso non se encontraba na cidade cando por fin apresaran a quen lle roubara o coche. Estaba de viaxe institucional en Río, lugar onde faleceu en estrañas circunstancias que nunca foron aclaradas e que a tantas cubilladas deron pé.

De como Deus creou a xente

HELENA VILLAR JANEIRO

Seica cando Deus creou o mundo, chegou ás persoas e deixounas abertas de arriba a abaixo, pois pretendía facelas diferentes ao resto dos animais. Así que non había nin homes nin mulleres, só seres humanos que xurdían das súas mans abertos como un gabán sen botonadura, coas vísceras ao aire lucindo cada unha no seu lugar como os cacharros nunha espeteira.

Así botaron a temporadiña de rodaxe, mais axiña apareceron os primeiros inconvenientes. Os órganos descompoñíanse co movemento producindo molestias e, por veces, as súas dores.

Daquela, os humanos en abertura pedíronlle permiso ao seu Facedor, a quen lle gardaban moito respecto, para lle expoñeren as queixas.

Deus, que na súa inmensa humildade cavilou que ao mellor algunha vez tamén podía mellorar a súa obra, accedeu a escoitar unha comisión que lle comunicase as súas queixas.

Eles escolleron a ducia que se chegou cabo del. Alí bailaron unha danza para lle demostrar que algúns órganos se lles ían do seu sitio, o que mesmo podía ser indicio de que a abertura suporía o perigo de perder unha parte das vísceras ocasionándolles a morte se cadra cedo de máis.

O Facedor convenceuse no intre de que tiñan razón e acordou con eles que, para amañar o inconveniente, o mellor sería coselos como o resto dos animais.

Anticipándose aos xastres e ás costureiras, Deus fixo o que máis tarde farían todos os que acabaron vestindo os nosos corpos: estendeu un brazo para medir a febra de fío desde a punta dos dedos ata o medio do peito e cortou cos propios dentes tantas liñas como xente puxera na Terra, que daquela era inda pouca.

Despois convocouna e púxose á tarefa de coser un por un o mellor que soubo. Cando acabou cos dous primeiros, caeu na conta de que o tamaño dos fíos non casaba coas diferentes estaturas. Conque, en chegando ao fondo da barriga, cando cosía uns faltáballe un anaquiño de fío, de xeito que quedaba algo descosido. En cambio, cando cosía outros, o fío era algo longo de máis e, para que non molestase, tiña que lle facer dous nós e deixar colgando un pequeno remate.

Unha vez acabado o traballo mandounos colocar en dúas ringleiras, segundo o resultado da cosedura. Eles obedeceron de contado e chocoulle que fosen tantos os dun lado como os do outro, de xeito que podía facer parellas collendo un de cada sitio.

E daquela, mirounos ben e díxolles con certa solemnidade:

–Eu xa fixen o que puiden. Agora ídevos cada parella e xa ides vendo como vos amañades para combinar o que falta co que sobra.

MEMORIA DE ACTIVIDADES 05|2021-11|2021

PUBLICACIÓNS

AREAL. REVISTA CULTURAL DE SADA

Nº 23 [11|2022]

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

Nº 36 [12|2021] *A lingua galega e a mocidade sadense na actualidade* | Xose Anxo Seoane Cao

Nº 37 [12|2021] *Rafael Fernández Casas. Maxisterio e asesinato do mestre de Souto* | Abel López Soto, Manuel Pérez Lorenzo

ACTOS

1|11|2021 · SALÓN DE PLENOS

Presentación do nº 23 de *Areal. Revista Cultural de Sada*

11|2021-06|2022 · PAZO DE MEIRÁS

Visitas ao Pazo de Meirás guiadas por Carlos Babío Urkidi, Manuel Pérez Lorenzo e Abel López Soto

11|12|2021 · CASA DO POBO DE CARNOEDO

Presentación do caderno de Estudos Locais nº37, Rafael Fernández Casas. Maxisterio e asesinato do mestre de Souto, cos autores A. López Soto e M. Pérez Lorenzo

17|12|2021 · CASA DA CULTURA

Presentación do caderno de Estudos Locais nº36, A lingua galega e a mocidade sadense na actualidade, co autor Xosé Anxo Seoane Cao

17|06|2022 · BIBLIOTECA DA CASA DA CULTURA

Presentación do libro *Alejandro Viana. Un galego á frote do rescate dos refuxiados republicanos*, co autor Roberto Mera

10|02|2022 · CAPELA DE SAN ROQUE

Presentación de tres poemarios de Ricardo Seixo a cargo do autor

08|03|2022 · BIBLIOTECA DA CASA DA CULTURA

Presentación do libro *Os libros que hai en min* , coa autora Emma Pedreira.

14|04|2022 · PASEO MARÍTIMO DE SADA

Ofrenda floral no monumento ás vítimas da represión franquista

17|06|2022 · CAPELA DE SAN ROQUE

Presentación do libro *Unha etapa estelar e conflictiva do reino de Galiza* , co autor Francisco Rodriguez. Actividade coorganizada coa Fundación Galiza Sempre

OUTROS

28|01|2022

A AC irmáns Suárez Picallo presenta aos grupos do parlamento de Galicia 1745 sinaturas que avalan o Dereito de Petición da declaración BIC do museo Carlos Maside

22|04|2022

Visita ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, guiada por César Resch Zafra e cunha charla de Tino Fraga.

04|06|2022

Excursión ao concello de Ortigueira, colaborada pola Asociación Cultural Terras de Ortegal.

FISIOTERAPIA SADA
981 623 411 - 618 818 174
fisioterapiasada@gmail.com

Librería LÓPEZ
Linares Rivas, nº 33 - 15160 SADA Tlf: 981 62 11 09

PANADEROS desde 1948
Carnoedo
PASTELERÍA · HELADERÍA
CARNOEDO
Chan da Aldea, 14
981 623 225
FONTECULLER
Avda. Fonteculler, 27-29
981 650 225
SADA
R/ Pontedeume, 7
981 624 695
A CORUÑA
R/ Juan Flórez, 62
981 912 391

Albayzín
Tetería - Bar
Rúa da Obra 6 SADA (A Coruña)

Siempre estas, donde quieres estar
Solana
~ Terraza ~
Avenida del Puerto nº5 - Sada - La Coruña

areal
revista cultural de Sada
SE QUERES COLABORAR CON NÓS, PODES FACERTE SOCI@ DA A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO EN AREAL.GAL

SERICUM graphe
TALLER DE SERIGRAFÍA - DENDE 1979 -
RÚA VENEZUELA 3 - SADA 677 702 747
SERICUM_GRAPHE INFO@SERICUMGRAPHE.COM
WWW.SERICUMGRAPHE.COM

Panadería
M. COBOS

ESPECIALIDADES
Empanada Gallega - Tortas de Anís
Bollería de todo tipo - Tartas caseras
Torta Roscón

Rosalía de Castro, 4 bajo izqda.
15160 FONTÁN - SADA (A Coruña)
Telf. 981 620 973

PABLO PITA
PELUQUERÍA MASCULINA

AV DA MARIÑA Nº 18-19 | ENTRESUELO B
TELÉFONO PARA CITAS: 722793090
TAMBIÉN CITAS POR WHATSAPP

avda. do porto, 30

Roberto Ríos
centro de peluquería belleza y bienestar
ESCUELA DE DANZA CARMEN LOPEZ
Baile peques, jazz, zumba, ballet adultos, bailes latinos, GAP-ABP, danza del vientre, pilates
Síguenos en facebook
C/Betanzos, 1-bajo 15160 SADA (A Coruña)
Telf.: 881 872 352

BEBES Y JUGUETES
Plaza de la Iglesia, Nº 1
Telf.: 981.62.38.78
BICIS Y JARDÍN
Calle Chaburra, Nº 12
Telf.: 981.62.36.05
ciclos Paco

BAR
A Nosa Viña
C/. Obra, nº 12 - 15160 SADA (A Coruña)
Tfno: 679 648 367

EL ESTANCO de Papi
Avda. Barrié de la Maza, 64.
15160 SADA

Marichelo
Lencería
Avda. Da Mariña, 13 - Telf.:981 620 418
SADA

Taberna
A Perla
CARNES Y PESCADOS A LA PIEDRA
RESERVAS
881 943 754 - 658 370 637
Praciña do Conde, 5, SADA - A Coruña

Galerna
CERVECERÍA - MESÓN
Avenida del Puerto, 25 – 2
Telf.: 981 977 020
SADA

MESÓN
Costa da Morte
981 62 19 78
Travesía Delicias, n. 4
15160 Sada

asesoría pérez
Administración de fincas · Seguros
A. Fiscal y Laboral · Inmobiliaria
Avda. República Argentina, 24
Telf.: 981 62 02 83 · Fax: 981 62 14 42
Móvil: +34 687 717 098
Email: asesoriaperezweb@gmail.com
15160 SADA (A Coruña)
www.asesoriaperez.es

IC CENTRO DE FISIOTERAPIA
Inés Calaza Cal Col. Nº 990
C/La Laguna 44, bajo 7
15160 Sada (A Coruña)
662 42 85 43
ic.fisioterapeuta@gmail.com

covad'anca
fontán - sada

alda hotels
BEST PRICE, LOCATION AND SERVICE

COPITECdixital
www.copitecdixital.com
imprime, copia, escanea, envía
info@copitecdixital.com 981 77 50 69 660 399 765
C/ Rosalía de Castro 14 b 15.00 BETANZOS - A Coruña

TUMBADOIRO
GEAR SOLUTIONS
www.tumbadoiro.com
R/Tumbadoiro 13, 15168
Meirás, Sada (A Coruña)
Telf.: +34 981 62 33 83
Fax: +34 981 62 10 37
Email: tumbadoiro@tumbadoiro.com

CASA DA CULTURA "PINTOR LLORÉNS"
CAFETERÍA
Avenida do Porto, 15160 Sada, A Coruña

ArtBy's
GALERÍA DE ARTE
San Andrés, 122 15003 A Coruña.
981.905.449 680.430.779 Artbys.es

AREAL NON SE RESPONSABILIZA DA OPINIÓN DAS AUTORAS E AUTORES

www.areal.gal

NA VILA DE SADA
ROCK FOR LIGHT
FERMOSAS TATUAXES FEITAS POR PÉREZ NA PRIMEIRA TRAVESIA DA OBRA PRA XENTE DO SEU RUEIRO OU PRA QUEN AS QUEIRA LEVAR NO SEU CORPO
IDEIA NASCIDA
NA VILA DE VIVEIRO
E MAIS ESCOIRAS DE SILÁN

Copy Sada
Centro de impresión digital
Estampación textil
Impresión 3D
Ploteos- Rótulos
Praza da Igrexa Nova, 16
15160 - Sada, A Coruña
Telf: 881.892.983 - 644.633.884
ventas@copysada.com

MESÓN NORDESTE
FONTAN - SADA

Opinión e actualidade

[1] A entrevista: Paco Pita

[5] Colectivos de Sada. ASPACE

[7] Mimina e a misoxinia na concepción da arte | Amara Fontão

[9] A mansedume do tempo ferido | Manuel Lugrís Rodríguez

[13] As fenómenas Tanxugueiras | Mercedes Leobalde

Estudos Locais

[19] Memoria arredor da igrexa de Meirás | Carlos Babío Urkidi

[26] O inexplicable abandono do Museo Carlos Maside | Miguel Anxo Rodríguez González

José María Montes. 1822-1922: bicentenario do seu nacemento

[32] Notas biográficas | Redacción

[34] «Paladín de la honra de Galicia». A obra xornalística de José Mª Montes | Manuel Pérez Lorenzo

[40] «José María Montes: poeta entre dous mundos | Rubén Anido Regueiro

Estudos Xerais

[46] O barco da liberdade De Galiza a México con Florencio Manuel Delgado Gurriarán | Cris Asensio Fernández

[52] Día das Galegas nas Letras 2022: Luísa Villalta | Beatriz Maceda Abeleira

Documentos

[53] 1932. Un mitin e unha charla de Ramón Suárez Picallo

[54] A imaxe comentada | Memoria de Sada

[55] O currruncho da lingua | Mercedes Leobalde

[59] As recomendacións de Sergio Modia

Xuvenil

[60] A pegada galega | Claudia Varela Lourido

[61] O Día de Rosalía no CEIP Mosteirón | Alumnado do CEIP Mosteirón

[63] O HMHS Britannic | Xacobe Anido Castro

Creación

[70] Rubén Anido Regueiro | Paris Joel | Xosé Anxo Seoane Cao | Helena Villar

[82] Memoria de actividades

edita

patrocinan

CONSULTA TAMÉN A REVISTA ÍNTEGRA NA SÚA EDICIÓN DIXITAL

www.areal.gal